Sobre o grao de cumprimento dos obxectivos de reutilización e reciclaxe de residuos urbanos fixados polo Goberno galego para o período 2010-2022, o balance dos contratos adxudicados para o deseño e execución de actuacións de mellora na xestión de residuos e a situación comparada de Galicia nesta materia

- 4414 (12/PRE-000470)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria

Sobre o estado de conservación das especies endémicas ameazadas das áreas de serpentinas de Melide, a súa evolución entre 2009 e 2019 e as principais ameazas, así como sobre as previsións respecto da aprobación do seu plan integral de recuperación e conservación

- 4438 (12/PRE-000471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo do cumprimento das resolucións que demandan a declaración da casa natal de Carbalho Calero, en Ferrol, como zona de especial necesidade de rehabilitación (ZER)

- 4444 (12/PRE-000472)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a repartición territorial dos medios de loita contra os incendios forestais e a reestruturación dos distritos forestais

- 4450 (12/PRE-000473)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o cumprimento polo Goberno galego da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular, o prazo en que pensa aprobar a súa planificación nesta materia e os mecanismos de colaboración coas institucións locais que eventualmente poña en marcha

- 4455 (12/PRE-000474)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre a situación xerada nos centros educativos galegos que non teñen oferta abonda de prazas para matricular todo o alumnado solicitante

- 4471 (12/PRE-000475)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre o cumprimento polo Goberno galego dos acordos do Parlamento de Galicia en materia de normalización lingüística e dos pactos acadados cos estamentos que traballan en defensa da lingua galega

- 4476 (12/PRE-000476)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia



Sobre a resposta prevista pola Xunta de Galicia ante as solicitudes da ANPA do CEIP Mosteiro de Caaveiro, do concello da Capela, no referido ao aumento dos recursos deste centro para afrontar a demanda de prazas, así como sobre as ratios das unidades escolares e a calidade educativa no rural

- 4481 (12/PRE-000477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe a unha eventual reparación da rúa Chantada, en Monforte de Lemos

- 4488 (12/PRE-000478)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o resarcimento, á vista da anulación de parte das bases da convocatoria do Programa Impacto Autónomo de 2023, de moitas persoas traballadoras por conta propia e microempresas que quedaran inicialmente excluídas da condición de beneficiarias das axudas

- 4520 (12/PRE-000479)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as razóns de que aínda non se establecese a gratuidade da sanidade pública para todas as galegas e os galegos emigrantes retornados que non cotizasen nin en Galicia nin en España e as previsións que ten o Goberno galego neste aspecto

- 4531 (12/PRE-000480)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do inicio das actuacións destinadas a conseguir a gratuidade das autoestradas AG-55 e AG-57

- 4540 (12/PRE-000481)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre a evolución en Galicia da implantación do novo modelo do Rexistro Civil, a avaliación dos custos e das responsabilidades que supón para a Xunta de Galicia e a posibilidade de reclamar compensacións ao Goberno central polas funcións realizadas desde a Administración autonómica

- 4555 (12/PRE-000482)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre as recomendacións do Consello de Contas relativas á asistencia prestada polo Sergas con medios alleos e os compromisos que pensa adoptar o Goberno galego respecto do seu cumprimento, especialmente na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

- 4565 (12/PRE-000483)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara



Sobre a eventual realización dun balance das políticas desenvolvidas en materia de incendios forestais e o tipo e a distribución das medidas preventivas desde 2023 ata a actualidade, así como sobre os orzamentos dedicados

- 4580 (12/PRE-000484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre a evolución da presenza da lingua galega na actividade da Escola Galega de Administración Pública e as medidas que o Goberno galego prevé pór en marcha para que incremente o seu uso na formación que imparte e cumpra o establecido no Plan xeral de normalización lingüística

- 4600 (12/PRE-000485)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que o Goberno galego ten para o exercicio de 2024 en relación coas recomendacións recollidas no informe de fiscalización da Conta Xeral realizado polo Consello de Contas e as medidas de mellora da xestión e execución dos fondos europeos de recuperación

- 4616 (12/PRE-000486)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre o nivel de recursos sanitarios, materiais e humanos, existentes nos concellos da comarca do Salnés, así como sobre a súa planificación e a adaptación á demanda dos meses de verán

- 4621 (12/PRE-000487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a atención pediátrica no Centro de Saúde Monteporreiro, de Pontevedra, e as previsións do Goberno galego no que atinxe á cobertura de vacantes de profesionais sanitarios

- 4629 (12/PRE-000488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as diferenzas de cobertura dos servizos da HADO entre áreas sanitarias, a súa situación na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés e as condicións laborais do persoal sanitario que os integran

- 4633 (12/PRE-000489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Rodil Fernández, Olalla

Sobre os informes de seguimento que eventualmente elaborase a Xunta de Galicia do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023 e os datos, as análises e a avaliación que fai da súa execución

- 4674 (12/PRE-000490)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre as actuacións que prevé poñer en marcha o Goberno galego co obxecto de definir as grandes liñas dun novo plan de residuos municipais e, en concreto, do modelo de xestión dos biorresiduos

- 4683 (12/PRE-000491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción das recomendacións incluídas no último informe do Consello de Contas referido á situación económico-financeira das entidades instrumentais do sector público autonómico

- 4694 (12/PRE-000492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre o estado da estrada LU-651, na serra do Courel, despois do derrubamento producido en 2022, as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para resolver os problemas provocados e as súas previsións no que atinxe ao transporte escolar da zona e a unha rehabilitación integral da vía

- 4706 (12/PRE-000493)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a situación actual do Campus Terra, as condicións exixidas para a oferta de titulacións nos campus periféricos do Sistema universitario galego e a posibilidade de establecer unha discriminación positiva para fortalecelos

- 4721 (12/PRE-000494)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a disposición que manifesta a Xunta de Galicia ante a proposta de catalogar e dixitalizar toda a obra escrita de Benito Vicetto para celebrar o bicentenario do seu nacemento

- 4731 (12/PRE-000495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción das recomendacións do Consello de Contas relativas á situación económico-financeira das entidades instrumentais do sector público autonómico e, en concreto, do Igape e de Sodiga

- 4753 (12/PRE-000496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción en 2024 das recomendacións do Consello de Contas incluídas no informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022

- 4761 (12/PRE-000497)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis



Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da asunción en 2024 das recomendacións do Consello de Contas incluídas no informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio de 2022

- 4765 (12/PRE-000498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a situación xerada na praia de Laxe polos efectos da acumulación artificial de area no paseo marítimo e as medidas que adoptou o Goberno galego, así como as que pensa adoptar, para conseguir unha solución a este problema

- 4771 (12/PRE-000499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a dotación de persoal do Punto de Atención Continuada de Lugo e a resposta prevista pola Xunta de Galicia ante as demandas dun incremento do cadro de profesionais

- 4784 (12/PRE-000500)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o prazo para o remate das obras de mellora no Hospital Materno-Infantil do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir mentres tanto a atención adecuada ás pacientes

- 4779 (12/PRE-000501)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o balance dos últimos programas do Goberno galego orientados aos parados de longa duración e as medidas previstas cara á súa inserción laboral, así como sobre a actual taxa de actividade e de parcialidade involuntaria en Galicia

- 4795 (12/PRE-000502)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os proxectos de restauración de ecosistemas mariños e a súa biodiversidade elaborados pola Xunta de Galicia para encadrar no compoñente 4 dos fondos Next Generation, os que estimou o Goberno central e o seu estado de execución

- 4799 (12/PRE-000503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as demoras e as previsións respecto da construción do Centro de Saúde de Meis

- 4805 (12/PRE-000505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis



Sobre a posta en funcionamento dos puntos de encontro familiar (PEF) de Verín, Lalín e Cervo e as previsións do Goberno galego no que atinxe ao incremento destes centros ao longo de Galicia

- 4790 (12/PRE-000506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as razóns do mantemento por parte da Xunta de Galicia, considerando a desigualdade de acceso ás telecomunicacións, de criterios que priman a orde cronolóxica de recepción das solicitudes nas convocatorias de tramitación telemática de axudas e subvencións en réxime de concorrencia non competitiva

1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 4417 - 821 (12/PRE-000033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a formalización do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense referido ao programa Xantar na Casa, así como respecto da integración neste programa dos anteriores beneficiarios do servizo municipal coñecido como Comedor sobre Rodas

- 4416 - 1588 (12/PRE-000148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre a situación que está xerando no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes I de Vigo a acollida de usuarios con patoloxías psiquiátricas ou drogodependentes, así como respecto das previsións que ten a Xunta de Galicia para a resolución do problema

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 29 de maio de 2024, pola que se admite a trámite o escrito da deputada María Elena Candia López polo que comunica a súa renuncia como presidenta da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes (doc. núm. 5048)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 5048, o escrito da deputada María Elena Candia López polo que comunica a súa renuncia como presidenta da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.



A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

1º. Tomar coñecemento da renuncia de María Elena Candia Lopez como presidenta da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás razóns da Xunta de Galiza para non enviar representación institucional á clausura da MITEU e á valoración do goberno galego da edición de 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ourense é unha cidade de vocación teatral que ten na súa historia recente diversos festivais de teatro xa consolidados, malia a progresiva perda de apoio institucional. Entre eles, salienta a celebración anual entre abril e maio da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense, a MITEU.

Neste 2024 esta Mostra celebrou a súa 29 edición entre o 11 de abril e o 9 de maio con máis dunha vintena de actuacións en distintos espazos, ofrecendo un ano máis a posibilidade de ver os espectáculos de diferentes aulas universitarias e tamén de compañías profesionais, ofrecendo a posibilidade ao público de desfrutar do talento de entidades galegas, estatais e tamén internacionais como Colombia ou Mozambique.

Na clausura desta edición as e os organizadores facían un balance máis que positivo do retorno e impacto social desta Mostra. Acudiron máis de 4.500 espectadores e espectadoras aos eventos, sen contar o impacto das actividades de rúa que estendería esta cifra, o que supón unha media de aproximadamente 200 por función, desmontando os discursos institucionais que xustifican a falta de apoio na falta de acollida da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sociedade ou na falta de retorno. Nesta Clausura premiábase ao Cine Clube Padre Feijoo, cuxos representantes facían fincapé na vocación compartida na creación de público e no empeño de traer a Ourense mostras culturais de primeira. Cabe recordar que este é un dos cineclubes máis activos e antigos de Galiza, aínda sen local propio, e que mantén unha ampla actividade.

Entre as entidades colaboradoras atópanse distintas empresas privadas, o Vicerreitorado da Universidade de Vigo, a Deputación de Ourense ou a Xunta de Galiza, que non acudiu ao acto de clausura.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a valoración do goberno galego da 29 edición da MITEU?

E do seu propio apoio institucional? Considera necesario un incremento de cara ao 30 aniversario?

Cal é a valoración do goberno galego, como máxima entidade responsable da protección da cultura en Galiza, a obstaculización do Concello de Ourense?

Cales son as razóns de que non acudise unha representación institucional da Xunta de Galiza á clausura da 29 edición?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/05/2024 09:25:43

Mercedes Queixas Zas na data 20/05/2024 09:25:48

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/05/2024 09:26:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a mellora do pavimento no entorno portuario do concello de Foz.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A circulación en todo o traxecto no entorno da explanada portuaria do concello de Foz, cara ás instalacións do Clube Kayak, ten o firme moi deteriorado. No verán de 2022, o Goberno Local de Foz instou a Portos de Galiza á súa mellora. Durante eses meses moitos visitantes usaron as fochancas da explanada a modo de papeleira e mesmo plantaron simbolicamente pólas para marcar esta eivas.

Informado Portos de Galiza pola Concellería do Mar, resolveu tapar as fochancas provisionalmente. O BNG de Foz presentou unha proposta no pleno municipal en 2023 onde PP de Foz asegurou que Portos tiña “o asunto enriba da mesa”.

Pese a esta afirmación o concello segue á espera de acondicionar debidamente este espazo de uso cotián para moitos veciños e visitantes. Alén disto, recentemente, en marzo de 2024, o agora xa confirmado Conselleiro Villares, anunciou que investirá 263.000 euros en obras de mellora dos pavimentos das dársenas autonómicas da comarca da Mariña ao longo deste 2024, pero novamente non inclúe á de Foz.

A mesma situación de desleixo repítese con outras instalacións portuarias como en Tupide. Hai xa oito anos que o Parlamento Galego acordou por unanimidade a execución de obras urxentes para garantir a seguridade, o calado e o aumento de prazas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de atraque nese porto, e nada se fixo aínda, neste caso hai tamén un anuncio sen orzamento de que se van realizar agora, mais novamente sen avances.

Por último, outras iniciativas para a mellora da seguridade no espazo non se contemplan. Medidas como a aprobada por maioría do Pleno de Foz en xullo de 2022 e novamente en 2023 esixindo informar vía cartelería e sinalética, para facer cumprir a limitación da velocidade e uso de embarcacións de recreo no entorno portuario.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Xunta de Galiza mellorar o firme e pavimentación dos espazos portuarios do concello de Foz?
- Vai a Xunta de Galiza cumprir á fin o mandato parlamentario e adecuar o porto de Tupide para un uso seguro e mellorar as instalacións de atraque?
- Canto vai tardar a Xunta de Galiza en dar resposta ao acordo plenario do Concello de Foz de xullo de 2022 e adecuar a sinalización dos límites de velocidade e de uso de embarcacións de recreo no entorno portuario?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/05/2024 09:36:07

Rosana Pérez Fernández na data 20/05/2024 09:37:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto, Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres e Sonia Vidal Lamas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a vespa velutina.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A avesa velutina chegou a Galiza no 2012, data dende a cal a especie exótica invasora se estendeu rapidamente, comezando a súa expansión por dúas poboacións no país, unha situada en Miño e outra en Burela. A ocupación territorial foi aumentando durante estes 12 anos, chegando a todos os puntos da nosa xeografía, cunha cantidade de niños localizados que se cuantificaban por decenas ao inicio e na actualidade se rexistran en milleiros, nun crecemento e expansión do número de colonias da especie alarmante.

En 2023 aumentaron un 40% o número de avisos con respecto ao ano anterior, rexistrándose 56500, cunha retirada de niños que ascendeu de xeito exponencial ata os 29500. Cabe destacar que a retirada destes en 2014 foi dun número de 572, aínda que se localizaran 946, sen ser posible acceder ao resto naquel momento, cun aumento da súa presenza de máis do 3000% nestes anos, sen que as medidas implantadas tivesen capacidade sequera de estabilizar a poboación do Tártago de patas amarelas. Hai que lembrar, que os niños avistados son un cuarto dos que realmente existen segundo estudos ao respecto, daquela a situación tórnase dramática ao realizar cálculos, onde sendo estritos estaríamos fronte a un número de niños que se achegaría aos 120000 no 2023.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A especie que nos ocupa é da familia dos vespídeos e ten un tamaño aproximado de 20mm, sendo máis grandes as raíñas, que poden chegar a 35mm de longo. Estas últimas teñen un ciclo no que, tras un período de hibernación, emerxen durante a primavera para establecer unha nova colonia e comezan así, a construción do niño primario. Tras iso, a partires de maio e xuño, trasládanse para crear o niño secundario, dende onde emerxen novas obreiras e a finais de verán saen as femias fecundadas para dispersárense dende o cabo de agosto ata outubro. Neste período os machos e as obreiras morren e as futuras raíñas comezan a hibernación de novo. A fundadora só pode formar un niño por ano, de xeito que actuar en especial sobre estes individuos pode modificar moito os seus efectos futuros, dado que coa captura dunha soa raíña podemos evitar que emerxan entre 1500 e 2000 obreiras do hipotético niño derivado desta.

A vespa velutina ten un comportamento moi depredador e voraz, cunha alimentación baseada en néctar e froito maduro no caso dos adultos, mentres as crías se alimentan de abellas (nun 80%) e outros insectos polinizadores, que tamén lles son presa. O alimento para os individuos máis novos da colonia céntranse sobre todo en heminópteros e dípteros, arañas, froito e carne doutros vertebrados, daquela, no verán, ao ter que alimentar ás crías convértese nun depredador moi especializado. Trátase, deste xeito, dun grave problema con efectos ambientais, sociais e económicos, afectando incluso á seguridade das persoas, acumulando en Galiza 10 casos mortais dende a súa chegada ata finais do pasado ano, o derradeiro deles un veciño de 78 anos da provincia de A Coruña.

Este devir da especie invasora, que segundo datos da Xunta de Galiza se multiplicou no 2023 un 56% con respecto ao 2022, pon en grave perigo ás explotacións apícolas do país, sector dende o cal se contabilizan ata nun 40% as perdas no rendemento. Máis non hai que esquecer que as abellas, ademais de non producir por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medo a saír da colmea e ser vítimas dos ataques destes depredadores, vense debilitadas por falla de recría e de alimento, perdéndose moitas colonias cada tempada.

A incapacidade da Xunta de Galiza no control e xestión da praga da velutina, non só afecta a produción de mel no sector alimentario, tamén ten graves consecuencias na produción de froita, entre a que destaca a do sector vitivinícola. Todas as D.O. de Galiza se ven afectadas polas perdas derivadas especie invasora, ademais de polo froito que inxiren, tamén polo que estragan, xa que se resta calidade no produto por oxidación das uvas que non chegan á bodega en estado sanitario idóneo, engadindo peligrosidade ao propio desenrolo da actividade dos produtores na recollida.

Evidénciase, cos datos recadados anualmente, que os plans de control, vixilancia e erradicación da vespa velutina en Galiza levados a cabo pola Xunta non están dando resultado. Na primeira etapa da invasión da vespa velutina, o goberno eludiu a súa responsabilidade deixándolle a xestión dunha praga que afecta a todo o país enriba aos apicultores e agora trae medidas ano tras ano que non demostran a súa efectividade, con datos claros que amosan a súa ineficacia.

Precisamos, fronte ao continuo crecemento de avisos e detección de niños de velutina que ascende ano tras ano, unha rede coordinada, transparente e efectiva na destrución e verificación deses niños. É necesaria a implicación de todos os apicultores, que se traballe con eles de xeito protocolizado e ordenado coa Consellería de Medio Rural e Medio Ambiente, tanto no tempo coma no territorio, actuando multidisciplinarmente coa combinación de distintos métodos de loita contra as raíñas, as obreiras e os machos ao longo do seu ciclo vital, de xeito que o traballo sexa efectivo e en Galiza se vexan resultados acordes co gasto que se está levando a cabo con medidas, aparentemente estériles a vulgar pola deriva que sofren os sectores máis afectados.

O día 5 de novembro de 2023 celebrouse en Chantada, organizado por AGA (Asociación Galega de Apicultura) en colaboración co GDR, o I Congreso de Control





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Velutina, onde foron presentadas experiencias doutras áreas do Estado e do que xurdiron conclusións que deberan ser tomadas en conta por parte da Xunta de Galiza nunha loita que, a xulgar polos datos, non estamos precisamente avanzados, tanto no caso dos métodos de contención e trampeo coma nos estudos científicos, formación e datos ofrecidos ao respecto desta grave problemática que atinxe a todo o país.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Continúa a Xunta de Galiza considerando que a praga da vespa velutina esta semicontrolada?

. Cónstalle á Xunta de Galiza que os niños de velutina inactivos por estar mortos ou as falsas alarmas de niños se cobran de igual maneira por parte de SEAGA que se se fixera unha neutralización habitual?

. Verifica a Xunta de Galiza a neutralización dos niños de velutina que leva a cabo SEAGA?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Secundino Fernández Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 20/05/2024 10:35:48

Sonia Vidal Lamas na data 20/05/2024 10:38:44

Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/05/2024 10:39:03

Secundino Fernández Fernández na data 20/05/2024 10:39:27

Luis Bará Torres na data 20/05/2024 10:39:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González, Iago Suárez Fernández e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao non cumprimento do horario de orto a solpor dos helicópteros que prestan o servizo para o 061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vimos de coñecer que, máis unha vez, os helicópteros que prestan o servizo de emerxencias extrahospitalarias do 061 non están a cumprir o estipulado no contrato, que establece que o servizo prestarase de orto a solpor os 365 días do ano.

Dende o 19 de marzo este período excede das 12 horas, tempo máximo que poden prestar servizo continuado @s pilotos dos mesmos segundo a normativa en vigor, polo tanto para dar cumprimento á totalidade do horarios son precisos dous equipos tanto para a base de Santiago coma para a de Ourense, o que non está a acontecer.

Desta vez foi a Xunta de Persoal do 061 a que denunciou que o helicóptero con base en Santiago non estará operativo desde o 17 de maio ao 21 dende as 18.48 a pesares de ter que prestar servizo até as 21.48, hora do ocaso.

A CIG denunciou, hai un mes, que o mesmo helicóptero estivo inoperativo durante cinco días para labores de mantemento, entre o 15 e o 19 de abril, sen poñer a prestar o servizo un helicóptero de reserva como establece o prego de condicións do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contrato; polo tanto está inoperatividade non está causada por un imprevisto senón que se trata dunha intervención programa para a instalación dunha caixa de comunicación que os pregos establecen como obrigatoria.

A Xunta é coñecedora destes incumprimentos, que supón desatención ás emerxencias que poidan xurdir. A súa falta de actuación é unha mostra clara da connivencia coa empresa Eliance, concesionaria do servizo, toda vez que é reincidente no incumprimento do horario.

A Xunta ten que dar explicación de por que lle permite á empresa concesionaria dun contrato de máis de nove millóns de euros este incumprimento, máxime cando é reincidente. Ten que deixar de actuar de comercial das empresas que prestan servizos para o Sergas, deixar de por en risco a vida e a saúde d@s galeg@s, e polo tanto esixirlle á empresa o cumprimento do establecido nos pregos de licitación e polo tanto cubrir a totalidade do horario comprendido entre o orto e o solpor.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que lle permite a Xunta de Galiza á empresa Eliance concesionaria do servizo de helicópteros do 061 non cumprir o horario de orto a solpor establecido no contrato?

Cantas foron as emerxencias ás que tería que ter acudido o helicóptero nas tres horas diarias que non prestou servizo, os dispositivos que se mobilizaron no seu lugar, tempo...?

Cando vai priorizar a saúde d@s galeg@s e non a conta de resultados das empresa ás que lle ten concesionados servizos o Sergas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai esixirlle e á empresa contar cos recursos precisos para prestar o servizo de orto a solpor en todo momento?

Ten aberto algún expediente sancionador por esta incumprimento?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Ariadna Fernández González

Iago Suárez Fernández

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/05/2024 11:11:12

Iria Carreira Pazos na data 20/05/2024 11:14:52

Ariadna Fernández González na data 20/05/2024 11:15:28

Iago Suárez Fernández na data 20/05/2024 11:15:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 20/05/2024 11:16:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta escrita**, sobre a necesidade de ampliar a oferta formativa en interpretación de
lingua de signos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, estímase que existen en Galiza uns 800 intérpretes titulados
mediante a formación regulada na Titulación de Técnico Superior de Interpretación da
Lingua de Signos e Guía-intérprete de Persoas Xordocegas que se impartiu no CIFP
Ánxel Casal da Coruña entre os cursos 2000-01 e 2015-16.

Nesta altura, desde hai 8 anos, en Galiza non dispomos de oferta formativa desa
cualificación oficial profesional, pois o Ciclo Superior de Mediación Comunicativa non
alcanza os obxectivos nin o grao de formación que si atendía a mencionada e xa extinta
titulación.

Este baleiro formativo existente desde o ano 2016 está a ter consecuencias ben
evidentes que afectan ao desenvolvemento da vida diaria das persoas cegas e
xordocegas, derivadas da oferta insuficiente de intérpretes en disposición de traballar e
de atender as demandas dos servizos de interpretación.

Ao non se acrecentaren novas promocións de tituladas, non se pode garantir a
dispoñibilidade de profesionais para traballar nos distintos sectores nos que se precisan,
é dicir, no acceso aos servizos públicos (ensino, sanidade, ámbito xurídico,
administrativo...), o ámbito asociativo e os servizos privados puntuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta preocupante situación, contrastada coa delegación galega da Federación Española de Intérpretes de Lengua de Signos y Guías-Intérpretes e mais coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas, aínda se ve agudizada pola imposibilidade de accederen os profesionais da interpretación a estudos de grao no sistema universitario galego para avanzar na súa especialización.

Poder optar á formación universitaria de intérpretes de lingua de signos abriría a posibilidade de que os actuais profesionais, estean ou non en activo, poidan optar a unha titulación superior para poder obter mellores condicións de traballo.

Nesta altura esta formación só é accesíbel fóra de Galiza, o que dificulta, cando non imposibilita, as facilidades para o seu acceso, tanto para persoas traballadoras con vontade de ampliaren a súa formación como para novas estudantes.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É coñecedora a Xunta da insuficiente oferta de profesionais da interpretación en lingua de signos para atender as necesidades reais da poboación xorda?
- Concorde o goberno coa necesidade de ampliar a oferta formativa en interpretación de lingua de signos na oferta pública da formación profesional?
- Está a traballar o goberno galego nunha proposta educativa que permita ofrecer desde o sistema universitario galego a demandada formación de grao en interpretación de lingua de signos que permita reverter a insuficiente oferta de profesionais?
- En que prazo prevé chegar unha solución que comece a resolver o problema crecente de insuficiente oferta de intérpretes de lingua de signos por ausencia de formación académica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Comprométese a habilitar títulos propios nas universidades mentres non se chegue a implantar o novo grao?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/05/2024 11:37:09

Iria Taibo Corsanego na data 20/05/2024 11:38:15

Daniel Castro García na data 20/05/2024 11:38:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o desenvolvemento e xestión do *Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do estado prevé o impulso de medidas e a mobilización de fondos europeos para abordar transformación estruturais. Entre elas, o impulso da mellora da eficiencia enerxética, e máis concretamente, actuacións de rehabilitación e mellora do parque construído. A compoñente 2 deste instrumento márcase como obxectivo adecuar o parque edificado para mellorar a súa cualificación enerxética. Nesa liña o goberno do Estado aprobou o Real Decreto 853/2021, de 5 outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Este real decreto articula e regula entre outros o Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio.

O obxecto deste programa é a realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios de uso predominante residencial e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, e de urbanización ou reurbanización de espazos públicos dentro de ámbitos de actuación denominados contornos residenciais de rehabilitación programada (ERRP) previamente delimitados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza notificou ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a aceptación da transferencia de crédito para este programas e asume, en tanto que Administración competente na materia, a xestión das mesmas. Mediante a *RESOLUCIÓN do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se abre o prazo de participación para a anualidade 2022 (código de procedemento VI406H)*, regula o procedemento a través do cal os concellos interesados poidan participar neste programa.

Esta resolución foi posteriormente modificada para corrixir os criterios de vulnerabilidade económica publicados na anterior resolución. Neste sentido, resulta rechamante que a resolución fose corrixida o 6 de febreiro de 2023, cando o prazo para a presentación de solicitudes abriuse o 20 de xullo de 2022 e finalizou o 19 de outubro de 2022.

A resolución da Xunta establece que son os concellos quen debe presentar a solicitude inicial ao IGVS e, posteriormente, este organismo examinará as solicitudes admitidas e realizará unha proposta de reparto da financiación entre os concellos. Só despois desta decisión, o concello pasa a ser a entidade xestora do programa. Por tanto o IGVS resérvase a capacidade para a selección e reparto de fondos, sen que se teñan feito públicos baixo que criterios.

Para alén desta modalidade de cooperación entre Administracións, o real decreto estatal tamén prevé a posibilidade de que sexa a propia CCAA a que impulse un ERRP en varios concellos, tendo que acreditar apenas a conformidade dos concellos afectados. En todo caso as propostas do executivo galego deberán ser remitidas ao Ministerio e lograr o acordo a través da comisión bilateral de seguimento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta que os prazos para o proceso de adxudicación das axudas e execución das melloras son cada vez máis reducido, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é o investimento inicial previsto para o *Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio*?

- Cal é o investimento executado para este programa na actualidade?

- Que concellos presentaron solicitude?

- Que concellos foron seleccionados?

- Cales son as áreas definidas como Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada?

- Cales foron os criterios e baremos concretos empregados para a selección de proxectos?

- Cales foron os criterios e baremos empregados á hora de elaborar unha proposta de reparto da financiación entre os concellos?

- Que investimento foi asignado a cada un destes concellos?

- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a execución deste programa?

- Por que a Xunta de Galiza corrixiu os criterios de vulnerabilidade económica logo da finalización do período de solicitude?

- Ten pensado a Xunta de Galiza realizar unha poroposta propia dende o IGVS de ERRP de carácter supramunicipal?

- Que reunións houbo e que acordos se teñen acadado no marco da comisión bilateral co goberno estatal?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 20/05/2024 11:57:58

Luis Bará Torres na data 20/05/2024 12:01:09





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A UICN (Unión Internacional para la Conservación de la Naturaleza) é unha unión de membros formada por organizacións e a sociedade civil, que constitúe a autoridade mundial en canto ao estado da natureza e as medidas necesarias para salvagardala. Esta entidade vén publicando desde 1964 a “**Lista Roja de Especies Amenazadas**”, que constitúe o inventario máis completo sobre o risco de extinción global de especies animais, fungos e plantas.

No último informe publicado en relación co ano 2023 a Lista Roja da UICN categorizou como especies en perigo de extinción (Perigo Crítico + Perigo) a 71 especies en Galicia, existindo unha concordancia de unicamente o 16,9 % e unha discordancia do 83,1 % entre as especies recoñecidas nesta lista e aquelas protexidas polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Pero ademais da protección das especies somos conscientes que nos enfrontamos a unha crise da natureza, con ameazas á biodiversidade en todo o mundo polo que é vital protexer e conservar tamén de maneira efectiva a maior superficie posible de zonas terrestres, de auga doce e océanos do mundo, para que estas poidan habitar.

Para este fin establecéronse as Áreas Clave para a Biodiversidade (KBA), recoñecidas coma lugares de importancia para a persistencia mundial da biodiversidade, e que serven de guía para a expansión de áreas protexidas.





En Galicia as KBAs ocupan unicamente un 3,7 % do territorio da comunidade, sendo este o valor máis baixo de toda España, por lo tanto, Galicia é a comunidade española que presenta menos territorio designado como Áreas Clave para a Biodiversidade. Por outra banda, se a isto sumamos que en relación cos espazos protexidos, protexe un 12 % de territorio galego, sendo este tamén un dos valores máis baixos de entre todas as comunidades españolas, concluímos afirmando que na actualidade Galicia é un dos territorios de España que menos aposta pola conservación ou protección da súa biodiversidade.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista cremos que este goberno ten que mellorar as súas políticas medioambientais e de conservación e protección da natureza, da súa flora e da súa fauna e por iso, solicitamos que se amplíe ese catálogo galego de especies ameazadas e que se mellore e complete o inventario galego actual de especies ameazadas, se amplíe o territorio considerado Áreas Clave para a Biodiversidade e se leven a cabo campañas para o coñecemento e implicación social na conservación destas especies.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que son suficientes as medidas de conservación e protección da biodiversidade existentes na actualidade en Galicia?
2. Como xustifica o Goberno galego que Galicia se atope á cola entre as CC.AA que menos aposta pola conservación ou protección da súa biodiversidade?

Parlamento de Galicia, 20 de mayo de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2024 12:17:41
Nº Rexistro: 4226
Data envío: 20/05/2024 12:17:41.998

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/05/2024 11:07:05

Carlos López Font na data 20/05/2024 11:07:18

CSV: B6PIS7BDCJYH4WQZ4K65
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13135

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a reparación das deficiencias na actuación realizada pola Xunta de Galiza na rúa Marcelo Macías de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza e o Concello de Ourense no ano 2018 asinaron un protocolo de colaboración polo a administración autonómica comprometiase á execución de actuacións na rede de estradas da cidade, nomeadamente nas rúas Marcelo Macías de Ourense. Segundo o acordado tras a execución das obras a titularidade das mencionadas rúas sería asumida polo Concello de Ourense.

No caso concreto da rúa Marcelo Macías (treito da N-540 que transcorre pola cidade de Ourense) a Xunta de Galiza asumiu o 100% do financiamento das obras. Así o 3 de xullo de 2020 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou o contrato para a reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías por un importe de 1.388.828,90 € (IVE incluído) cun prazo de execución de 12 meses.

Na execución das obras que consistían “na renovación e mellora do pavimento, dos sinais, das beirarrúas ou dos pasos de peóns, así como nas redes de abastecemento e de saneamento e do alumado público”, advertiuse a existencia de graves deficiencias. O día 20 de outubro de 2020 técnicos municipais informaron dunha defectuosa execución dos bordos, do recheo das gabias, nas conexións coas redes dos servizos de saneamento e abastecemento, emprego de materiais distinto ao previsto no proxecto...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Irregularidades que non foron corrixiadas, como se comprobou na visita dos técnicos e da dirección de obra na inspección realizada o día 28 de xaneiro de 2021 na que tamén se detectan novas deficiencias en arquetas, pozos de rexistro e na cualidade dos materiais que se seguían empregando.

Unha vez que a Xunta de Galiza considerou concluídas as obras e tras proceder a súa recepción, acordou o cambio de titularidade, a prol do Concello de Ourense, do treito da estrada OU-540, xunto co seu dominio público viario, que vai dende o p.q. 0,000 ao 1,150.

Non houbo moito que agardar para que os defectos construtivos se fixesen visíbeis e impedisen non só a normal utilización da vía, senón que provocasen importantes incomodidades e riscos para a veciñanza e as usuarias da estrada.

Meses despois de que se exteriorizasen as deficiencias xa denunciadas no seu día e de que a veciñanza e o BNG reiterase a necesidade de solucionar estes problemas, aínda non consta a existencia de actuación para a solución do estado da rúa.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cónstalle a Xunta de Galiza a existencia de informes de técnicos municipais que advertían de defectos na execución da obra de reparación de firme e servizos na rúa Marcelo Macías de Ourense?

Entende a Xunta de Galiza que na execución da obra houbo deficiencias que atinxían ás redes de saneamento e abastecemento municipal?

Certo que os materiais empregados en redes de saneamento foron diferentes aos que contaba no proxecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Realizaronse actuacións nas redes de saneamento sen a previa autorización dos servizos municipais?

No seu caso, cales e en que datas?

Foron posteriormente autorizadas?

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza para corrixir as deficiencias detectadas polos técnicos municipais?

Considera a Xunta de Galiza que os desperfectos que actualmente presenta a rúa Marcelo Macías son consecuencia da obra realizada?

En caso contrario, cal é a orixe das mesmas?

Que xestións ou actuacións realizou a Xunta de Galiza para solucionar eses danos?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/05/2024 12:56:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 20/05/2024 12:59:39

Luis Bará Torres na data 20/05/2024 13:00:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás previsións da Xunta de Galiza para a dotación dun servizo permanente de ambulancia de soporte vital avanzado á comarca do Barbanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recursos sanitarios existentes na comarca da Barbanza non permiten a atención de patoloxías graves nin, en moitos casos, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado nin ter UCI o Hospital da Barbanza.

Na atención das patoloxías de gravidade, o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendíbel que esta comarca, cunha importante actividade económica con potencial risco, como é o traballo no mar e unha importante actividade industrial, non teña un hospital con UCI e non conte con ningunha ambulancia de soporte vital avanzado, é decir, dotada cun equipo humano especializado, con persoal facultativo e de enfermería e coa dotación de equipos necesarios para atender emerxencias de gravidade.

Foron estes, entre outros, os motivos que no ano 2019 levaron a máis de 4.500 persoas e a diversos colectivos e entidades da comarca a asinar unha petición para conseguir que o hospital comarcal conte cunha ambulancia medicalizada do 061.

Sobran as razóns que xustifican a necesidade dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca da Barbanza e por iso o BNG, que considera imprescindible





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta dotación para non seguir a poñer en risco a saúde e a vida dos veciños e veciñas da zona, vena demandando mediante emendas presentadas aos orzamentos da Xunta nos últimos anos, ou solicitando a súa inclusión nos concursos para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre realizados por parte da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061, dependente do SERGAS, demandas que ata o de agora non foron tidas en consideración.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos recursos sanitarios da comarca da Barbanza para atender as patoloxías e os casos máis graves?

. Que valoración fai da inexistencia de UCI no hospital comarcal e de ambulancia de soporte vital avanzado?

. Considera que as características -poboacionais, socio-laborais e sanitarias, entre outras- da comarca son as necesarias para poder contar cunha ambulancia de soporte vital avanzado? De ser así, por que razón non se ten incluído nos concursos para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre do 061? De non ser así, cais son as características ou requisitos que sería imprescindible cumprir, segundo a Consellaría de Sanidade, para poder contar con esa dotación?

. Que valoración fai da mobilización social que xa no ano 2019 levou a un importante número de veciños e veciñas e de entidades da comarca a solicitar unha ambulancia de soporte vital avanzado?

. Vai a Xunta de Galiza a ter en conta esta demanda nos vindeiros orzamentos para o 2025? De non ser así, por que razón?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/05/2024 13:14:45

María Montserrat Prado Cores na data 20/05/2024 13:16:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a reconstrución do campo da Chan da Barcia en Ponte Caldelas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de novembro de 2023 unha enchente no río Verdugo desfixo e arrastou o campo de fútbol de herba sintética da Chan da Barcia en Ponte Caldelas. Ademais das contiosas perdas económicas e do perxuício para o desenvolvemento da actividade deportiva, a enchente tivo graves consecuencias ambientais porque a riada arrastrou 30 toneladas de recheo de caucho granulado ao cauce do río Verdugo con afección tamén á ría de Vigo.

O caucho granulado está fabricado no 100% a partir de pneumáticos e ten na súa composición hidrocarburos aromáticos policlínicos e outras substancias contaminantes para o medio e o ser humano. Por esta razón, a Unión Europea prohibiu usar este material en instalacións lúdicas e deportivas a partir do ano 2031.

Malia estes antecedentes e a repetición de episodios de enchentes no río Verdugo, o concello de Ponte Caldelas licitou a reconstrución do campo coas mesmas características técnicas e a mesma ubicación da anterior instalación. Esta tramitación baséase no feito de que os terreos do Campo da Chan da Barcia están situados fóra da zona de perigo nos Mapas de perigosidade e risco de inundacións das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs) da demarcación Galicia-Costa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais a realidade é que nos últimos 10 anos o campo de fútbol de Chan da Barcia inundouse polo menos tres veces (16 de outubro de 2014, 8 de xaneiro de 2016 e 4 de novembro de 2023), con danos importantes nas dúas últimas ocasións.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas vai adoptar a Xunta para evitar o grave impacto ambiental e para a saúde que supón o vertido de toneladas de caucho granulado ao río Verdugo e á ría de Vigo?

Valora a Xunta a opción de traslado do campo de fútbol da Chan da Barcia en Ponte Caldelas a unha zona sen risco de inundación?

No caso de manter o campo de fútbol no emprazamento actual, vai o goberno galego colaborar co concello de Ponte Caldelas para levar a cabo a reconstrución do campo de fútbol desbotando o uso de caucho granulado e utilizando recheos feitos con materiais naturais?

Vai o goberno galego iniciar o procedemento para a revisión do Mapa de perigosidade e risco de inundacións das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs) da demarcación Galicia-Costa, para incluír os terreos de Chan da Barcia en Ponte Caldelas nas zonas de perigo e na área de asolagamento con retorno de 500 anos?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 20/05/2024 13:30:28

Alexandra Fernández Gómez na data 20/05/2024 13:31:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Pérez López, Daniel Castro García e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa aos orzamentos do exercicio do 2023 sen executar pola Consellaría do Mar e ao seu reinvestimento no propio sector pesqueiro e marisqueiro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Memoria dos Orzamentos da Consellaría do Mar correspondentes ao actual 2024 recolle que “ten especial relevancia contar cunha ferramenta orzamentaria capaz de dar pulo constante a esta actividade e ás súas potencialidades”, malia que nos últimos anos os datos en caída constante do sector pesqueiro e marisqueiro galego son o exemplo máis claro de que os orzamentos e a súa nefasta xestión non foron capaces nin “de dar pulo constante” á actividade nin tampouco “ás súas potencialidades”.

Pola contra, o documento orzamentario indica, ano tras ano, o abandono progresivo dun sector punteiro da nosa economía: Incremento absoluto totalmente insuficiente, un nivel relativo de execución orzamentaria destacadamente baixo, excesivas modificacións de creto á baixa nunca explicadas e programas fulcrais para o desenvolvemento da actividade pesqueira e marisqueira que nin sequera chegan ao 50% da súa execución.

Os datos de modificación de cretos e execución do orzamento do 2023 volven a amosar as mesmas eivas que nos anos anteriores e, polo tanto, a cronificar unha xestión que pon de manifesto a falta de utilidade para refrotar o sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As modificacións de creto volven reducir os cretos iniciais, nesta ocasión nun -3,9%, de forma que os 211.974.000 euros totais orzamentados para 2023 diminúen en máis de oito millón de euros.

E, segundo os datos do Estado de Execución dos Orzamentos do 2023 a 31 de decembro de 2023, a Consellaría do Mar deixou sen executar 21.452.000 euros.

Polo tanto, deducidas as modificacións de creto á baixa e a cantidade que non se executou, o orzamento total da Consellaría pasou de 211.974.000 a 182.224.000. É dicir, case 30.000.000 menos do orzamentado inicialmente ou -14,1%.

En definitiva, unha perda de recursos orzamentarios que se produce cada ano e que vai en detrimento do propio sector pesqueiro e marisqueiro, do seu desenvolvemento e do seu potenciamento.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno da reiterada falta de execución orzamentaria da Consellaría de Mar?

. Que valoración fai da incidencia da diminución deses recursos, ano tras ano, no desenvolvemento e potenciamento do sector pesqueiro e marisqueiro galego?

. Ademais da deficiente execución orzamentaria, cal é a súa valoración respecto da diminución constante dos cretos iniciais da Consellaría? A que se debe?

. Están comprometidos os case 30 millóns de euros non executados pola Consellaría de Mar no 2023? De ser así, a que se destinaron? De non ser así, vai a Xunta de Galiza a reinvestilos para atender os múltiples problemas que apreman ao sector?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/05/2024 13:44:39

Daniel Pérez López na data 20/05/2024 13:44:44

Daniel Castro García na data 20/05/2024 13:44:51

Carmela González Iglesias na data 20/05/2024 13:44:59

Paulo Ríos Santomé na data 20/05/2024 13:45:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de ampliar e mellorar a depuradora da PLISAN que afecta aos concellos de Salvaterra de Miño e As Neves.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

23 anos despois do seu inicio, a PLISAN empeza a querer ser unha realidade. Chega tarde e con débedas aínda sen aboar aos propietarios dos terreos onde se asenta, pero esta área é imprescindible para o desenvolvemento industrial e loxístico da nosa Comarca e, sobre todo, para os concellos de Salvaterra de Miño e As Neves.

Este espazo industrial supón para o Condado-Paradanta un imprescindible polo de atracción económica e numerosas oportunidades laborais, nunha das comarcas con renda per cápita máis baixa de toda Galiza. Malia os recentes e visibles avances, as noticias ofrecidas polos promotores e polos Concellos onde está situada, todo apunta a que aínda vai tardar un par de anos en estar en pleno funcionamento a totalidade da infraestrutura industrial.

É o momento idóneo, pois, de insistir nos requirimentos que dende o BNG se levan feito nos últimos anos a través da Alcaldía das Neves e dende o grupo municipal de Salvaterra de Miño con respecto á depuradora de augas residuais instalada actualmente nos terreos da PLISAN e os problemas que está producindo entre a veciñanza dalgunhas parroquias destes dous concellos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta infraestrutura básica que permite reciclar ás augas que son desbotadas das empresas situadas na PLISAN na actualidade, produce de xeito constante malos cheiros que non responden aos estándares de calidade dunha instalación deste calibre, e que entorpece o desenvolvemento social destas parroquias, empobrecendo así as expectativas de crecemento e asentamento poboacional da súa área.

Resulta imprescindible que dende o Goberno da Xunta de Galiza se busque unha solución que resolva dunha vez por todas este gran problema ambiental. As explicacións e diagnóstico que no seu día ofreceron os xestores da planta era que ao contar cun único tipo de residuos (os da conserveira Albo) non se conseguía a adecuada depuración e por esa causa se producía o desagradable cheiro que afecta directamente ás persoas traballadoras e tamén á veciñanza.

Na actualidade, tendo en conta o impulso nas actuacións que se lle volve a dar a esta área industrial, a Xunta de Galiza volta ter unha gran oportunidade para avaliar e resolver esta situación. Acabar co cheiro e mellorar a situación ambiental do regato Xuliana. E aproveitar amais esta avaliación para poder ampliar a infraestrutura para que a mesma dea servizo a núcleos de vivendas próximos que aínda non teñen rede de saneamento na actualidade. Un servizo básico tan necesario nun momento onde é obriga da administración facer un esforzo para ofrecer unha transición verde que preserve o noso planeta cara a futuras xeracións.

Dende o BNG incidimos na necesidade dunha negociación entre a Xunta de Galiza, os Concellos e os promotores da PLISAN para que o saneamento de boa parte das Neves se leve a esas instalacións de xeito eficiente, substituindo así a decantadora de Liñares, nas Neves, e acabando cos problemas que produce entre a veciñanza a actual instalación da EDAR.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Xunta de Galiza realizar un estudo sobre o funcionamento da actual Depuradora de augas residuais instalada na PLISAN e que produce cheiros nos núcleos veciñais máis próximos no Concello de Salvaterra de Miño e As Neves, así como da calidade ambiental da mesma, recuperando o regato Xuliana?
- Van analizar a posibilidade de ampliar e mellorar a instalación da EDAR actual para facilitar así o enganche de saneamento a novas redes procedentes de núcleos de vivendas próximos á mesma?
- Van impulsar dende a administración autonómica acordos cos concellos e os promotores da área industrial para planificar as obras precisas para sumar novas redes de saneamento que eviten así a construción de novas instalacións depuradoras de residuos xerados por estes grupos de poboacións?
- En que situación está en concreto esta área industrial con respecto á Planificación de novas EDAR que dean servizo nun futuro á instalación de novas empresas?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 20/05/2024 13:55:42

Luis Bará Torres na data 20/05/2024 13:57:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Rosana Pérez Fernández, Brais Ruanova Vilas-Boas, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a afectación que suporía a construción do proxecto industrial de Altri sobre os concellos limítrofes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A posibilidade da construción da factoría que Altri – Greenfiber ten proxectada en Palas de Rei supón unha ameaza para toda Galiza pola afectación global, mais cómpre atender ao impacto directo que tería sobre os concellos máis próximos, a bacía do Ulla e incluso a ría de Arousa.

O concello de Santiso, limítrofe a Palas de Rei, é eminentemente agrícola, con importantes aproveitamentos no sector gandeiro e forestal, no que tamén resulta de especial relevancia o sector terciario vinculado ó turismo rural. O proxecto de captación e evacuación de auga do encoro de Portodemouros atravesa os núcleos rurais de Barazón Grande, Chorén (parroquia de Barazón) e O Casal (parroquia de Rairiz), tocan tanxencialmente o núcleo de Talín (parroquia de Ponte Arcediago) e a de captación aproxímase en exceso ó núcleo de Vilasoá (Belmil).

Os terreos destes núcleos ameazados polas conducións foron sometidos a un proceso de concentración parcelaria presentando a día de hoxe elevados valores de produción agrícola, gandeira e forestal, atravesando, pois, fincas con alta potencialidade agrícola que se perde pola execución da infraestrutura prevista. Nunha zona tan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

altamente dependente do sector primario, a perda de terras produtivas para ser atravesadas por tubaxes vai ter repercusións sobre un grande número de postos de traballo, coas graves consecuencias que traería para a situación socioeconómica do concello e a comarca.

Cómpre ter presente, ademais, que este trazado resulta contrario ós fins da concentración parcelaria e supón unha perda de recursos públicos empregados na mellora das explotacións existentes, moitas delas modernizadas con axudas de fondos europeos da PAC.

Ademais, tamén supón unha ameaza tamén desde o punto de vista patrimonial. As afectacións máis evidentes serían sobre o castelo de Pambre e sobre o camiño de Santiago, que ademais tamén actúan como puntos de dinamización económica pola súa ligazón co sector turístico. Mais incluso chega a existir unha ameaza directa por estar na zona prevista de tubaxes sobre diversos elementos catalogados como patrimonio cultural galego, como son por exemplo, ás Mámoas do Monte Barazón.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente o goberno galego do impacto que suporía a construción da factoría de Altri no concello de Palas de Rei sobre o sector primario da contorna?
- Que consideración lle merecen ao goberno os empregos que se destruírían no caso de ir adiante o proxecto, tanto nas comarcas que soportarían as infraestruturas, como río abaixo e na ría da Arousa?
- Cal é o opinión do executivo galego a respecto dos 12km de tubaxes que atravesarían o concello de Santiso para a captación de auga en Portodemouros ata Palas de Rei, e tamén para o seu vertido?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é a valoración que fai o goberno da afectación ao patrimonio?
- Que opinión ten o goberno galego dun proxecto con tantos riscos e danos para o noso País?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: Iria Carreira Pazos
Rosana Pérez Fernández
Montserrat Prado Cores
Brais Ruanova Vilas-Boas
Montserrat Valcárcel Armesto
Olalla Rodil Fernández
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/05/2024 16:20:17

Iria Carreira Pazos na data 20/05/2024 16:20:26

Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/05/2024 16:20:35

Olalla Rodil Fernández na data 20/05/2024 16:20:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/05/2024 16:20:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o control que debe exercer a administración autonómica nos baleirados dos encoros que afectan á pesca fluvial da lamprea nos ríos Miño e Tea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todas as primaveras na comarca do Condado-Paradanta, preparámonos para a pesca da lamprea. Unha especie que durante máis de 500 millóns de anos non evolucionou, resultando que non é peixe nin reptil, xa que carece de esqueleto óseo, bioloxicamente considéraselle a orixe máis remota dos vertebrados.

Dende xaneiro ata maio sube polo Miño a Lamprea, con forma de serpe e boca de ventosa. Por Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo e Crecente as esperan nun inxenioso entramado das Pesqueiras, antiquísimas calexas construídas en pedra sobre o propio río para estreitar o seu paso e capturalas vivas, sen que se desangren, xa que resulta primordial para a súa preparación culinaria.

Suben tamén polo seu afluente, o Tea, dende Fillaboa en Salvaterra de Miño ata Pontearreas, onde son collidas nas Estacadas. Unhas 47 construcións de madeira que son montadas en xaneiro e retiradas a finais de abril ou maio e sorteadas todos os anos entre as persoas interesadas para a pesca nocturna con pouca luz, aproveitando a remontada das lampreas pegadas ao fondo areoso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesta tempada 2024 o prezo da peza de lamprea subiu ata os 140€ debido ao número tan escaso delas que chega ás pesqueiras e ás estacadas.

Foron moitas as queixas ante a Xunta de Galiza, incluso directamente ao seu Presidente, das persoas que pescan a lamprea, así como dos establecementos de hostalería que ven inviable poder atender a demanda da mesma. Nos últimos anos foron testemuñas dun descenso no número de exemplares e nesta última campaña a situación foi a peor.

É atribuído a distintos factores. Polo furtivismo e o exceso de pesca río abaixo, na desembocadura do Miño, pero sobre todo na baixada do caudal do río. Nos saltos da auga dos encoros non se teñen en conta os ciclos reprodutivos das especies que temos nos mesmos e as variacións do caudal fan que quede en seco xusto na época de desove.

Non só hai que tomar medidas de paro biolóxico para protexer a especie, senón que hai que controlar as oscilacións de caudal da auga. Nos meses de abril, maio e xuño sería importante poder manter o nivel e fixar un límite de pesca en abril para poder protexer as zonas do Miño e Tea para que sexan auténticos criadeiros de lamprea para poder conservar esta especie prehistórica nun futuro e manter así a tradición culinaria dun manxar tan recoñecido na comarca do Condado-Paradanta, así como tamén a nivel internacional.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai realizar a Xunta de Galiza un estudo, en colaboración coas universidades galegas, que permita avaliar os motivos da diminución de número de lampreas nos ríos Miño e Tea na comarca do Condado-Paradanta e as posibles medidas a tomar para reverter esta situación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que actuacións leva a cabo a Xunta en relación ao control dos baleirados dos encoros que afectan a esta zona e modifican o nivel dos ríos sen ter en conta a reprodución das distintas especies de peixes?

- Pensa o goberno da Xunta de Galiza elaborar un Plan de especial protección e conservación dunha especie prehistórica como é a lamprea?

- Ten previsto o goberno galego establecer medidas para protexer e impulsar un sector económico de suma importancia para a comarca relacionada cunha gastronomía de gran valor culinario na comarca e tamén a nivel internacional?

- Vai a Xunta solicitar a colaboración e a coordinación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil para implementar no río Miño aquelas actuacións encamiñadas a preservar e fomentar a reprodución da lamprea?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 20/05/2024 17:24:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 20/05/2024 17:24:34





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Consello de Patrimonio Histórico seleccionou a Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra, situado nas provincias de Ourense e Lugo, como a nova candidatura para formar parte da prestixiosa Lista de Patrimonio Mundial da UNESCO. A decisión foi aprobada durante a 94ª Reunión do Consello de Patrimonio Histórico, celebrado o pasado venres, 5 de abril, na illa da Palma.

Por este motivo faise máis necesario avanzar no Plan de sustentabilidade turística e na mellora de actuacións en torno a esta paraxe na que permita acadar o obxectivo final de lograr o distintivo así como amosar así o firme compromiso con esta contorna para seguir potenciando un destino turístico vinculado a unha forma de vida e a súa contribución ao coidado medioambiental e ao sostemento dunha paisaxe de alto valor declarada de interese cultural pola Xunta de Galicia.

O Plan de sustentabilidade turística na Ribeira Sacra está orientado a estruturar un conxunto de actuacións que, enmarcadas nas liñas da candidatura de Ribeira Sacra ao Patrimonio da Humanidade, permitan garantir a sustentabilidade ambiental, económica e social no proceso de consolidación de Ribeira Sacra como destino turístico. En decembro de 2020 fírmase o convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia de Turismo de Galicia e o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, para a implantación do Plan de sustentabilidade turística na Ribeira Sacra, onde as achegas serán de 850.000 euros por parte da Secretaría de Estado de Turismo, 850.000 euros achega a





Axencia de Turismo de Galicia e 150.000 ao Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de sustentabilidade turística na Ribeira Sacra. Este plan pretende: estruturar un conxunto de actuacións que, enmarcadas dentro das liñas da candidatura de Ribeira Sacra ao Patrimonio da Humanidade, permitan garantir a sustentabilidade ambiental, económica e social no proceso de consolidación de Ribeira Sacra como destino turístico. A consecución deste obxectivo xenérico baséase no enfoque dos seguintes obxectivos operativos, que inspiran a formulación das actuacións incluídas no plan:

1. Estructurar un sistema de mobilidade sostible que reduza o impacto dos turistas na paisaxe, e ofrezca unha experiencia máis sostible, saudable e segura.
2. Reducir o impacto ambiental xerado polos equipamentos e infraestruturas públicas, facendo uso das fontes de enerxía dispoñibles no territorio.
3. Resolver os incipientes problemas de masificación observados en determinados recursos turísticos e culturais, mellorando a súa xestión.
4. Incorporar determinados recursos, ata agora pouco dinámico, á oferta turística, potenciando a distribución espacial dos fluxos e o incremento da estadia media.
5. Mellorar a conservación dos núcleos tradicionais en risco de abandono e a súa integración paisaxística.
6. Mellorar o coñecemento dispoñible sobre a demanda e a oferta turística, como ferramenta para a toma de decisións e a xestión sustentable.
7. Crear, promover e comercializar produtos turísticos sostibles e adaptados ás necesidades do mercado e á identidade do territorio.





8. Instalar unha única imaxe de destino, mediante a marca, a sinalización e a coordinación dos servizos de información e visitantes.
9. Dotar ao sector das ferramentas necesarias para ofrecer un servizo de calidade acorde coas medidas de seguridade e hixiene vixentes en cada momento.
10. Xerar oportunidades de emprego que contribúan a atraer e fixar poboación no territorio, garantindo a conservación da paisaxe, así como dos usos e tradicións.
11. Sensibilizar á poboación local sobre a importancia do Valor Universal Extraordinario da Ribeira Sacra e sobre as oportunidades do turismo sostible para o territorio.
12. Reforzar a capacidade técnica e económica da entidade xestora para liderar o desenvolvemento, execución e avaliación do plan.

Os obxectivos do Plan de sustentabilidade turística da Ribeira Sacra, tal e como amosáramos dende o Partido Socialista con anterioridade, debería reforzarse coa electrificación das embarcacións que navegan o río Sil e o río Miño, para ter deste xeito un transporte fluvial sostible ó longo da Ribeira Sacra. Para que isto pódase realizar necesítase máis financiamento por parte da Administración autonómica. No río Sil atópanse os seguintes peiraos para coller as embarcacións: Santo Estevo (Nogueira de Ramuín), Abeleda (Castro Caldelas), Ponte do Sil (Monforte de Lemos) e Os Chancís (Sober). E no río Miño está o embarcadeiro de Belesar (O Saviñao) e o dos Peares (Carballedo). Estes catamaráns para facelos sostibles é necesario que pasen a estar electrificados. Nestes momentos só hai unha embarcación híbrida de 11 prazas que navega polo río Miño.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2024 17:29:30
Nº Rexistro: 4301
Data envío: 20/05/2024 17:29:30.149

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. En que estado de execución se atopa o Plan de sustentabilidade turística na Ribeira Sacra?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia financiar á electrificación das embarcacións que navegan polo Sil e polo Miño para ter un transporte fluvial sostible?

Santiago de Compostela, 20 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 20/05/2024 17:28:15

Patricia Iglesias Rey na data 20/05/2024 17:28:23





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A promoción da igualdade entre mulleres e homes constitúe un obxectivo básico e prioritario para a Administración autonómica e tivo o seu reflexo na aprobación de normas e na implantación de plans que definen e recollen estratexias globais para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres en condicións de igualdade en todos os ámbitos da sociedade.

Neste ámbito, promoveuse a implantación de centros de información á muller en colaboración coas entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, co obxecto de avanzar na eliminación das desigualdades entre mulleres e homes e para previr a violencia de xénero no ámbito territorial.

Estes centros acreditados ante a Administración autonómica, configúranse como servizos de información, asesoramento xurídico e psicolóxico con especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade ou pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

Neste sentido, a rede de centros de información á muller constitúe un instrumento fundamental para a implantación de políticas de igualdade eficaces e eficientes na Comunidade Autónoma, pois facilita un acceso máis rápido e eficaz a estes servizos e proporciona un espazo que orienta, informa e asesora





ás mulleres en materia de igualdade e dereitos e promove a súa participación activa en todos os ámbitos.

No ano 2011, na cidade de Ourense baixo o Goberno bipartito, cando era alcalde o socialista, Francisco Rodriguez, inaugurábase unha dotación pública, rehabilitada con fondos do chamado plan E, para convertela nun centro de información á muller, asentado nas instalacións do antigo edificio de Radio Ecça, no barrio do Couto. O dito espazo conta con salas de atención para a educadora, a psicóloga, a traballadora social e a asesora xurídica co obxectivo de dotar de privacidade, dignidade e tranquilidade ás usuarias deste servizo.

A mediados de maio producíase o seu desaloxo por detectar presenza de gas radon, e o persoal foi trasladado ás oficinas municipais da praza San Martiño, un edificio municipal que comprende diversos servizos e que non garante as condicións de privacidade que require a atención ás súas usuarias, en especial ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Posteriormente, o Goberno municipal aseguraba que non emprendería as obras precisas para eliminar o nivel de gas radon e que non ían asumir o seu custo, estimado en 200.000 euros.

Entende este grupo parlamentario que as obras deben ser acometidas, de forma inmediata, neste edificio de referencia, o mellor de Galicia, co fin de garantir a seguridade das traballadoras e unha vez finalizadas o CIM debe seguir operativo neste edificio que como indicamos cumpre os requisitos de privacidade e seguridade das usuarias e ademais o Goberno municipal ten a obriga, mentres non se solventa esta problemática de ofertar un local en condicións adecuadas a labor que o CIM debe desenvolver.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2024 17:40:11
Nº Rexistro: 4309
Data envío: 20/05/2024 17:40:11.316

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Pensa o Goberno galego demandar ao Concello de Ourense que o CIM continúe desenvolvendo o seu labor nun local adecuado para as funcións que ten asignadas?
2. Como valora o Goberno galego a negativa do Goberno Municipal de Ourense a realizar as obras precisas para eliminar o gas radon do edificio?
3. Que actuacións vai realizar o Goberno galego ante esta situación que prexudica ás súas usuarias?

Parlamento de Galicia, 20 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/05/2024 17:37:46

Paloma Castro Rey na data 20/05/2024 17:37:57

Elena Espinosa Mangana na data 20/05/2024 17:38:04

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13167

@PSdeG



CSV: B6P1S1R8D3J4B1W1B1G1K1E5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A educación concertada na nosa comunidade ten alcanzado un importante protagonismo no sistema educativo galego sostido con fondos públicos. De feito o alumnado que realiza os seus estudos de educación obrigatoria en centros privados sostidos con fondos públicos representa no curso 2022/2023, segundo datos da Xunta de Galicia, mais do 27 % do total de alumnado de educación infantil, primaria e secundaria, e o 21 % do alumnado de ciclos formativos de FP.

O ESADE vén de publicar un informe titulado “El coste de acceso a la escuela concertada en España: las cuotas que pagan las familias y sus causas” (<https://www.esade.edu/ecpol/es/publicaciones/cuotas-escuela-concertada/>), no que aborda a situación de aportación de cotas “voluntarias” das familias en estes centros concertados, a pesar de dispoñer dunha financiación pública que debería de abarcar todo o custe da formación recibida.

Aínda que o informe non inclúe Galicia, ao centrarse nas comunidades autónomas con maior presenza da ensinanza concertada, é dicir, Andalucía, Cataluña, Madrid, Comunidade Valenciana e País Vasco, a publicación contén afirmacións moi relevantes e que poden claramente ser de aplicación en Galicia:

- A día de hoxe non hai gratuidade universal para acceder á escola concertada.





- O anterior explícase polo sistema de financiamento e unha regulación máis laxa dos seus servizos, o que incentiva o cobro de cotas voluntarias na teoría pero habituais na práctica.
- Facilítase un sistema de selección social para familias de maior renda a cambio de un copago.
- Os centros concertados escolarizan un alumnado cun nivel socioeconómico máis alto e escolarizan en moi menor medida alumnado inmigrante o que aumenta a segregación escolar.

Polos datos do estudo, entre o 81 % e o 95 % do alumnado, segundo nivel educativo, realiza achegas aos centros, que poden alcanzar entre 680 e 860 € por curso, incluíndo os casos en que non se realizan achegas.

O informe inclúe tamén unha serie de medidas para garantir que a dobre rede, pública e concertada, non se converta nun factor de segregación escolar e de desigualdade, e asegurar a gratuidade do acceso á educación sostida con fondos públicos. Entre as medidas propostas están:

- Auditar os gastos non concertados, así como as cotas dos centros que están prestando servizos non concertados e que se financian a través das cotas das familias.
- Desenvolver mecanismos e incentivos para rematar co sistema de concertos plenos nos centros claramente sobrefinanciados e cuxas cotas son claramente elevadas, situándose notablemente por enriba dos gastos non concertados no seu balance económico.
- Supervisar o custe do comedor escolar nos centros concertados e equiparalo cos costes dos centros públicos, para evitar que se converta nunha fonte indirecta de financiación dos centros.
- Regular as achegas das familias en concepto de actividades complementarias e outros servizos como o transporte, e establecer umbrais idénticos para centros públicos e concertados.





É importante sinalar que este informe ten provocado unha certa reacción por parte das patronais dos centros concertados e contestada polo propio ESADE cun documento que se atopa na mesma web do informe.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas nin dende o PSdeG non cuestionamos á existencia da ensinanza concertada, pero si a posible existencia de mecanismos que fagan que non sexa totalmente gratuíta e que, polo tanto, non sexa universalmente accesible. A única forma de comprobar que non existen prácticas non desexables atribuíbles aos centros concertados é analizar e coñecer o que está a ocorrer na rede de centros concertado de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Existe por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional algún tipo de control sobre percepción de cantidades de achega voluntaria por parte dos centros de educación en réxime de concerto?
2. Ten recibido a citada Consellería algún tipo de denuncia relacionada coas achegas voluntarias ás que se fai referencia na anterior pregunta?
3. Considera oportuno realizar un informe sobre a percepción de cantidades de achega voluntaria por parte dos centros de educación en réxime de concerto, no que tamén se analicen posibles elementos de exclusión que poidan supoñer tales achegas?

Santiago de Compostela, 20 de maio do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2024 17:46:41
Nº Rexistro: 4316
Data envío: 20/05/2024 17:46:41.471

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 20/05/2024 17:44:48

Silvia Longueira Castro na data 20/05/2024 17:44:57

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13171

@PSdeG



CSV: B6PISIBDQJW7WIGD9K65
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Manuel Golpe Acuña e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o proxecto tractor Centro de economía circular-Xestión de residuos para a súa transformación e valorización.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 17 de xuño de 2020, a Xunta comunicaba o seguinte: “O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, e o conselleiro do Medio Rural, José González, reuníronse hoxe co comité de expertos económicos de Galicia para avaliar os tres primeiros proxectos tractores para reactivar a economía tras a pandemia da covid-19, a través da tecnoloxía, a biodiversidade e a economía circular e verde.

No tocante ao primeiro deles, o titular da Xunta aseverou que se trata dunha iniciativa para a xeración de hidróxeno verde a partir de fontes renovables, o que permitirá converter Galicia nun referente no ámbito da transición ecolóxica e aproveitar o incremento da xeración de renovables no horizonte 2030.

O segundo proxecto consistirá na implantación dun centro para o impulso da economía circular, co obxectivo de asegurar este principio na xestión de residuos para a súa transformación e valorización; axudar a que a Comunidade cumpra cos obxectivos marcados pola Unión Europea para 2030, no que respecta á reciclaxe de residuos; e garantir a sustentabilidade económica e ambiental das gandaría.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sobre o terceiro proxecto, Feijóo destacou que o obxectivo será o de impulsar unha xestión sustentable dos bosques, co fin de impulsar a biodiversidade forestal e pechar o círculo do aproveitamento da madeira, cun centro de fabricación de fibras téxtiles a partir da madeira, que permita diversificar un sector estratéxico para Galicia.”

O 13 de outubro de 2020 tivo lugar na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, a reunión constitutiva da comisión Next Generation Galicia, o órgano encargado pola Xunta de supervisar a súa estratexia para optar aos fondos europeos.

Segundo informou daquela o goberno galego , as iniciativas da Xunta que se incluírían no borrador que o Estado levará á UE comprenden catro proxectos tractores: unha planta de hidróxeno, un centro para o impulso da economía circular, a fabricación de fibras téxtiles a partir de madeira e a instalación de nova potencia renovábel. A isto súmanse tres iniciativas centradas en cadeas loxísticas sostíbeis para o transporte, un centro de innovación en tecnoloxías renovábeis de hidróxeno e un laboratorio dixital.

No mes de xaneiro de 2021, o presidente da Xunta presentoulle ao presidente do Goberno español os seguintes proxectos:

PROXECTO	DESCRICIÓN	INVERSIÓN (M€)	EMPREGO
Planta de produción de fibras	Xestión sostible dos montes galegos para a produción de fibras celulósicas	1.140	9.700
Planta de Economía circular	Aproveitamento de residuos orgánicos na produción de biogás, CO2 industrial e fertilizantes, así como para o tratamento e valorización doutros residuos.	500	5.000
Polo Aeroespacial de Galicia 2025	Consolidación do CIAR como o epicentro da I+D en UAVs en Europa e creación de tecido industrial en torno ao sector	600	700
AUTOANCORA	Desenvolvemento de procesos de fabricación e produtos limpos, intelixentes e sostíbeis.	1.300	912
ZENDAL	Fabricación de vacinas contra a covid e a tuberculose	111	1.400
TOTAL		3.651	17.712

A páxina web da Sociedade Impulsa (sociedade público-privada promovida pola Xunta de Galicia para axilizar iniciativas empresariais tractoras que incidan na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dinamización, o progreso e a transformación da economía galega a través dun modelo verde e dixital), segue informando a día de hoxe (20.05.2024) de 6 proxectos tractores, entre os que se inclúe o denominado “Economía Circular”. A información que figura na web é a seguinte

-Proxecto tractor en virtude do que se levantará un complexo pioneiro que tratará ao ano máis de 7 millóns de toneladas de residuos infrautilizados para a súa valorización e reutilización. O centro focalizará a súa actividade na xestión duns 6 millóns de toneladas de excedente de zurro para a produción de biogás, bioetanol e fertilizantes orgánicos.

-Líderes: Repsol, Naturgy e Reganosa.

Investimento: Estimamos mobilizar un investimento ~ de 600 millóns de euros.

Emprego estimado: ~ 2.500 empregos directos e indirectos (equivalentes a tempo completo).~ 1.000 empregos durante a construción (equivalentes a tempo completo).

Logo de transcorridos case catro anos do anuncio a bombo e prato do “proxecto tractor” de “economía circular”, o seu contido segue sendo unha incógnita. Nada se sabe da súa tramitación, das súas dimensións, do seu financiamento e das instalacións previstas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é o estado de tramitación do proxecto tractor de “Economía circular” anunciado fai catro anos?

Cal é a participación da Xunta neste proxecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Forman parte deste proxecto a Sociedade Impulsa, SOGAMA ou a sociedade mercantil Recursos de Galicia?

Prevé a Xunta a utilización neste proxecto de biorresiduos recollidos por SOGAMA nas plantas de compostaxe ou de transferencia?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Brais Ruanova Vilas-Boas
Xosé Manuel Golpe Acuña
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/05/2024 18:12:39

José Manuel Golpe Acuña na data 20/05/2024 18:12:42

Luis Bará Torres na data 20/05/2024 18:12:50





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

As mulleres e as nenas representan o 71 % das vítimas de trata de todo o mundo, sendo a explotación sexual a forma máis común (8 de cada 10 casos).

Segundo a Fundación Scelles, citada nun estudo do Servizo de Investigación do Parlamento Europeo, a prostitución afecta a entre 40 e 42 millóns de persoas, das cales o 90 % depende dun proxeneta e o 75 % ten entre 13 e 25 anos.

Por iso, prostitución e trata non se poden dissociar. Son dúas caras dunha mesma realidade, que no Estado presenta datos absolutamente inasumibles: España é o Estado europeo con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo; case o 40 % dos homes españois pagaron nalgunha ocasión por manter relacións sexuais, e é tamén un dos principais destinos de tráfico de mulleres no mundo para prostituílas.

Segundo os datos recollidos no Balance Estatístico 2023 sobre Trata e Explotación de Seres humanos en España elaborado polo Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO), no ano 2022 foron liberadas pola Policía Nacional e pola Garda Civil 294 vítimas de redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual -tres delas menores de idade-, e no caso das vítimas rescatadas de situacións de explotación sexual, sen a concorrencia de redes de trata de persoas, o número elévase a 370 (9 menores).





Por iso, non podemos mirar cara a outro lado e debemos impulsar as medidas necesarias para rematar coa trata, con especial énfase na que ten fins de explotación sexual, que é a que afecta maioritariamente ás mulleres. A liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución, unha das formas máis miserables nas que se manifesta a violencia contra as mulleres que está relacionada coa marxinación, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

O 14 de setembro 2023 o Parlamento Europeo aprobou unha resolución para loitar contra a prostitución na UE, na que se reclama que se discriminalice este colectivo e avoga por penalizar e sancionar a explotación e os clientes que soliciten, acepten ou obteñan un acto sexual dunha persoa a cambio dunha remuneración, promesa, subministración dun beneficio en especie ou promesa de beneficio, en liña co modelo dos países nórdicos.

A finais do ano 2022 o Goberno galego presentaba o I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, unha estratexia necesaria para traballar desde Galicia na súa erradicación.

O plan recolle toda unha serie de medidas agrupadas en cinco áreas estratéxicas para avanzar na prevención e sensibilización social; na detección, identificación e protección das vítimas; no fortalecemento dos recursos de atención; na investigación e na mellora da coordinación interinstitucional.

Pero ademais de ir poñendo o foco, no marco das competencias autonómicas, na actuación fronte aos proxenetas e prostituidores (cun mapa da situación da prostitución en Galicia) é necesario modificar o marco legal actual cara a unha abolición da prostitución, tal e como xa están facendo noutros territorios. Nesa liña atópase o Goberno de España cunha Proposición de lei orgánica para eliminar todas as formas de proxenetismo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 4332
Data envío: 20/05/2024 18:42:01.725

Por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que medidas do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, leva implementado este goberno a día de hoxe?
2. Comparte o Goberno galego a necesidade de aprobar nas cortes estatais unha Proposición de lei orgánica para eliminar todas as formas de proxenetismo?

Santiago de Compostela, 20 de mayo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/05/2024 18:33:48

Elena Espinosa Mangana na data 20/05/2024 18:39:18

Silvia Longueira Castro na data 20/05/2024 18:39:27

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13178

@PSdeG



CSV: B6PISJTB3G4ZIMW03&k65
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre medidas que debe tomar a Xunta de Galiza en relación co *Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do estado prevé o impulso de medidas e a mobilización de fondos europeos para abordar transformación estruturais. Entre elas, o impulso da mellora da eficiencia enerxética, e máis concretamente, actuacións de rehabilitación e mellora do parque construído. A compoñente 2 deste instrumento márcase como obxectivo adecuar o parque edificado para mellorar a súa cualificación enerxética. Nesa liña o goberno do Estado aprobou o Real Decreto 853/2021, de 5 outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Este real decreto articula e regula, entre outros, o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas.

Este programa está orientado a financiar actuacións que logren unha redución de polo menos o 7% da demanda enerxética de calefacción e refrixeración, o seu consumo nun 30% ou a substitución de elementos construtivos da envolvente térmica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A este programa poden acollerse todos os propietarios, usufrutuarios ou arrendadores para a súa vivenda permanente e habitual. Por tanto a Xunta tiña unha previsión de que o número de potenciais beneficiarios podía resultar elevada.

Mediante a *RESOLUCIÓN do 1 de xuño de 2023 pola que se convoca o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2023, con carácter plurianual*, o IGVS realizou a convocatoria para a anualidade 2023. O prazo de presentación de solicitudes estivo aberto dende o 16 de xuño até o 2 de outubro dese mesmo ano.

Concluída a anualidade este grupo solicita unha avaliación da execución do programa e do seu impacto e esixe unha maior dilixencia na convocatoria e tramitación destas axudas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal foi o número total de solicitudes presentadas nos anos 2022 e 2023 para este programa?
- Cal foi o número total de solicitudes aceptadas para cada anualidade?
- Cal foi o número total de solicitudes denegadas por falla de crédito para cada anualidade?
- Cantas solicitudes foron xa pagadas?
- Cantas solicitudes están pendentes de pago?
- No caso de expedientes pendentes de pago, cal é o motivo do retraso no pagamento?
- Cal é o prazo medio de pagamento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que valoración fai a Xunta de Galiza da tramitación destas axudas?
- Cal é o importe total de axudas aceptadas?
- Cal é o importe total de axudas pendentes de pago?
- Cal é o importe total que a Xunta prevé conceder finalmente?
- Cando vai convocar a Xunta de Galiza a anualidade de 2024 deste programa?
- Prevé a Xunta ampliar os prazos de convocatoria destas axudas?
- Que medidas ten previstas a Xunta de Galiza para facilitar que as persoas en situación de maior vulnerabilidade económica e social poidan acceder a estas axudas?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 21/05/2024 09:36:32

Luis Bará Torres na data 21/05/2024 10:05:15

José Manuel Golpe Acuña na data 21/05/2024 10:05:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Prado Cores e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da lingua galega no SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 4.º “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma”.

Pasaron máis de 40 anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística, que indica entre os seus obxectivos para o ámbito da sanidade:

1. Concienciar da necesidade de atender e prestar os servizos sanitarios e asistenciais correspondentes, utilizando a lingua na que está instalada a persoa a quen van destinados.
2. Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego nas súas relacións coas institucións sanitarias, respectando os seus dereitos lingüísticos e culturais.
3. Potenciar o emprego da lingua galega na área sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As medidas que propuña o Plan de normalización lingüística para a sanidade pública e privada:

- Establecer con claridade os dereitos lingüísticos dos usuarios dos servizos de sanidade e as correspondentes obrigas do persoal sanitario.
- Elaborar un Manual dos Servizos de Recepción para o uso cotián na asistencia sanitaria.
- Campaña de información entre os usuarios da sanidade para que coñezan o seu dereito a que os atendan en galego.
- Campaña de información entre os profesionais da medicina pública e privada verbo da utilidade terapéutica de utilizar a lingua do paciente, os dereitos do usuario a que o atendan en galego e invitándoos a practicar a Oferta positiva cos seus pacientes.
- Crear un premio anual de recoñecemento a aqueles establecementos sanitarios que máis se destaquen na tarefa da normalización lingüística.
- Establecer cláusulas a prol da normalización lingüística nas distintas modalidades de contrato para a prestación de servizos sanitarios que subscribe o Servizo Galego de Saúde con entidades privadas.
- Elaborar material divulgativo e de educación sanitaria escrito en galego (dietas, exercicios, recomendacións de estilos de vida, instrucións sobre os tratamentos, etc.) para entregarlles aos usuarios dos servizos sanitarios.
- Editar en galego todos os programas e manuais de uso dos equipos informáticos e de comunicación que sexan subministrados ou utilizados pola Administración sanitaria para o mundo da medicina.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Establecer unha liña de axudas públicas destinadas a potenciar a presenza do galego nas publicacións científicas e de divulgación editadas en Galicia.
- Elaborar e distribuír un vocabulario técnico-profesional que axude ao correcto uso do idioma galego a todos os profesionais da saúde.
- Programar, en colaboración coa Comisión de Normalización da Facultade de Medicina de Santiago de Compostela, accións que potencien a presenza do galego nas aulas.
- Organizar novos cursos de galego (amais dos de iniciación e perfeccionamento), que garantan, con nova programación, unha actualización terminolóxica, unha competencia lingüística en galego e, sobre todo, que fornecendo información sociolingüística e psicolingüística, permitan crear actitudes máis abertas e ampliar a práctica da Oferta positiva.

Practicamente ningunha destas medidas se puxo en práctica nestes anos.

O informe anual da Liña do Galego, da Mesa pola Normalización Lingüística, recolle innumerábeis queixas relacionadas coa presenza do galego no SERGAS, ou mesmo coa imposibilidade de recibir atención ou documentación nesta lingua. O 38 % das queixas recibidas en 2023 pola Liña do Galego foron dirixidas á Consellaría de Sanidade.

De acordo co Informe sobre a situación da lingua en 2023 da Mesa pola Normalización Lingüística, “o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) está só formalmente galeguizado en parte da súa sinalización e da súa documentación. Porén, a maioría do persoal sanitario non está capacitado para atender en galego. Nin sequera a nivel escrito se garante este dereito. A Mesa denunciou casos moi graves nos que varios hospitais do SERGAS retrasaban durante meses operacións cirúrxicas de pacientes só por pediren asinar o seu consentimento informado en galego”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional ratificado polo Reino de España en 2001, cuxo artigo dedicado á sanidade establece que os estados membros se comprometen a “asegurar que os servizos sociais como hospitais, residencias de anciáns e albergues ofrecen a posibilidade de recibir e atender na súa propia lingua empregando unha lingua rexional ou minoritaria a aqueles que precisen coidados por mor de enfermidade, a idade ou outras razóns”. Calquera cidadán que demande a atención ou as comunicacións do SERGAS en galego pode comprobar que isto non está a acontecer.

Hoxe en día, aínda é imposíbel acceder a unha parte moi importante dos consentimentos médicos e outra documentación en galego, ademais de que non existe ningún mecanismo que permita que a cidadanía poida escoller a lingua de atención médica.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno galego a escasa presenza do galego no Servizo Galego de Saúde?
- Que informes ou recollidas de datos vai levar a cabo o goberno sobre o uso do idioma galego no ámbito sanitario?
- Que iniciativas desenvolveu o goberno galego nos últimos 4 anos para o fomento do uso do idioma galego no Servizo Galego de Saúde?
- Que medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega, de entre as referidas ao ámbito da sanidade, ten previsto impulsar o goberno galego na presente lexislatura?
- Que medidas prevé levar a cabo para incrementar o seu uso neste ámbito?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto o goberno galego implantar algunha medida para pór a disposición os consentimentos médicos en todos os servizos do SERGAS en lingua galega, ademais da súa oferta positiva?

- Ten previsto establecer algún mecanismo de incentivos para traballadores e traballadoras do SERGAS que usen habitualmente, ou comecen a facelo, a lingua galega?

- Ten previsto dar instrucións ou establecer algún mecanismo para que a atención médica se faga na lingua de atención dos e das pacientes, a fin de que a administración galega contribúa á normalización da nosa lingua no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Mercedes Queixas Zas

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 21/05/2024 10:37:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 21/05/2024 10:41:59

Mercedes Queixas Zas na data 21/05/2024 10:42:29

Iria Taibo Corsanego na data 21/05/2024 10:43:06

Daniel Castro García na data 21/05/2024 10:43:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña e Cristina Fernández Davila, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as necesidades do IES Ferrol Vello do Concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Ferrol Vello carece desde o inicio da súa actividade como centro de educación secundaria da infraestrutura necesaria para impartir as aulas de educación física, xa que carece dun pavillón deportivo.

Este feito implica ter que desprazar ao profesorado e aos alumnos e alumnas as instalacións de FIMO para poder desenvolver alí a materia de Educación Física, con todo o que isto supón de perda de horas nos desprazamentos, agrupar as horas semanais desta materia, ademais do gasto que supón ter que contratar de xeito regular un bus para estes desprazamentos.

Desde a Comunidade Educativa do centro vense reclamando á administración educativa a construción dun ximnasio para o centro que se adecúe á lexislación vixente para poder impartir con normalidade unha materia de impartición obrigatoria.

Esta situación non é ningunha novidade e desde hai moitos anos a comunidade educativa leva reclamando que por parte das administracións con competencias nesta materia, Xunta de Galiza e Concello de Ferrol, se solvente esta cuestión, de feito no debate suscitado na anterior lexislatura, a instancias tamén do Grupo parlamentario do BNG, o Partido Popular chegou a dicir que este problema tería solución no momento en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que gobernarán en Ferrol, situación na que nos atopamos desde hai máis dun ano sen que se teña dado paso ningún ao respecto.

Se non fose posíbel dotar ao centro desta nova infraestrutura no actual espazo físico que ocupa, existe unha alternativa cuxa idoneidade concita un amplo consenso que é a construción dun polideportivo no solar que ocupa a vella fábrica de xabón existente nas inmediacións do instituto.

En todo caso o necesario pavillón deportivo para o centro tamén daría servizo fóra das horas lectivas ás necesidades de dinamización deportiva do barrio e do conxunto da cidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Coñece a Xunta de Galiza que o IES Ferrol Vello do Concello de Ferrol carece de pavillón deportivo?

. Coñece a Xunta de Galiza como están a facer para impartir as aulas de educación física?

. Sabe a Xunta de Galiza a canto ascende en cómputo anual o custe desta alternativa?

. Ten promovido a Xunta de Galiza algunha actuación para construír un pavillón deportivo?

. Que alternativas baralla para dotar ao centro desta nova infraestrutura? Cal delas vai impulsar? En función de que criterios?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Cristina Fernández Davila
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 21/05/2024 11:39:41

José Manuel Golpe Acuña na data 21/05/2024 11:40:51

Cristina Fernández Davila na data 21/05/2024 11:41:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a ampliación e mellora dos polígonos empresarias da área metropolitana de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parte leste da denominada área periurbana de Ourense están ubicados os polígonos empresarias de Barreiros, San Cibrao- *no que se inclúen o Centro de Transportes e o Parque Tecnolóxico de Galiza*- e o do concello do Pereiro de Aguiar, constituíndo o principal núcleo de desenvolvemento económico e industrial da Galiza interior.

A área empresarial indicada abrangue unha superficie de máis de 6 millóns de m², na que se asentan máis de 700 empresas que dan emprego a unha media de 10.000 traballadoras. Actualmente a practica totalidade das aproximadamente 800 parcelas que compoñen o espazo empresarial están ocupadas, o que impide a posibilidade de instalación de novas iniciativas empresariais con capacidade para xerar actividade económica e emprego na comarca.

O cambio de goberno producido no ano 2009 e a chegada á presidencia da Xunta do Sr. Núñez Feijoo supuxo a inmediata paralización dos proxectos de creación de solo empresarial na área periurbana de Ourense, sen que fosen substituídos por iniciativas alternativas. Nin as constantes demandas das organizacións empresariais que, trasladando a existencia de numerosas peticións de empresas, solicitaban solo para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iniciar ou ampliar a actividade mercantil, nin tampouco os distintos pronunciamentos de Entidades Públicas provocaron un cambio de actitude no Partido Popular que fora aló de meros anuncios electorais, sen apenas traslación á realidade. Mentres seguen sen atenderse as demandas de solo empresarial a poboación de Ourense continúa a diminuír e o número de empresas a descender.

Se a superficie empresarial non experimentou incremento significativo, tampouco as comunicacións melloraron substancialmente, malia ser un dos aspectos esenciais para o desenvolvemento da actividade industrial dos polígonos. A día de hoxe segue pendente de execución a conexión do polígono de San Cibrao coa A-52, pois o vial realizado unicamente axiliza a comunicación viaria entre a autoestrada coa N-525, sen chegar a conectar con ningún dos polígonos.

A liberación da actual rede ferroviaria unha vez remate a liña do AVE no treito Taboadela – Ourense permitirá a oportunidade de establecer unha liña de comunicación áxil e sustentábel para o transporte colectivo de pasaxeiros entre os polígonos e a cidade de Ourense, reducindo os tráfico de vehículos e a contaminación ambiental, medios que virían complementar ao transporte metropolitano de urxente posta en marcha.

Xunto coa ampliación da superficie industrial e comercial dos polígonos e a mellora do transporte viario, a construción da estación ferroviaria de mercadorías en San Cibrao das Viñas, concentrando nela os servizos que agora se prestan na de Ourense, contribuiría non só a potenciar a actividade das zonas empresariais e a axilizar os movementos das mercadorías, senón que implicaría unha liberación de espazo na terminal de Ourense que permitirían avanzar na humanización e integración de espazos na cidade de Ourense.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é o grado de ocupación das parcelas dos polígonos empresariais Barreiros, O Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas?

Cónstalle á Xunta de Galiza a existencia de demanda de solo empresarial para o establecemento de novos proxectos empresariais ou para ampliar e mellorar os existentes?

No seu caso, a existencia de cantas peticións coñece e cal sería a superficie xa requirida?

Cal é o número actual de parcelas dispoñíbeis para o establecemento de novas empresas nos polígonos de San Cibrao e do Pereiro de Aguiar?

Cal é o fluxo medio de vehículos que diariamente circulan pola VG-3.1?

Entende a Xunta de Galiza que o estado E trazado actual da V.G.3.1 da resposta ás necesidades de conexión viaria dos polígonos empresariais da área metropolitana de Ourense coa A-52?

Considera a Xunta de Galiza que é a Estación Empalme a ubicación idónea para a estación ferroviaria de mercadorías?

Ten elaborado a Xunta de Galiza o proxecto de Transporte Metropolitano de Ourense?

Contempla o mesmo a posibilidade de incorporar a liña ferroviaria entre a Estación de San Francisco e o polígono de San Cibrao en desuso tras a conclusión da liña ferroviaria de alta velocidade?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/05/2024 11:59:15

Noa Presas Bergantiños na data 21/05/2024 12:00:44

Alexandra Fernández Gómez na data 21/05/2024 12:01:18

Luis Bará Torres na data 21/05/2024 12:01:32





Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En abril de 2022, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, aproba unha instrución pola que se determina, a partir do mes de maio, o acceso ás probas diagnósticas de laboratorio e de imaxe dispoñibles para a súa solicitude desde Atención Primaria. Isto significou que se garantiu para o persoal de Atención Primaria, o acceso á solicitude da totalidade de probas básicas de laboratorio e de imaxe que están dispoñibles na área sanitaria de referencia.

Tamén o Plan de Acción de Atención Primaria 2022-2023, aprobado polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, fixou como unha das súas accións a “de mellora do acceso á indicación de procedementos diagnósticos desde Atención Primaria, para incrementar a capacidade resolutiva neste ámbito de atención e xestionar a indicación por proceso”.

Cítanse estas medidas por ser das tomadas, máis recentemente, ademais por distintas administracións, Sergas e Consello Interterritorial.

Isto pon de manifesto a importancia que a radioloxía ten para que os médicos e, en concreto, para que os facultativos de Atención Primaria poidan chegar a un diagnóstico xa que contribúe ao aumento da capacidade de diagnóstico e resolución.





E na era da tecnoloxía é crucial aproveitar ao máximo as ferramentas dispoñibles para ofrecer unha atención de calidade aos pacientes e debería ser algo fundamental para reducir os tempos de espera dos pacientes.

Con todo, esta medida xerou un novo problema nunha atención primaria xa completamente colapsada e saturada, pois supuxo unha nova carga de traballo, dado que obriga o facultativo de Atención Primaria a facer a información que antes facía o radiólogo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. En cantas areas sanitarias do Sergas e en cales se está a facer a radioloxía simple sen acompañarse do pertinente informe da proba do servizo de radioloxía responsable del?
2. Cal é o motivo polo que os médicos de primaria se ven obrigados a informar as probas radiolóxicas?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia reorganizar o traballo para que sexan os radiólogos os que informen as probas e os médicos de Atención Primaria accedan a elas xa informadas?

Parlamento de Galicia, 21 de maio de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 12:16:19
Nº Rexistro: 4396
Data envío: 21/05/2024 12:16:19.031

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 21/05/2024 12:12:43

Silvia Longueira Castro na data 21/05/2024 12:12:52

CSV: B6P5TRBQyX2Q03k8-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13197

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Iago Suárez Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación dos centros Quérote+.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros Quérote foron creados no ano 2008 pola Dirección Xeral de Xuventude co obxectivo de ser puntos de asesoramento afectivo-sexual para a mocidade, a través dunha rede de centros que se despregarían por todo o territorio galego para garantir a equidade no acceso.

Coa chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galiza un ano máis tarde, estes centros comezaron a sufrir unha política de desmantelamento e desartellamento a través de orzamentos reducidos e un incremento nas súas funcións que non foi parello a un incremento de persoal. Desa rede que se deseñou para despregarse por todo o territorio, actualmente só hai 5 centros en todo Galiza, nas cidades da Coruña, Lugo, Santiago, Ourense e Vigo.

Neste senso, os centros Quérote, agora denominados Quérote+, prestan asesoramento á mocidade en materia de autoestima e autopercepción, relacións interpersoais, adiccións e uso da rede, ademais da propia actividade sobre relacións afectivo-sexuais. Se ben todas as temáticas resultan importantes, o incremento nas temáticas atendidas sen levar consigo un incremento nos recursos, sobre todo persoais, redunda nun deterioro do servizo. E aínda que a priori se mantén a mesma oferta de servizos dos centros, o certo é que esta resulta de todo punto insuficiente, acusando





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sobre todo, o descoñecemento que a mocidade ten sobre estes centros por unha deficiente promoción dos mesmos.

Preocupadas por esta cuestión, as deputadas do grupo parlamentar do BNG impulsamos un acordo unánime na pasada lexislatura para obter un informe no que conste a situación dos centros Quérote+ no que se detallase o persoal contratado en cada centro, cantidade de atencións prestadas, desagregadas por meses e centro, e campañas realizadas tanto de carácter interno como colaborador noutras entidades. A pesar de que isto foi aprobado en xullo de 2023, aínda non se remitiu ningún informe similar a esta cámara.

Nun momento social como o presente, no que a educación en igualdade se fai primordial ante a presenza diaria de violencias machistas e LGBTfóbicas, tamén entre a xente máis nova, resulta indispensábel o funcionamento deste tipo de servizos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera o goberno galego que os centros Quérote+ están funcionando debidamente e como puntos referenciais para o asesoramento afectivo-sexual da mocidade?
- Cal é a actividade que desenvolve cada centro? Cantos obradoiros se realizan en centros de ensino e cales son as idades do alumnado asistente? Cantas atencións se prestaron en cada un deles? Cales son as campañas realizadas?
- Considera que a oferta de obradoiros desenvolvidos por estes centros son suficientes?
- Vanse dotar con máis recursos humanos e materiais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto o goberno galego crear novos centros polo territorio de Galiza para mellorar a accesibilidade?
- Que medidas ten contempladas o executivo para que estes centros sexan puntos de referencia en asesoramento afectivo-sexual para a mocidade?
- Cal é a razón pola que o goberno galego aínda non enviou o informe de aplicación da lei 2/2014?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Iago Suárez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 21/05/2024 12:16:58

Iago Suárez Fernández na data 21/05/2024 12:19:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o incumprimento dos obxectivos de reutilización e reciclaxe de residuos municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consellaría de medio ambiente adxudicou no ano 2018 o contrato de servizo para o deseño e execución das actuacións para a mellora da xestión dos residuos urbanos, dividido en 7 lotes e cun orzamento total de 1.143.389, 50 €

O obxecto deste servizo era “o deseño e execución das actuacións para a mellora da xestión de residuos urbanos durante o ano 2018. O Plan Estatal Marco de Residuos 2016-2022 establece que antes do 2020 as cantidades de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e para a reciclaxe das fraccións papel, metais, vidro, plásticos, biorresiduos e as outras fraccións reciclables deberá acadar, en conxunto, como mínimo o 20% en peso.

Segundo os datos de seguimento do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) o resultado da recollida selectiva bruta en Galicia representa o 14,9%. Para a fracción orgánica de residuos urbanos (FORSU) o resultado da recollida selectiva é dun 10% e o obxectivo de reciclaxe establecida para 2020 no plan (actualización de 2016) é do 50%.

Polo tanto, considérase necesario acometer medidas para impulsar a recollida separada de biorresiduos e a súa reciclaxe. Dada a importancia da fracción orgánica sobre a xeración total de residuos e o obxectivo que había que conseguir antes de 2020,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

considerouse prioritario actuar sobre a súa xestión. Para iso contratáronse accións de fomento da implantación e mellora desta recollida selectiva centrada principalmente en entidades locais.

Adicionalmente, incluíronse outras medidas de acción para contribuír ao cumprimento de obxectivos do PXRUG (redución de consumo de bolsas de plástico, comunicación e educación ambiental, preparación para a reutilización e reparación, puntos limpos, economía circular e sustentábel,...).

En concreto, o obxecto deste contrato comprendía os seguintes lotes:

Lote 1. Diagnose de prevención da xeración e a implantación da recollida selectiva dos biorresiduos e a redución do desperdicio alimentario nas entidades locais.

Lote 2. Xornada para o fomento da implantación da recollida selectiva de materia orgánica e sensibilización sobre a importancia de evitar o desperdicio de alimentos.

Lote 3. Actuacións de fomento da recollida selectiva de biorresiduos entre grandes produtores e concellos, especialmente en zonas turísticas.

Lote 4. Actuacións para a creación dunha rede galega para a preparación, para a reutilización e para a reparación.

Lote 5. Actuacións para a promoción e apoio ao uso do compost.

Lote 6. Campaña educativa itinerante sobre prevención, residuos, reciclaxe e compostaxe, incluíndo mensaxes educativas sobre a importancia da prevención do desperdicio alimentario.

Lote 7. Campaña de sensibilización encamiñada á redución do consumo de bolsas de un só uso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de setembro de 2018 adxudicáronse os 7 lotes do servizo, con prazos de execución de 6 meses para os lotes 1 e 2 e 9 meses para os lotes 3 a 7.

Lote 1 adxudicado a VERMICAN Soluciones de Compostaje en 49.000 euros + IVE

Lote 2 adxudicado á UTE NORCONTROL-GALICIA COMUNICACIÓN en 49.569 euros +IVE

Lote 3, adxudicado a VERMICAN en 147.000 euros + IVE

Lote 4, adxudicado a SM, SISTEMAS AMBIENTALES en 34.030 euros + IVE

Lote 5, adxudicado a VERMICAN en 147.000 euros + IVE

Lote 6, adxudicado á UTE APPLUS NORCONTROL, SLL- GALICIA COMUNICACIÓN en 176.842 euros

Lote 7, adxudicado á UTE APPLUS NORCONTROL, SLL- GALICIA COMUNICACIÓN en 94.104 euros +IVE

Transcorridos máis de 5 anos desde a adxudicación dos contratos e vista a Revisión do PXRUG 2010-2022 incluída no borrador do Plan de Xestión de Residuos Municipais de Galiza 2023-2030, cómpre coñecer os resultados dos referidos contratos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que balance fai a Xunta do grao de cumprimento do Plan de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2022?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que balance fai a Xunta sobre as medidas desenvolvidas como consecuencia dos contratos do servizo para o deseño e execución das actuacións para a mellora da xestión dos residuos urbanos, dividido en 7 lotes e cun orzamento total de 1.143.389, 50 €?

Que actuacións concretas se desenvolveron, en que prazos e con que resultados, como consecuencia dos citados contratos?

Por que razón Galiza se situou á cola do estado en materia de reutilización e reciclaxe no ano 2020?

Por que Galiza incumpriu os obxectivos de reutilización e reciclaxe fixados para o ano 2020?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 21/05/2024 12:34:35

Óscar Insua Lema na data 21/05/2024 12:36:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o plan integral de recuperación e conservación das especies endémicas ameazadas das áreas de serpentinas de Melide.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As serpentinas de Melide constitúen un dos espazos botánicos de maior interese da península Ibérica. Situadas no centro da Galiza, na zona que vai da Serra do Careón ás ribeiras do Ulla, constitúen un afloramento de rochas ultrabásicas que orixinan solos con altos valores naturais de metais pesados e baixa fertilidade.

As especiais condicións do solo deron lugar á presenza de plantas endémicas como *Armeria merinoi* Nieto Feliner & Silva Pando (1987), *Leucanthemum gallaecicum* R.Oubiña & S.Ortiz (1990), *Santolina melidensis* R.Oubiña & S.Ortiz (1998), exclusivas da zona, ou *Centaurea gallaecica* (M.Laínz) Arnelas & Devesa (2012), esta tamén presente nalgúns outros pequenos afloramentos ultrabásicos, satélites do principal de Melide. Unha quinta especie endémica de Galiza, *Sagina merinoi* Pau in Merino, encóntrase tamén nas serpentinas da Serra da Capelada e rochas ultrabásicas do oeste da Coruña. Outras, como *Koeleria rodriguez-graciae* Quintanar & Castroviejo & (2013) ou *Seseli peixotoanum* Samp., están principalmente restrinxidas e estas serpentinas e ao afloramento portugués de Tras-os-Montes, xunto con algunhas zonas próximas do noroeste ibérico. *Asplenium adiantum nigrum* var. *corunnense* Christ. tamén sería un fento exclusivo do conxunto dos afloramento serpentínicos ibéricos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas especies parecen recollidas no Catálogo galego de especies ameazadas (2007). A Xunta adxudicou nese mesmo ano 2007 o seguinte contrato: “Asistencias técnicas para a elaboración de plans de recuperación e de conservación de diversas especies da flora incluídas no catálogo de especies ameazadas: lote 4: (Plan integral de recuperación e conservación das especies endémicas ameazadas das áreas de serpentinas de Melide)”.

Transcorridos 12 anos, o goberno galego adxudicou un novo contrato relacionado con esta materia: “Servizo para a revisión e a actualización do documento técnico de base do plan integral de recuperación e conservación das especies endémicas ameazadas das áreas de serpentinas de Melide, cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020.

Na web da Xunta non existe información sobre estes documentos e en ningún momento se lles deu difusión pública aos resultados dos estudos. E transcorridos xa 16 anos desde a aprobación do Decreto polo que se aproba o Catálogo galego de especies ameazadas aínda non se aprobou o Plan de recuperación e conservación das especies endémicas ameazadas das áreas de serpentinas de Melide.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é o estado de conservación das especies endémicas ameazadas das áreas de serpentinas de Melide?
- Cal é a evolución destas especies entre 2009-2019?
- Cales son as principais ameazas para estas especies?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas adoptou ou prevé adoptar a Xunta para a súa protección e conservación?

-Cando vai aprobar a Xunta o plan integral de recuperación e conservación das especies endémicas ameazadas das áreas de serpentinas de Melide?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 21/05/2024 12:51:04

Iria Carreira Pazos na data 21/05/2024 12:52:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta da Galiza para poder executar a restauración da casa natal do profesor Ricardo Carvalho Calero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Ferrol, no barrio de Ferrol Vello, atopase a casa natal do ilustre profesor D. Ricardo Carvalho Calero, recoñecido co Día das Letras Galegas do ano 2020 e un referente da historia, da literatura e da lingua galegas.

A Xunta de Galiza mediante o Decreto 33/2011, do 10 de febreiro, ten declarado ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, o barrio de Ferrol Vello, en Ferrol, onde se sitúa o inmovible que foi a casa natal de Carvalho Calero. Así mesmo mediante a resolución do 2 de febreiro de 2022 faise público o Acordo do Consello da Xunta de Galiza do 27 de xaneiro de 2022 polo que se declara como área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) o barrio de Ferrol Vello.

A Sección Quinta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo declarou, mediante sentenza STS 763/2022 de 2 de febreiro de 2022 a nulidade do acordo do Pleno Municipal do concello de Ferrol, de data 16 de decembro de 2015, polo que se aprobou definitivamente o Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Barrio de Ferrol Vello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A raíz desta sentenza o proxecto de rehabilitación da casa natal do profesor Ricardo Carvalho Calero, que xa leva acumulado moitos anos de atraso, a pesar de concitar a unanimidade do conxunto da sociedade local e dos poderes públicos, fica, novamente, no ar ao retrotraer os usos desa parcela ao planeamento urbanístico anterior perdendo os seus usos dotacionais.

Son múltiples ás entidades que levan anos traballando por manter viva a figura e o legado de Carvalho Calero e demandando a necesidade de recuperar a súa casa natal que é desde o ano 2010 propiedade municipal, igual que as parcelas limítrofes.

Así, por exemplo, entidades como a Asociación Cultural Ferrolterra Antiga, a Sociedade Cultural Medulio, o Ateneo Ferrolán, a Asociación Veciñal de Ferrol Vello, a Fundación Artábria e o BNG presentaban publicamente, hai un ano, un manifesto no que solicitaban ao goberno municipal que contara co tecido asociativo da cidade á hora de definir os usos da casa natal de Carvalho Calero sen perder a perspectiva de que este proxecto de rehabilitación ten que ter como elemento vertebrador para o mesmo o usos de tipo culturais.

Temos que lembrar que en declaracións do Presidente da Xunta de Galiza tras o Consello de Goberno celebrado en Ferrol o 27 de xaneiro de 2022 e no que se aprobou a declaración do barrio de Ferrol Vello como Área Rexurbe, citábase entre os compromisos concretos desta declaración “a reurbanización de varias rúas para actualizar as infraestruturas; mellorar esteticamente a contorna, e a posta en valor da casa de Carvalho Calero para un novo equipamento sociocultural. “

E debemos engadir que tamén o propio pleno do Parlamento Galego na sesión celebrada o día 25 de abril do 2023 adoptou por unanimidade, e a proposta do BNG, o acordo de “Declarar Zona de Especial Necesidade de Rehabilitación a casa natal de Carvalho Calero e as parcelas necesarias para desenvolver o proxecto de recuperación co fin de destinala para os usos dotacionais que o barrio necesita.” No mesmo sentido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ven manifestándose o Concello de Ferrol, tanto no ano 2022, sendo alcalde D. Angel Mato, como en novembro do ano 2023 sendo alcalde D. José Manuel Rey Varela.

Cómpre pois desenvolver as medidas necesarias que permitan acometer este proxecto sen ter que agardar pola redacción dun novo Plan Especial para o barrio o que alongaría os prazos para o seu desenvolvemento. A comezar polo cambio de usos destas parcelas para que poidan acoller infraestruturas dotacionais tan necesarias para o barrio.

E para estes efectos, a Lei 1/2019 do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galiza, establece os supostos nos que a Xunta, a través do IGVS poderá declarar, de oficio ou por solicitude do concello, zona de especial necesidade de rehabilitación (ZER) a edificios específicos ou conxuntos deles, sendo evidente que a parcela que acolle a casa natal de Carvalho Calero e as adxacentes cumpren todos os requisitos para esta declaración.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Por que a Xunta da Galiza non ten atendido até o de agora as resolucións adoptadas tanto polo Concello de Ferrol como polo Parlamento Galego para declarar Zona de especial necesidade de rehabilitación a casa natal do profesor Ricardo Carvalho Calero?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/05/2024 16:28:22

José Manuel Golpe Acuña na data 21/05/2024 16:29:21

Alexandra Fernández Gómez na data 21/05/2024 16:29:51





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Cada vez que se producen incendios o Partido Popular e o Goberno galego volven a incidir no de sempre en criminalizar á cidadanía falando dos moitos pirómanos e incendiarios que ao seu entender proliferan libremente polos montes de Galicia.

A propia conselleira do Medio Rural afirmaba ante os primeiros lumes da tempada 2024 de forma literal “son probablemente intencionados e van no ADN de Galicia”, igual que fixeron tantas veces cando as cousas se volvían en contra apelando a un suposto terrorismo incendiario, argumento que foi desmontado dun xeito contundente e repetidas veces pola fiscalía de Galicia.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema de orde pública, aínda que ben sabemos que é preciso manter os esforzos neste eido e na persecución do delito. O problema dos incendios en Galicia é o abandono absoluto no que está o territorio, deste mundo rural desmantelado que o Partido Popular e o Goberno galego decidiu esquecer e seguen a facelo logo de gobernar a Xunta de Galicia durante a maior parte da súa existencia.

O problema dos incendios en Galicia son ese medio millón de hectáreas aptas para aproveitar sostiblemente de forma multifuncional, que na actualidade non son produtivas. O que desgraciadamente acontece e que arden todos os anos, o problema é a falla de relevo poboacional.





Esa é realmente a causa dos lumes en Galicia, e por iso temos aquí, en tan só un 6 % do territorio español, preto do 30 % de todos os incendios e grandes incendios que se producen en España.

E necesario, por unha banda, consolidar e mellorar a eficacia do dispositivo contra incendios forestais. Temos que darlle apoio material, pero en tal caso debería atender o Goberno galego as achegas que se fixeron no Ditame da comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, a resultas da vaga de lumes que sufriu en Galicia en outubro de 2017.

E por esa mesma razón a Xunta de Galicia debería atender as conclusións e recomendacións que con motivo do anterior ditame fixo o grupo de expertos en incendios forestais, e que recolleron nun documento que foi entregado no Parlamento no verán de 2019.

É obvio que moitas das melloras que propoñían aínda non foron implementadas nin asumidas polo Goberno galego, creouse unha dirección xeral, pero non se tratou o reparto axeitado dos medios de loita existentes na comunidade autónoma conforme á situación actual, nin se analizaron por parte da Administración os reforzos que serían necesarios e a súa distribución territorial co fin de que se axustasen verdadeiramente á incidencia dos lumes nesas comarcas e distritos, e aos pouco alentadores escenarios que nos augura o cambio climático.

No documento xeral elaborado polo grupo de traballo presentáronse varias táboas sobre a distribución ideal das brigadas, tanto en canto ao seu número como ao seu despregue territorial e temporal. A tal fin elaborouse un modelo mediante a aplicación dun algoritmo, en función da superficie de cada distrito e da incidencia dos lumes (número de incendios e superficies afectadas), empregando para isto o histórico dos lumes dos últimos dez anos.



Nas táboas presentadas evidénciase claramente unha forte distorsión ou descompensación no reparto actual das brigadas respecto do modelo proposto, uns desaxustes que debería ter en conta a Consellería do Medio Rural á hora de definir e distribuír o operativo.

Así por exemplo, na provincia de Ourense, e malia presentar o 41 % dos lumes e o 59 % da superficie total queimada en Galicia nos últimos 10 anos, o reparto de brigadas proposto pola Xunta atribúelle a esta provincia unicamente o 30 % das brigadas existentes, porén, e segundo o modelo, debería corresponderlle o 43 %, e a esta provincia xunto coa de Pontevedra os dous terzos das brigadas, cun incremento porcentual similar ao anterior.

Polo exposto, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Por que a Consellería do Medio Rural non procedeu ao reparto de medios de loita existentes na comunidade autónoma, os reforzos necesarios e a súa distribución territorial, axustándose verdadeiramente á incidencia dos lumes por comarcas e distritos, tal como indicaba o comité de expertos?
2. Ten previsto realizar a Consellería do Medio Rural a tan mentada reestruturación dos distritos forestais. En caso afirmativo, en que prazo?
3. Cal foi o reparto nos dous últimos anos dos medios de loita, por comarcas e distritos?
4. Cre a Consellería do Medio Rural que ese reparto se axusta verdadeiramente á incidencia dos lumes?

Parlamento de Galicia, 21 de maio de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 16:33:59
Nº Rexistro: 4444
Data envío: 21/05/2024 16:33:59.261

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/05/2024 16:30:49

Lara Méndez López na data 21/05/2024 16:30:59

CSV: B6PISJTB93jM9WQTB8i-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13215

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e **Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Galicia necesita avanzar cara a una economía máis circular e isto require avanzar cara modelos de residuo cero e ao mesmo tempo avanzar na sustentabilidade ambiental, económica e social das novas formas de xestión de residuos.

A nova lei estatal “Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para una economía circular”, que incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, vén a incorporar como principios reitores a economía circular, a loita contra o cambio climático e o fomento do emprego verde.

Unha norma que fai fincapé no principio de xerarquía na xestión de residuos, potenciando sucesivamente a prevención, a preparación para a reutilización e a reciclaxe.

Na actualidade Galicia está moi lonxe de conseguir os obxectivos marcados nesta lei polo que o Goberno da Xunta ten que, con urxencia, establecer as medidas necesarias que nos leven a tal fin.

Para isto, dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que cómpre revisar e actualizar a lexislación galega, Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, e proceder á aprobación da planificación da comunidade autónoma relativa á xeración e xestión de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 17:00:30
Nº Rexistro: 4450
Data envío: 21/05/2024 17:00:30.757

residuos: Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG) 2023-2030, e Plan de xestión de Residuos Industriais de Galicia (Priga) 2023-2030, incluíndo os correspondentes plans de prevención.

A maiores o Goberno da Xunta debe establecer con urxencia, e de forma consensuada coa Fegamp, os mecanismos necesarios de colaboración e financiamento cos concellos, e en especial na implantación efectiva da recollida selectiva en orixe da fracción orgánica.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que medidas ten previsto levar a cabo o Goberno galego para cumprir os obxectivos marcados na lei estatal “Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para una economía circular”?
2. Cando vai este goberno proceder á aprobación e publicación da planificación da Comunidade Autónoma relativa á xeración e xestión de residuos?
3. Ten previsto este goberno levar a cabo algún mecanismo de colaboración cos concellos, en especial na implantación efectiva da recollida selectiva en orixe da fracción orgánica?

Parlamento de Galicia, 21 de Maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/05/2024 12:38:01

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13217

@PSdeG



CSV: B6P1S1RBD3-0724W06248-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 17:00:30
Nº Rexistro: 4450
Data envío: 21/05/2024 17:00:30.757

Carlos López Font na data 21/05/2024 12:38:11

CSV: B6P5TRBQ-024W0628-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13218

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a exclusión de alumnado en centros educativos públicos a consecuencia da aplicación do acordo asinado o 10 de outubro de 2023 entre a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP e algunhas centrais sindicais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de marzo finalizaba o prazo para a solicitude de admisión de alumnado para o curso 2024/25 en centros educativos. Todas as familias que optaban a unha praza en 4º Infantil debían presentar a documentación ata esa data. Moitas delas tiñan a súa orixe na escolla dun centro educativo que dese resposta a necesidades concretas de transporte, comedor escolar, aula matinal, actividades complementarias, etc. de cara á conciliación da vida laboral e familiar, e noutros casos para un cambio de centro en outros niveis e etapas educativas, seguindo sempre o dereito das familias á libre elección de centro. Pero a inmensa maioría se corresponde ao centro escolar de referencia que teñen asignado segundo o seu enderezo familiar.

O día 25 de abril saíron publicadas as relacións provisionais de alumnado admitido nos distintos centros escolares, onde moitas familias observan como o seu fillo ou filla non figura nas prazas asignadas por ter os centros maior demanda que oferta.

As familias excluídas amosan unha clara disconformidade ante esta actuación, xa que é inexplicable, por parte incluso da Inspección Educativa, que no centro que lles





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

corresponde, a administración non teña pensado ampliar o número de unidades cando agora é necesario.

Tampouco é entendible por parte das direccións e ANPAs dos centros. Moitas levan todo o curso promocionando a súa escola para ampliar a matrícula todo o posible e non ter perigo así de que dende a Consellaría exista ameazas de peche. Algúns deles teñen mesmo traballado para implementar novos servizos de conciliación para poder dar resposta ás familias que se teñen manifestado claramente interesadas. Agora, se parte desta matrícula coa que contaban non se incorpora, o saldo pode ser negativo na súa totalidade na escola e desequilibrar os contratos coas empresas que xestionan os servizos complementarios por non chegar ao número mínimo de alumnado preciso para poder facer sostible os mesmos, como por exemplo o cátering do comedor ou as aulas matinais. Prexudicando así ao resto do alumnado que permanece no centro.

Esta situación que estase a dar case en todas as comarcas galegas, ten a súa orixe no acordo acadado entre a Consellaría de Educación e algunhas das centrais sindicais, representantes das persoas docentes, que foi asinado o pasado 10 de outubro de 2023 e que entre outras melloras, reducía as ratios nas aulas. En concreto na etapa de Infantil de 25 a 20 alumnos/as por unidade.

Esta cuestión que mellora en boa parte a calidade educativa, xa que o profesorado pode realizar unha atención máis específica a cada un/ha das súas alumnas, estase convertendo nun gran problema para centros que están rexeitando máis dun 50% das solicitudes, mentres poderían estar triplicando, por espazo físico nas súas instalacións, a súa matrícula.

Ademais, tendo en conta o Acordo de 2009, o número de alumnos agrupados de distintos cursos é de 12/14, pero a Consellaría admitía ata o curso pasado incluso 18, polo que non parece agora moi ético que se deixe alumnado sen admitir, prexudicando así tanto ás familias como ás escolas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que resulta evidente é que a redución de ratios consecuencia do citado acordo, non pode conlevar a redución de unidades, a redución de escolas ou a redución de profesorado. As reducións de ratios deben servir para mellorar a calidade do ensino, non para empeorar a vida das persoas. Para a mellora da calidade educativa hai que dispoñer de menos ratios, nas unidades que corresponda por ratio e achegando o profesorado que sexa preciso para a súa debida atención, sobre todo tendo en conta o alumnado con Diversidade e as distintas circunstancias dos centros no rural galego, para que en ningún caso exista un agravio comparativo e se sigan tomando medidas que faciliten a medio prazo o peche de moitos deles.

Dende o BNG trasladamos a preocupación das familias ante esta situación anómala, onde alegando que non existen vacantes, estase a evitar a creación de grupos máis pequenos que benefician ao alumnado.

Ante a solicitude de información das familias afectadas na Inspección Educativa, non hai unha resposta clara, indicando a necesidade de esperar ata xuño, pero sen especificar as medidas de planificación e organización que se van tomar nas comisións de escolarización e que van a afectar ao seu futuro próximo.

Todos os centros educativos galegos, sexan urbanos ou rurais merecen respecto, merecen medrar e optar a un futuro polo que están duramente traballando ás súas comunidades educativas. En resposta a esta clara aposta por novos e interesantes proxectos pedagóxicos, estas escolas só reciben por parte da Consellaría de Educación trabas, dificultades e recortes.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai a Consellería de Educación admitir a todo o alumnado que solicitou praza nos distintos centros educativos galegos para o curso escolar 2024/25 e formar despois as distintas unidades e agrupamentos?

- Que medidas vai tomar a Consellaría que facilite poder incorporar a todo este alumnado aos centros solicitados e dotalos dos recursos que precisan?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 21/05/2024 16:57:43

Ariadna Fernández González na data 21/05/2024 16:59:58





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 17:57:24
Nº Rexistro: 4471
Data envío: 21/05/2024 17:57:24.648

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A riqueza que supón contar cunha lingua propia xustifica que desde a Consellería de Cultura se empreguen a fondo nun traballo real e a pé de terra.

Ese traballo que vemos ten pactos e acordos en diferentes ámbitos pero que existen unicamente sobre o papel e que, de ningún xeito se fai efectivo.

Acordos coa Mesa pola Normalización Lingüística ou acordos de consenso a través da Lei Valentín Paz Andrade establecen unha serie de medidas que, de ningún xeito, vemos que estean materializadas.

Tendo en conta, ademais, que de xeito reiterado vimos chamando a atención sobre este particular. E que o conselleiro de Cultura vai a trazar novas estratexias para o desenvolvemento do seu cometido queremos estar seguros de que dará cumprimento as diferentes peticións, recollidas e consensuadas desde fai tempo no Parlamento de Galicia.

Por tal motivo, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales serán as primeiras medidas que dende a Consellería de Cultura se fagan efectivas para cumprir cos pactos acordados con diferentes estamentos que traballan pola defensa da lingua galega?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 17:57:24
Nº Rexistro: 4471
Data envío: 21/05/2024 17:57:24.648

2. Cal é o calendario previsto polo conselleiro de Cultura para dar cumprimento dos acordos acadados, neste Parlamento, en defensa e promoción do galego?

Santiago de Compostela, 21 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 21/05/2024 17:33:45

Julio Abalde Alonso na data 21/05/2024 17:33:52

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

13224

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQJy43TM067K25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A ANPA do CEIP Mosteiro de Caaveiro do Concello da Capela vén de denunciar que, tal e como informa a Dirección do centro, a Inspección Educativa de Ferrol non autoriza un número de prazas de nova incorporación para nenos/as de tres anos suficientes para as solicitudes xa en firme para o próximo curso 2024/2025 en educación infantil, o que fai que o 50 % das novas solicitudes non contan inicialmente con praza debido ao insuficiente número autorizado pola Consellería para o centro.

A ANPA do CEIP considera que se está a incumprir o acordo de ratios marcado polo Diario Oficial de Galicia número 12 do 17 de xaneiro do 2024 e o preacordo de 10 de xullo de 2009 de agrupamentos de alumnado de Educación Infantil e Educación primaria para a constitución de unidades. Nestes documentos indicase que a ratio é de un/unha profesor/a por cada 12 estudantes e a realidade é que para o próximo curso en 4º, 5º e 6º de Educación infantil xa hai 14 nenos/as polo que xa é necesario dotar de novo profesorado. Cumpre aquí recordar, e recoñecer, que a docente do centro que se responsabiliza dos tres cursos de infantil é ademais a directora do centro.

Conforme sinalan os pais e nais, de cara ao vindeiro curso escolar 2024-2025 hai unha insuficiencia de prazas ofertadas no CEIP Mosteiro de Caaveiro a pesar de que as novas prazas solicitadas no aumento da oferta, dúas, dispoñen de espazo suficiente para poder incorporarse sen necesidade de modificar nin alterar as infraestruturas existentes.





Por outro lado a alternativa formulada polas autoridades académicas e o traslado a outro centro ou non xa que, como indica a inspección “non dependen da Xunta de Galicia”. No caso de que a decisión sexa desprazalas a outro centro, en ningún caso se indica a dispoñibilidade de servizo de transporte, con coidador xa que se trata de nenos/as de tres anos, nin quen costearía ese servizo académico.

Cumpre aquí sinalar que, como indican os pais e nais, as familias de estes nenos e nenas queren escolarizalos en centros educativos do rural; estas familias, algunhas procedentes de fora de Galicia, escolleron residir en esta zona por este tipo de educación, polos beneficios que aporta, xa que consideran que é o mellor para a formación dos seus fillos e fillas. Estas familias apostan claramente pola súa residencia en zonas rurais contribuíndo así a loita contra a despoboación desas zonas. A educación de calidade no entorno rural é o primeiro fronte contra a despoboación do rural que debe ser unha das prioridades do goberno da Xunta de Galicia, e da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

É evidente que non pode deixarse a planificación educativa e o cumprimento do dereito a unha escolarización próxima ao azar, o goberno galego ten a obriga de garantir unha oferta suficiente sen obrigir a desprazamentos innecesarios simplemente por criterios economistas, aforrando na contratación de profesorado.

Por último, indicar que esta situación non afecta unicamente as familias do alumnado implicado senón que afecta directamente a toda a comunidade de A Capela e ao seu futuro.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 18:02:45
Nº Rexistro: 4476
Data envío: 21/05/2024 18:02:45.716

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional dar resposta positiva as solicitudes da ANPA do CEIP Monasterio de Caaveiro de A Capela, que contan co apoio do Conello de A Capela?
2. Cales son as ratios que deben cumprirse nos centros e unidades escolares do rural?
3. Que ten previsto o Goberno galego para garantir a calidade e oferta educativa nas zonas do rural de Galicia?

Santiago de Compostela, 21 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 21/05/2024 18:01:07

Silvia Longueira Castro na data 21/05/2024 18:01:16

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13227

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O pasado 29 de abril celebrábase un Pleno ordinario no Concello de Monforte, onde se debatía unha proposta presentada polo Grupo Municipal Socialista. Dita proposta foi aprobada por unanimidade.

Nos case nove anos que o Partido Socialista está ao fronte do Concello levan a cabo un programa de actuacións nas infraestruturas municipais, co obxectivo de dotar con mellores servizos ao municipio e polo tanto a súa veciñanza.

O obxectivo municipal é seguir nesta liña o que está a supoñer unha mellora moi importante en todos os ámbitos do Concello de Monforte, tanto no ámbito urbano como nas parroquias.

O Concello vén de arranxar unha estrada provincial coa colaboración co ente provincial, estrada que une San Xoan de Tor con Fiolleda, rematando con esta actuación o arranxo de todas as estradas provinciais situadas no termo municipal de Monforte de Lemos.

Lamentablemente non fan o mesmo todas as administracións, naquelas estradas que discorren polo termo municipal, nomeadamente a Xunta de Galicia, cando menos, un par de travesías da súa titularidade, que compren a función de estrada e de rúa o mesmo tempo, como é o caso da rúa Chantada e da rúa Morín principalmente.





A rúa Chantada, que ten o seu inicio no cruce da rúa Cardeal coa avenida de Galicia onde está instalado o quilómetro cero, ten o seu asfalto moi deteriorado en varios puntos, xerando algunha fochanca e tendo gretado o asfalto noutras partes do pavimento, e require tamén dunha renovación de sinalización horizontal alo menos dende o cruce do Cardeal á rotonda do Hórreo, aínda que requiriría dun proxecto de desdoblamento entre a rotonda do Hórreo e a rotonda do Salón do moble, onde conecta as vías de alta capacidade de Lugo e de Santiago.

Polo que respecta a rúa Morín, ten incluso o firme máis deteriorado con fochancas e blandóns así como as beirarrúas en mal estado, sendo a titularidade da Xunta de Galicia dende a liña dos edificios de ámbalas marxes desta estada, polo que sería necesario o seu arranxo dende o cruce coa rúa San Pedro ata o final da recta de Ribasaltas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia arranxar a rúa Chantada no Concello de Monforte?
2. Cal sería a previsión para a súa execución?

Santiago de Compostela, 21 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 21/05/2024 17:43:49





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 18:07:42
Nº Rexistro: 4481
Data envío: 21/05/2024 18:07:42.675

Carlos López Font na data 21/05/2024 17:43:57

Paloma Castro Rey na data 21/05/2024 17:44:05

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

13230

@PSdeG



CSV: BGRISIRBDM4997@11k465
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Unións Agrarias-UPA presentou un recurso contencioso ante o Xulgado da Orde do 28/12/2022 onde se establecen as bases reguladoras do programa Impacto Autonómico, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023, publicada no Diario Oficial de Galicia número 3 de 04/01/2023.

Solicítase a nulidade dunha parte do texto de dita orde, a contida nos apartados 1º e 3º do seu artigo 6º por entender que na forma na que figura redactados fan que queden excluídos do seu ámbito de beneficiarios as persoas autónomas con menos ingresos e das entidades con menor facturación, incorrendo así a administración nunha discriminación inxustificada que non se basea en criterios técnicos obxectivos e resulta contraria aos fins da propia orde.

O texto cuxa nulidade se pretende dende Unións no seu recurso corresponde como dicíamos co artigo 6º da orde titulado “persoas beneficiarias” nos seus apartados 1º e 3º que di: 1. Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nesta orde tódalas persoas traballadores e traballadoras por conta propia, así como as persoas mutualistas, con domicilio fiscal en Galicia e que teñan uns rendementos netos mínimos de actividades económicas realizadas de 10.000 € e un máximo de 30.000 €, no mesmo ano 2021. 3. Tamén poden ser beneficiarias as microempresas, sociedades, incluídas as de economía social, comunidade de bens ou sociedade civís, con domicilio fiscal en Galicia e con un mínimo de facturación no ano 2021 de 50.000 € e cun máximo de 750.000 € no mesmo ano 2021.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 18:08:44
Nº Rexistro: 4488
Data envío: 21/05/2024 18:08:44.829

A pretensión da solicitude da nulidade de ditos apartados é por entender que se incorre nunha discriminación inxustificada que non se basea en criterios técnicos obxectivos. E máis porque exclúe como posibles beneficiarios da mesma precisamente a quen ten menos ingresos e unha menor facturación, sendo estes beneficiarios os máis necesitados en estas axudas.

A vista da sentenza que estima o recurso e polo tanto anula os apartados mencionados na exposición é polo que as deputadas que asinan presentan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Ten previsto a Xunta de Galicia resarcir dalgunha maneira a aqueles que quedaron excluídas desta convocatoria?

Santiago de Compostela, 21 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 21/05/2024 17:46:55

Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/05/2024 17:47:04

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13232

@PSdeG



CSV: BGRISJTRBGS438WJQ284-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza cumpra o acordo unanimemente acadado no Parlamento galego a respecto da sanidade gratuíta para aqueles galegos e galegas que non tivesen cotizado nin en Galiza nin en España.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa case un ano, o Parlamento galego aprobaba unanimemente unha iniciativa do BNG que entre outras cousas solicitaba que todos e todas as emigrantes galegas que non tivesen cotizado nunca nin en Galiza nin no Estado español puidesen acceder á nosa sanidade pública sen ter que realizar pago algún, é dicir, gratuitamente como galegos e galegas que son.

Isto debíase a que até o día de hoxe todos e todas as galegas que retornasen e non tivesen cotizado, teñen que pagar unha cifra que rondaba os 90 euros mensuais para facer uso do noso sistema público de saúde.

Co paso dos meses vimos como o Partido Popular eludía facer real este acordo e incluso se atrevía a prometer esa medida en campaña electoral cando xa deberían ter implantado desde había meses dita medida.

Pola contra, na realidade o que o ocorre é que moitos retornados e retornadas solicitan esta medida e non obteñen resposta ou directamente lles din que non é posible, que a única opción é que soliciten o acceso á asistencia sanitaria con cargo a fondos públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por esta razón, desde o BNG reclamamos que esta situación vergoñenta remate xa e que o goberno do PP cumpra coa súa palabra e faga efectivos os acordos acadados nesta cámara hai moitos meses.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a razón que explique que o goberno galego non establecese aínda a gratuidade da sanidade pública a todos e todas as emigrantes que non cotizasen nunca nin en Galiza nin no Estado español?

- Vai a Xunta de Galiza cumprir coa máxima celeridade os acordos acadados na cámara en xuño de 2023 e garantir de xeito real a gratuidade da nosa sanidade pública a todos e todas aquelas emigrantes retornadas que non tivesen cotizado nunca nin en Galiza nin no Estado español?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 22/05/2024 09:27:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 22/05/2024 09:28:40

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2024 09:29:04





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2024 10:16:50
Nº Rexistro: 4531
Data envío: 22/05/2024 10:16:50.656

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En Galicia, actualmente, en materia de estradas, os galegos e as galegas vémonos obrigados a pagar peaxes nas autoestradas do Estado, AP-9 e AP-53, e nas autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57.

No relativo á AP-9 as peaxes actuais son consecuencia da decisión do goberno de José María Aznar que prorrogou a concesión ata 2.048, que debería estar libre de peaxe desde 2.023, de non producirse a prórroga por 25 anos.

Os gobernos de Pedro Sánchez iniciaron, en 2.021, un camiño de bonificacións para a AP-9 que significou un importante aforro paulatino para as galegas e os galegos.

O Goberno da Xunta tivo que reaccionar en 2.021, ás bonificacións da AP-9, aprobando bonificacións na AG-55 e AG-57 pero que non son equiparables ás implantadas polo Goberno do Estado.

Os Socialistas de Galicia apostamos sempre polo avance cara á gratuidade, tanto na AP-9 como na AP-53, para corrixir a nefasta decisión do goberno do PP de Aznar de castigarnos ata 2.048 no relativo á AP-9.

Tamén os socialistas apostamos de forma decidida pola transferencia da AP-9 a Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2024 10:16:50
Nº Rexistro: 4531
Data envío: 22/05/2024 10:16:50.656

Hoxe, seguimos nesa reivindicación e valoramos positivamente os esforzos do Goberno central na ampliación das bonificacións que deben ter o obxectivo final de chegar á gratuidade nas autoestradas de peaxe dependentes do Estado.

Se desde o goberno da Xunta, se mostran de acordo nestas reivindicacións dos socialistas, é evidente que o goberno de Rueda debe ser coherente e iniciar de inmediato todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas AG-55 (A Coruña-Carballo) e AG-57 (Puxeiros-Val Miñor), das que é titular a Xunta de Galicia, e tamén nelas conseguir a gratuidade.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita a contestación á seguinte pregunta:

Cando pensa iniciar a Xunta de Galicia as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas AG-55 e AG-57, de titularidade autonómica?

Parlamento de Galicia, 22 de maio de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2024 10:16:50
Nº Rexistro: 4531
Data envío: 22/05/2024 10:16:50.656

Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 22/05/2024 10:11:12

Paloma Castro Rey na data 22/05/2024 10:11:24

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13238

@PSdeG



CSV: B6P5T8D3-yk4a2v0vWk-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as previsións das retribucións do persoal destinado nos rexistros civís de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ordenación do rexistro civil regulada na Lei de 8 de xuño de 1957 foi totalmente modificada pola Lei 20/21, de 21 de xullo que implantaba un sistema totalmente novo e de aplicación para todo o Estado. O sistema contemplado na norma de 2021 prevé a existencia dun rexistro civil único para todo o Estado, informatizado, de accesíbel electronicamente e que estará a cargo de funcionarios públicos distintos de aqueles que integran o poder xudicial e cunha estrutura organizativa diferente, formada por unha Oficina Central, Oficinas Xerais e Oficinas Consulares. O implantación desta novo sistema exige a reestruturación da organización actual do rexistro civil no que interveñen distintas administracións pública con atribucións concorrentes.

A complexidade do cambio no funcionamento e levanza do rexistro civil, precisa dun necesario período de adaptación, dende o punto de vista tecnolóxico, estrutural e organizativo, a os efectos da dotación de medios dixitais e materiais e de provisión de prazas e formación de persoal.

Neste período de adaptación, que na practica totalidade dos casos se prolongou non menos de 10 anos, se produciu a posta en marcha dunha nova plataforma dixital (DICIREG) adaptada ao novo modelo, que constituirá o instrumento esencial para o funcionamento do sistema tanto no que atinxe ás inscrición de todos os feitos relativos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao estado civil das persoas, como a organización da publicidade ou o acceso telemático ás inscricións.

Ao abeiro da modificación establecida pola lei 6/21, de 28 de abril, a efectiva posta en marcha do novo sistema rexistral requiría o ditado de Resolución da Dirección General de Seguridad Jurídica y Fe Pública que ordenase a posta en marcha das concretas oficinas, algo que xa se produciu en boa parte de Galiza, no que xa esta implantado este novo modelo, polo que xa é posible facer unha avaliación do mesmo e das responsabilidades e custes do mantemento deste sistema centralizado e desxudicializado.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

O novo sistema de Rexistro Civil está totalmente implantado en todas as localidades de Galiza?

Como valora o proceso de cambio do sistema de INFOREG ao DICIREG?

A migración de datos foi completa, podéndose traballar na nova plataforma obviando tanto a información contida na anterior como nos propios libros físicos?

Completoouse o proceso de dixitalización ou aínda existen libros pendentes de introducir no sistema?

Malia a desxudicialización do rexistro civil e que o seu funcionamento depende do Ministerio de Justicia, o persoal funcionario seguirá sendo o mesmo debendo compatibilizar estas funcións coas realice dentro da administración pública na que se insira?

A que corresponde o pagamento da totalidade das retribucións deste persoal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten avaliado a Xunta de Galiza os custes da atención do rexistro civil por persoal da administración autonómica ou local?

Recibe a Xunta de Galiza ou pensa reclamar algunha compensación polas funcións que realiza o persoal da Xunta de Galiza en materias relacionadas coa xestión do rexistro civil?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/05/2024 10:32:25

Óscar Insua Lema na data 22/05/2024 10:33:52





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Consello de Contas de Galicia publicou o 6 de maio de 2024 os seguintes informes:

- Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade autónoma, exercicio 2022.
- Informe de Fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas.
- Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022.
- Informe Económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022.
- Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

Nos devanditos informes, o órgano fiscalizador pon de manifesto importantes irregularidades apunta a un deficiente orzamento da Xunta de Galicia en 2022 ao existir un uso recorrente das ampliacións de crédito, que van á alza, do mesmo xeito que o uso do fondo de continxencia para partidas previsibles.

No seu informe sobre a Conta Xeral o Consello de Contas incide en diferentes ineficiencias á Xunta de Galicia nos últimos anos, os cales pasan por un uso indebido do fondo de continxencia, imputar gastos a exercicios que non se corresponden e ampliacións de crédito reiteradas sobre partidas que se poden determinar anualmente de forma máis precisa nos orzamentos iniciais.





Respecto ó Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, a fiscalización do Consello de Contas amosan un total descontrol.

Nos datos publicados polo Ministerio de Sanidade (Catálogo Nacional de Hospitais 2022), na Comunidade Autónoma de Galicia existían un total de 19 hospitais privados cun total de 2.173 camas, sendo o seu índice de ocupación do 55 % en 2021.

Ao mesmo tempo, os 14 centros públicos da rede asistencial do Sergas contaban con 7.279 camas (o 77 % do total da comunidade autónoma), sendo o seu índice de ocupación en 2021 do 71 %.

Na área fiscalizada as camas dos hospitais privados representan o 8 % do total, repartido en dúas entidades, o Centro Médico El Carmen e COSAGA. Os centros públicos acaparan o maior número de altas e estancias.

Na actividade cirúrxica estes son predominantes en cirurxía con ingreso (64 % do total) e en cirurxía maior ambulatoria (en adiante CMA) (72 %) en tanto que na cirurxía menor existe certo equilibrio, con tendencia temporal a cobrar máis relevancia nos centros privados. A actividade do Sergas na prestación de asistencia sanitaria con medios alleos significou en 2022 o recoñecemento de obrigas por importe de 225,8 millóns de euros, incrementándose nun 2 % respecto do ano anterior. Porén, atendendo ao gasto real (en 2021 contabilizáronse obrigas devindicadas en 2020 por importe de 5,3 millóns de euros e en 2022 18,6 mil euros correspondentes a obrigas de 2021) a variación interanual foi do 5 %. O gasto nestas prestacións vén representando o 4,5 % do gasto orzamentario e mantén unha certa estabilidade no seu peso específico. O volume de obrigas recoñecidas en 2022 derivadas dun procedemento contractual acadaron os 189 millóns de euros, se ben se inclúen dentro deste cómputo contratos de dubidosa vixencia, ao prolongarse, de xeito espurio, algún deles por causa de interese público máis alá dun tempo razoable unha vez que xa rematara a súa vixencia. O 7 % do gasto total do artigo 25 (15



millóns de euros) aínda está soportado pola figura da “autorización temporal de uso”, dos que o 53% corresponden á área sanitaria obxecto de fiscalización. Como xa se puxo de manifesto, de xeito reiterado, esta figura véñse utilizando desde fai décadas polo Sergas de xeito indiscriminado, e para fins distintos dos usos sanitarios ao que en principio estaba encamiñada e, á marxe de vulnerar a súa propia autorregulación ao empregarse de xeito reiterativo, úsase como vía ordinaria e non excepcional de provisión de servizos o que supón unha subversión da legalidade vixente en materia contractual, ao tratarse de adxudicacións de prestacións de xeito directo, sen concorrência, publicidade e igualdade de trato, carecendo, ademais, de pregos que ordenen os dereitos e obrigas das partes e delimiten as características xurídicas e técnicas da prestación. Nos derradeiros anos, e en virtude das reiteradas recomendacións, estanse poñendo en marcha os procesos contractuais para regularizar o antes expresado, se ben no momento actual aínda persisten boa parte deles.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. Vai o Goberno galego a asumir neste 2024 todas e cada unha das recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras?
2. Comprométese o Sergas a que o 100 % a prestación de servizos con medios alleos se vai a axustar ao marco legal vixente de contratación pública, de tal xeito que se deixe de utilizar a figura da “autorización de uso”, que carece de encaixe no referido marco?
3. Todos os servizos sanitarios prestados con medios alleos vai a axustarse aos principios de complementariedade e subsidiaridade?
4. Procederase a unificar o catálogo de servizos adecuando este ao sistema de codificación universal de enfermidades?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2024 11:59:41
Nº Rexistro: 4555
Data envío: 22/05/2024 11:59:41.640

5. As tarifas aboadas fundaranse a unha avaliación efectiva de custos e no coñecemento do mercado, e como consecuencia, fixarase o establecemento dun sistema de información contable que permita coñecer o custo dos seus propios servizos?

Santiago de Compostela, 22 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 22/05/2024 11:52:49

Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/05/2024 11:52:59

Paloma Castro Rey na data 22/05/2024 11:53:06

Elena Espinosa Mangana na data 22/05/2024 11:53:13

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13245

@PSdeG



CSV: B0PIS7BDC3B460M04B10-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No documento do ano 2019, de análise e recomendacións realizado polo grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais, constituída a raíz dos incendios do ano 2017, sobre os datos e a experiencia das accións de prevención en Galicia mostrábanse como ameazas:

- O forte declive económico e demográfico das áreas rurais
- O abandono do rural
- A aparición de lumes de 4ª, 5ª e 6ª xeración que comportan a existencia de zonas fóra de capacidade de extinción.
- A escasa planificación preventiva.

Unha situación que pouco ten mudado desde aquela polo que este grupo parlamentario ten insistido na necesidade de poñer en valor o medio rural, de dar cumprimento ás 123 medidas do ditame aprobado no Parlamento de Galicia, que loiten contra esta grave problemática e que cada ano, se non se toman as necesarias medidas preventivas, vai ser máis grave, afectando á seguridade mesma das persoas e dos seus bens.

E por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2024 12:53:51
Nº Rexistro: 4565
Data envío: 22/05/2024 12:53:51.129

1. Vai o Goberno galego realizar un documento de análise, onde se estudien os éxitos e fracasos da política de incendios forestais, que sirva para reflexionar e adoptar medidas acordes coa extraordinaria gravidade do problema?
2. Cales foron concretamente as medidas preventivas empregadas e que orzamento dedicou o Goberno galego ás referidas actuacións no ano 2023, e desde xaneiro de 2024 á actualidade, desagregando as actuacións por municipios?
3. Que accións concretas emprenderon en silvicultura preventiva desde xaneiro de 2024 ata a actualidade, coa indicación das actuacións por municipios?

Parlamento de Galicia, 22 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/05/2024 12:47:49

Lara Méndez López na data 22/05/2024 12:48:00

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

13247

@PSdeG



CSV: BGRISJTRDQy#RWSJ2Bk;-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Castro García, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da lingua galega na EGAP.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 24.º “A Escola Galega de Administración Pública encargarse da formación dos funcionarios a fin de que poidan usar o galego nos termos establecidos pola presente Lei”.

O Plan xeral de normalización lingüística, aprobado en 2004, establece as seguintes medidas en relación coa administración pública e coa EGAP:

1.1.8. Redeseñar os cursos de actualización técnica dos funcionarios de xeito que, fóra de casos extremos, esa formación técnica se dea en lingua galega.

1.1.9. Reforzar o papel da EGAP, creando nela un departamento que planifique a formación lingüística na súa actividade, de xeito que todos os cursos técnicos se dean en galego ou que, polo menos, reserven un 25% das clases para facilitarlles aos alumnos toda a terminoloxía técnica desa materia en galego, para facer prácticas de expresión técnica desa área en galego e garantir que a avaliación final certifique non só a competencia lingüística adquirida, senón tamén a actitude positiva ante a lingua.

A pesar disto, este 2024 é a primeira vez na historia que a Escola Galega de Administración Pública non convoca ningún acto para conmemorar o Día das Letras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galegas, esquecendo un dos seus fins, que figuran na Lei 4/1987, modificada pola Lei 10/1989:

A difusión e a normalización do idioma galego na Administración Pública, a capacitación lingüística do persoal e maila participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

Alén disto, a formación en lingua galega da EGAP é cada vez máis reducida, ademais de que a docencia e os materiais didácticos dos diferentes cursos que imparte a EGAP cada vez se imparten máis en castelán.

A EGAP debería aplicar de xeito sistemático o criterio, establecido no PXNL, do uso prioritario da lingua galega. Ademais, debería establecer un plan para a planificación lingüística da súa actividade, tamén tal e como indica o PXNL.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno galego a eliminación da conmemoración do Día das Letras Galegas por parte da Escola Galega de Administración Pública, que até agora se organizaran todos os anos, ininterrompidamente?
- De que datos dispón o goberno galego en relación co traballo no ámbito do uso e da promoción da lingua galega que fai a EGAP?
- A EGAP vai establecer algún plan para o incremento do uso da lingua galega na formación que imparte?
- A EGAP vai establecer algún plan de normalización do uso do galego na súa formación?
- O goberno galego ten previsto aplicar algunha estratexia para o cumprimento do Plan de Normalización Lingüística na EGAP?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Daniel Castro García,

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 22/05/2024 13:21:13

Mercedes Queixas Zas na data 22/05/2024 13:23:48

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/05/2024 13:24:17

Daniel Castro García na data 22/05/2024 13:24:54





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Consello de Contas de Galicia publicou o 6 de maio de 2024 os seguintes informes:

- Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade autónoma, exercicio 2022.
- Informe de Fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas.
- Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022.
- Informe Económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022.
- Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

Nos devanditos informes, o órgano fiscalizador pon de manifesto importantes irregularidades apunta a un deficiente orzamento da Xunta de Galicia en 2022 ao existir un uso recorrente das ampliacións de crédito, que van á alza, do mesmo xeito que o uso do fondo de continxencia para partidas previsibles.

No seu informe sobre a Conta Xeral de 2022, Contas incide en diferentes reproches realizados á Xunta nos últimos anos, os cales pasan por un uso indebido do fondo de continxencia, imputar gastos a exercicios que non se corresponden e ampliacións de crédito reiteradas sobre partidas que se poden determinar anualmente de forma máis precisa nos orzamentos iniciais.





Un exercicio que se viu marcado pola xestión dos fondos europeos de recuperación fronte á pandemia, no que a xestión do goberno galego amosase claramente como ineficiente e cunha porcentaxe de execución por debaixo do cincuenta por cento. Nun ano aínda marcado pola incidencia da covid, obsérvase que os recursos do sistema de financiamento autonómico caeron un 2,2 %.

A baixa recadación efectiva do ano 2020, a consecuencia do impacto de crise, deu como resultado unha liquidación negativa dos recursos do sistema de 392,2 millóns de euros (fronte ao saldo positivo do exercicio anterior de 376 millóns de euros) que foi compensada polo Estado cunha transferencia extraordinaria polo mesmo importe.

O Consello de Contas ano tras ano ven advertindo que a execución orzamentaria dos Fondos Europeos está por debaixo do 50 %, de forma sistemática.

Quedan sen executar 5,5 euros de cada dez que se programan e chegan a pagarse 3 de cada 10 euros que se presupostan.

Dos 448 proxectos con fondos europeos xestionados pola Comunidade Autónoma case 4 de cada 10 non tiveron ningún pago no exercicio.

Respecto á execución dos fondos europeos de recuperación, o informe indica que en decembro de 2022 o Estado asignara a Galicia 1.659 millóns de fondos europeos de recuperación pola covid, dos que a Xunta ingresara 1.218 millóns.

De acordo coa programación plurianual, os créditos consignado a finais de 2022 para os fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación (MRR) foron de 529 millóns e para o REACT, de 596 millóns, polo que a execución sitúase no 35 % e o 36 %, respectivamente, dos créditos definitivos. Con todo, estaba en fase de compromiso o 56 % dos créditos (un 72 % se se consideran compromisos futuros).





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 4600
Data envío: 22/05/2024 16:24:31.750

Esa execución acumulada representa un 15 % dos fondos MRR asignados polo Estado para o período de programa 2021-2026 (un 17 % dos ingresados) e un 48 % dos fondos REACT asignados (un 182 % dos ingresados) para o período 2021-2023.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a asumir neste 2024 todas e cada unha das recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no informe sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma publicado o 6 de maio de 2024?
2. Que medidas vai a adoitar o Goberno galego para mellorar a xestión da execución e pago dos fondos europeos de recuperación que se sitúan por debaixo do 50 %?

Santiago de Compostela, 22 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 22/05/2024 16:20:04

Paloma Castro Rey na data 22/05/2024 16:20:13

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13253

@PSdeG



CSV: BGPISIRBQyJj\$W6G3k-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 4600
Data envío: 22/05/2024 16:24:31.750

Elena Espinosa Mangana na data 22/05/2024 16:20:19

CSV: B6PISJTB9CjyJfW6G3k4-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13254

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para solucionar os déficits na atención sanitaria da comarca do Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos ás portas do verán e volve saltar a preocupación da veciñanza e d@s profesionais porque os déficits da atención sanitaria, xa cronificados, aumenten na época estival e de novo a comarca do Salnés se converta no quilómetro 0 da desfeita sanitaria.

Preocupación, porque os atrasos, que xa se producen, para recibir asistencia sanitaria, tanto nos centros de saúde e PACs como en ambulancias se multipliquen pola falta de persoal.

Preocupación, porque co importante aumento da poboación, pol@s moitas persoas que nos visitan no verán, o servizo de ambulancias sexa insuficiente, xa que é claramente insuficiente para prestar atención habitual a unha comarca con arredor de 100 mil habitantes, con importante actividade económica, turística e alta sinistralidade.

Preocupación porque de novo o 061 tome a decisión de trasladar a ambulancia medicalizada a Sanxenxo durante os meses de verán, cando o resto do ano ten a base no Hospital do Salnés, na vez de ampliar con unha nova. Decisión que ten consecuencias fatais para a veciñanza do Salnés, porque deixa desprotexida unha parte importante da comarca, ao aumentar os tempos de resposta diante dunha emerxencia.

Son precisas medidas para solucionar os déficits existentes e que a veciñanza do Salnés dispoña dos recursos precisos para recibir unha asistencia sanitaria de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a planificación do Sergas para solucionar os déficits nos PACs, centros de saúde e servizo de ambulancias?

Cando van poñer en marcha medidas estruturais para solucionar os déficits permanentes nos PACs, centros de saúde e ambulancias do Salnés?

Coida que @s profesionais poden desenvolver a súa labor e prestar unha óptima calidade asistencial na situación de sobrecarga e presión na que traballan?

Vai manter a ambulancia de SVA na base do hospital do Salnés todo o ano ou teñen intención de trasladala para Sanxenxo nos meses de verán?

Non lle parece preciso dotar dunha ambulancia de SVA e unha de SVB os meses do verán para cubrir o aumento da demanda nos concellos de Sanxenxo e O Grove?

Vai dotar cunha nova ambulancia de SVB con base en Vilagarcía os 12 meses do ano?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2024 18:03:34

Iria Carreira Pazos na data 22/05/2024 18:03:37





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2024 18:13:24
Nº Rexistro: 4621
Data envío: 22/05/2024 18:13:24.791

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A deficiente xestión da Atención Primaria durante esta década de goberno do Partido Popular produce que a calidade da nosa sanidade pública estea danada, e provoca unha situación de colapso e de deficiencias no servizo.

Isto afecta a moitas poboacións do noso rural, pero tamén a zonas urbanas como é o caso do barrio de Monteporreiro.

Este barrio, situado no concello de Pontevedra, onde residen aproximadamente 8.000 persoas, é un dos máis poboados da cidade.

Conta cun centro de saúde, que inicialmente tiña un cadro de persoal consistente en: 3 médicos/as, 2 enfermeiras; 1 pediatra e 1 enfermeira de pediatría, que atendían a unha media de 800 nenos e nenas.

Pero na actualidade este cadro viuse minguado porque desde o Servizo Galego de Saúde non substituíron os traslados e xubilacións, quedando só 2 médicos/as e 2 enfermeiros/as.

Os veciños e veciñas, reclamaron en varias ocasión que se cubriran estas baixas, tanto a nivel público, mediante concentracións como mediante escritos á Consellería de Saúde.





Tras anos de reclamacións non se obtivo ningunha resposta por parte da Xunta de Galicia, no que entendemos pretende ser un claro desmantelamento deste centro de saúde.

Na actualidade a atención sanitaria neste centro de saúde é moi deficiente, por unha banda, os dous médicos teñen os cupos cheos, o que obriga a ter que se desprazar a un centro de saúde da cidade; e por outra, os 800 nenos e nenas xa non teñen pediatra, polo que para ser atendidos deben desprazarse ao centro de saúde da parroquia de Lérez, cos inconvenientes que isto supón.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista insistimos na necesidade de cubrir estas baixas e dotar aos centros de Atención Primaria do persoal suficiente para cubrir as necesidades da poboación á que están adscritos.

Ante esa situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Ten a Xunta de Galicia previsto restablecer a atención pediátrica no Centro de Saúde de Monteporreiro en Pontevedra, como se viña facendo ata xuño de 2020?
2. Ten a Xunta de Galicia previsto repoñer as vacantes dun médico/a e dunha enfermeira/o, ata cubrir o posto de 3 profesionais en cada unha das categorías?

Parlamento de Galicia, 22 de maio de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2024 18:13:24
Nº Rexistro: 4621
Data envío: 22/05/2024 18:13:24.791

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/05/2024 17:51:42

Elena Espinosa Mangana na data 22/05/2024 17:51:55

Silvia Longueira Castro na data 22/05/2024 17:52:06

CSV: BGRISIRB3Y3WMD44-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

13260

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A transformación dos servizos sanitarios cara a modelos asistenciais máis próximos e amables para a persoa paciente é o reto ao que se teñen que enfrontar as administracións.

Entre eses novos modelos figura a hospitalización a domicilio, que consiste en atencións e coidados médicos e de enfermaría de rango hospitalario proporcionados aos e ás pacientes no seu domicilio por profesionais e con recursos materiais propios do hospital.

Neste novo marco asistencial, a Xunta de Galicia conta co Plan galego de hospitalización a domicilio, enmarcado na Estratexia HADO 2019-2023, que se presenta como “un eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria xa que humaniza a atención, permite traballar de xeito coordinado e leva o hospital alí onde se necesita”.

O propio plan marca a previsión de poder chegar canto antes a toda a poboación galega máis na actualidade existen unhas enormes diferenzas entre as áreas sanitarias do país.

Así, mentres nalgunha area sanitaria o HADO chega a todo o seu territorio, na de Pontevedra-Salnés existen aínda moitos puntos sen cobertura e outros nos que só se cobren casos excepcionais.





Na actualidade esta área sanitaria está cuberta por 3 equipos: 1 no Salnés e 2 en Pontevedra como hai 20 anos.

Antes da pandemia incorporaran outro equipo pero durou só uns meses, e trala irrupción da covid-19 a situación empeorou notablemente. Cada equipo está formado por 1 médico e 1 enfermeira e cun número de 6 pacientes en cartilla. Neste momento cobren comarca Salnés (salvo O Grove); Ulla-Umia (so ata Barro); Cerdedo-Cotobade (so ata Viascón) e os concellos que se atopan á marxe da estrada Pontevedra-Vigo ata Arcade (Soutomaior), quedando polo tanto moitas zonas descubertas.

Diante desta disparidade na cobertura asistencial en Galicia, que non fai máis que establecer cidadanías de primeira e segunda categoría nun asunto tan vital como o que nos ocupa, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entende que o Goberno da Xunta de Galicia ten que incrementar o persoal deste servizo para que poida chegar á maior parte do territorio. Por outra banda, e tendo en conta o gran traballo que desenvolven as persoas profesionais deste servizo, o Goberno galego ten que mellorar as súas condicións laborais, xa que non se pode consentir que por exemplo, un destes médicos estivese 8 anos encadeando contratos mensuais.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Como valora o Goberno galego que exista tanta diferenza na cobertura do servizo de HADO entre as distintas áreas sanitarias?
2. Cales son as razóns de que a área sanitaria de Pontevedra-Salnés deixe fóra do servizo HADO a numerosos núcleos de poboación?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 4629
Data envío: 22/05/2024 18:34:20.735

3. Ten previsto o Goberno galego incrementar o número de equipos HADO na área sanitaria Pontevedra-Salnés para chegar este servizo a todos os concellos e parroquias?

4. Entende este goberno que as persoas profesionais que traballan no servizo HADO teñen unhas condicións laborais dignas?

Santiago de Compostela, 22 de mayo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/05/2024 18:28:35

Silvia Longueira Castro na data 22/05/2024 18:28:44







OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O texto redactado, en termos xerais, apuntaba nunha vía correcta de intervención. Porén a súa aplicación non deu resultados pola falla de compromiso da Xunta de Galiza na posta en marcha das medidas propostas. Por tanto, este foi un plan positivo no papel e negativo no seu rendemento.

Este é un exemplo máis da política de propaganda da Xunta de Galiza, que concibe a redacción dos plans como un mecanismo máis de promesas falsas que logo esquecen e gardan no caixón.

Para evitar esta desviación, as entidades sociais participantes na elaboración do plan, plantearon a necesidade de incorporar unha serie de mecanismos que asegurasen o seguimento e avaliación das medidas e que permitisen obter información periódica sobre o grao de execución das medidas propostas, da consecución de obxectivos e dos resultados obtidos. Estes mecanismos de control e xestión foron incluídos no propio plan e debían operar como base para corrixir, en caso de ser necesario, as medidas propostas.

En concreto o Plan previa 3 tipos de instrumentos de seguimento. En primeiro lugar, un mecanismo de seguimento anual, que comprendía a elaboración dun informe de avaliación de resultados e reunións do Grupo de traballo sobre inclusión residencial no seo da Axenda Social Única de Galiza. En segundo lugar, unha avaliación intermedia do plan que abarcaba a execución entre 2019 e 2021 e que debía presentarse ao Consello Galego de Benestar Social no primeiro trimestre do ano 2022, afondando na avaliación por indicadores. Por último, contemplábase a redacción dun informe de avaliación final que debía ser presentado ao Consello Galego de Benestar Social no primeiro trimestre do ano 2024.

Para alén disto tamén estaba contemplada a creación dunha Comisión técnica de seguimento e avaliación, a creación dunha comisión interdepartamental que implicaba





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ás cinco consellerías implicadas e que debían reunirse con carácter anual e reunións bilaterais entre consellerías.

Ademais, para unha mellor coordinación con outras Administracións, o Plan previa intensificar o funcionamento do Grupo de traballo de inclusión residencial. Igualmente, consideraba necesario mellorar a relación entre Xunta e entidades de iniciativa social mediante a creación de mesas específicas de traballo no marco do Consello Galego de benestar Social.

Unha vez concluído o período de vixencia do Plan é momento de avaliar cal foi a implicación da Administración no correcto funcionamento do Plan, cales foron as medidas concretas que se implementaron e cal foi o grao concreto de consecución de obxectivos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a execución e os resultados do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galiza 2019-2023?
- A Xunta de Galiza elaborou os informes anuais de seguimento do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galiza 2019-2023?
- A Xunta de Galiza elaborou o informe intermedio de seguimento do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galiza 2019-2023?
- A Xunta de Galiza elaborou un informe final de avaliación do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galiza 2019-2023?
- Ten feita unha avaliación das medidas e dos orzamentos mobilizados para cada unha das 108 medidas previstas no plan?
- Vai facer públicos eses informes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto realizar un diagnóstico das medidas que fallaron no anterior Plan de cara a elaboración do novo?
- Cantas veces se reuniu o Grupo de traballo sobre inclusión residencial da Axenda Social Única de Galiza?
- Cales foron os principais acordos?
- Cantas veces se reuniu a Comisión técnica de seguimento e avaliación?
- Cales foron os principais acordos?
- Cantas veces se reuniu a mesa específica de traballo sobre o senfogarismo no marco do Consello Galego de benestar Social.?
- Que valoración fan destes instrumentos de coordinación?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2024

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2024 19:29:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 22/05/2024 19:29:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Oscar Insua Lema e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os sistemas de xestión dos biorresiduos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a intentar impoñer pola vía dos feitos o sistema do quinto colector ou colector marrón como principal/único sistema de xestión dos biorresiduos.

Consideramos un grave erro a equiparación xestión de biorresiduos = a colector marrón. De primarse algún dos modelos debería ser o de proximidade (tratamento in situ, sen recollida e traslado, é dicir, a compostaxe doméstica e comunitaria), por ser o máis acaído para a dispersión que caracteriza o noso modelo de poboamento. Débese facer fincapé na viabilidade deste modelo tanto para áreas de rural disperso como para grande parte das zonas urbanas e periurbanas, tan como demostrou o Plan Revitaliza impulsado pola Deputación de Pontevedra.

Naquelas zonas urbanas nas que non sexa posíbel a xestión de proximidade -sen necesidade de recollida e transporte a planta-, deberían fomentarse aqueles sistemas que teñen maior eficacia como o coñecido como “porta a porta” e no seu defecto o sistema de colector marrón. Tamén se debe prever a alternativa de sistemas mixtos, sistemas de xestión específicos para grandes produtores, sistemas baseados na agrocompostaxe, etc.

Por outra parte, a opción preferente para o aproveitamento dos biorresiduos debe ser a produción de compost de calidade, o que determina a necesidade de alcanzar elevados estándares de calidade en todo o proceso de recollida e tratamento. Mais esta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non é a alternativa pola que aposta a Xunta, xa que pretende darlle prioridade á utilización dos biorresiduos para a produción de biogás e outros biocombustíbeis. O proxecto de lei de beneficios sociais e económicos dos recursos naturais de Galiza contén un título, o sétimo, dedicado aos “Residuos biometanizables”.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai promover a Xunta un acordo de país en relación coa xestión dos residuos municipais, que se concrete no consenso sobre as grandes liñas de actuación do Plan de Residuos Municipais 2023-2030?

Vai priorizar a Xunta a xestión e tratamento in situ dos biorresiduos (compostaxe doméstica e comunitaria), por ser unha alternativa válida para a inmensa maioría dos núcleos de poboación do noso país?

Vai colaborar o goberno galego coas entidades locais na elaboración das ordenanzas de xestión e na creación de corpos de inspección que velen polo cumprimento da normativa de residuos?

Ten previsto a Xunta empregar os biorresiduos recollidos de maneira separada polos concellos para a produción de biogás?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Oscar Insua Lema

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 23/05/2024 10:34:15

Óscar Insua Lema na data 23/05/2024 10:37:05

Alexandra Fernández Gómez na data 23/05/2024 10:38:41





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Consello de Contas de Galicia publicou o 6 de maio de 2024 os seguintes informes:

- Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade autónoma, exercicio 2022.
- Informe de Fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas.
- Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022.
- Informe Económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022.
- Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

Nos devanditos informes, o órgano fiscalizador pon de manifesto importantes irregularidades apunta a un deficiente orzamento da Xunta de Galicia en 2022 ao existir un uso recorrente das ampliacións de crédito, que van á alza, do mesmo xeito que o uso do fondo de continxencia para partidas previsibles.

Respecto ó informe do Consello de Contas respecto da situación económica financeira das entidades instrumentais que integran o sector público autonómico, o informe evidencia importantes irregularidades e falta de transparencia.





Transcorridos xa trece anos desde a aprobación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia (Lofaxga), a Comunidade Autónoma continúa sen pór en marcha o rexistro de entidades dependentes previsto nesta norma e no que se deberían inscribir, preceptivamente, a constitución de entidades e demais actos que se determinen regulamentariamente e no que se depositen as contas anuais para a súa remisión ao Consello de Contas.

Este incumprimento obstaculiza a delimitación das entidades que, segundo a normativa vixente, deben ter a consideración de sector público autonómico e que deben estar sometidas aos procedementos e controis propios da xestión do sector público. Esta situación obriga o órgano de control externo a empregar a información recollida no Inventario de Entidades do Sector Público do Ministerio de Hacienda. Malia que o 25 de abril de 2023 o Pleno do Parlamento de Galicia incidiu nesta preocupación ao acordar por unanimidade instar a Xunta de Galicia a poñer en marcha de forma inmediata este rexistro, na data de aprobación deste informe tal feito segue pendente de se producir.

A información contable rendida presenta defectos que deberían corrixirse para incrementar a transparencia sobre a xestión económica do sector instrumental.

Non se realizaron nas entidades instrumentais controis de eficacia, auditorías operativas e supervisións continuas que traten de verificar o cumprimento de obxectivos, a boa aplicación dos fondos recibidos e a subsistencia das circunstancias que xustificaron a creación do organismo.

As entidades instrumentais (excluído o Sergas) dispoñían en 2022 aproximadamente o 17 % do orzamento autonómico. Malia a redución considerable no número de entidades dende 2011, o volume de fondos do sector instrumental dende ese exercicio e, en particular, as transferencias e subvencións consignadas nos orzamentos da Xunta para o devandito sector medraron pola xeneralización do modelo de axencia.





Os recursos finalmente xestionados en 2022 ascenderon a 1.757 millóns de euros. O 47 % dos recursos administrados polas entidades instrumentais son xestionados polas axencias. A diferenza do acontecido na Administración do Estado e noutras comunidades, a Xunta de Galicia optou por empregar o modelo de axencias para xestionar de maneira descentralizada importantes áreas de gasto que ata ese momento eran desenvolvidas de forma centralizada, como por exemplo: infraestruturas, innovación, equipamento tecnolóxico, turismo e servizos sociais, entre outras. Atópase pendente de realizar a transformación prevista na Lofaxga dalgúns entes públicos en axencias, circunstancia agravada polo feito de que esta norma establecía na súa disposición transitoria terceira o prazo dun ano para a dita transformación. Por outra banda, aínda que no programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público elaborada pola Xunta de Galicia estaba previsto que as 16 axencias tivesen contrato de xestión en 2022, á data de peche deste informe tan só constaba a aprobación deste instrumento en 6 delas.

A maior parte dos recursos do conxunto de entidades dependentes foron achegados pola Administración autonómica, vía transferencias de financiamento e subvencións, polo que o grao de dependencia financeira do sector instrumental é moi alto, sen que obteñan porcentaxes significativas dos seus fondos sen recorrer ao Tesouro autonómico. O escaso nivel de xeración de ingresos propios dalgunhas das sociedades públicas cuestiona que as actividades desenvolvidas por estas sexan mercantís ou empresariais. Por outra banda, nas fundacións públicas, a dependencia das subvencións autonómicas, superior ao 85 %, evidencia a incapacidade para usar o modelo para incentivar a participación do financiamento privado en actividades de interese xeral

O informe apunta tamén a varias incorreccións, tales como que a memoria non se axusta á estrutura da contabilidade de Galicia, ademais de que a información dos contidos incluídos non é completa. Tamén se reproba que se anote como activos financeiros 114,2 millóns destinados a cubrir déficits de





explotación da CRTVG que deberían rexistrarse como gasto non financeiro e, por tanto, diminuír o resultado de operacións non financeiras nese importe.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a asumir neste 2024 todas e cada unha das recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no informe sobre a situación económico financeira das entidades instrumentais do sector público autonómico publicado o 6 de maio de 2024?
2. Porase en marcha o rexistro das entidades dependentes prevista na Lofaxga, tendo en conta o tempo transcorrido desde a entrada en vigor, e establecer sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público autonómico e dos entes adscritos?
3. O Goberno galego desenvolverá no 2024 un sistema de supervisión das entidades dependentes da Xunta para comprobar os seus motivos de subsistencia e sustentabilidade financeira, onde se inclúa a formulación expresa de propostas de mantemento, transformación ou extinción destes entes?
4. Comprométese o Goberno galego para que todas as entidades do sector público autonómico que non renderon contas o fagan?
5. Vai á Xunta de Galicia a instar ós entes instrumentais a subministrar información sobre o custo de actividades e indicadores de xestión como medio para avanzar na dirección por obxectivos e no control de eficiencia?
6. Os consorcios e fundacións públicas nas que a Administración autonómica participe adaptarán os seus estatutos para sinalar expresamente cal é a Administración de adscrición tal como esixe a normativa básica contida na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público?
7. Estableceranse as medidas oportunas para transparentar a actuación financeira das entidades nas que a Xunta sexa o accionista, socio ou partícipe de referencia (principal socio ou partícipe público malia que non posúa





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 10:50:26
Nº Rexistro: 4683
Data envío: 23/05/2024 10:50:26.039

illadamente o control) e para que a actuación destas entidades sexa sometida a control, supervisión pública e rendición de contas. En particular, esta pregunta formulase respecto a Meisa, Sotavento e Impulsa Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 23/05/2024 10:47:38

Paloma Castro Rey na data 23/05/2024 10:47:47

Elena Espinosa Mangana na data 23/05/2024 10:47:54

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13276

@PSdeG



CSV: B6P1S1R8C7fAaA604k5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o corte de estradas no Courel e problemáticas derivadas co transporte escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da estrada que conecta os concellos de Quiroga e Folgoso do Courel (LU-651) é deplorable. No pasado ano 2022, esta vía derrubouse á altura do quilómetro 18 provocando un enorme prexuízo á poboación da zona e deixando practicamente incomunicada a veciñanza da serra do Courel. Por sorte, naquel momento ningún vehículo circulaba pola estrada polo que non houbo que lamentar danos persoais. Ante a proximidade de procesos electorais, a Xunta de Galiza apresurouse a acometer arranxos non integrais en lugar de investigar as causas da caída desta estrada, tampouco valorou as posibilidades de trazados viables, nin a variación das actividades extractivas na zona.

Así, o goberno galego habilitou nos últimos días un trazado alternativo a todas luces perigoso e dificilmente transitable para a grande maioría de vehículos. Un trazado tan sumamente perigoso que levou a suspender o transporte escolar por este trazado (o único alternativo) ante a falta de garantías de seguridade para o alumnado e persoal. A solución que a Xunta deu ás familias é que sexan elas mesmas as que leven o estudantado aos centros educativos ou que directamente non acudan ás aulas.

O BNG considera que esta situación inaudita e indignante é unha verdadeira deixadez de funcións por parte da Xunta de Galiza e que a utilización dos fondos que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reciben para manter a vida nas montañas do Courel debían empregarse para acometer actuación reais de arranxo integral da estrada LU-651 á maior brevidade posible.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que a Xunta de Galiza non investigou en profundidade a causa do derrubamento da estrada LU-651?
- Cando pretende arranxar integramente a estrada LU-651 a Xunta?
- Como é posible que pouco despois dun ano dun suposto arranxo, a estrada LU-651 volva estar estragada?
- Baralla o goberno galego a planificación da seguridade na estrada do Courel ou simplemente pretende que continúe igual para que o problema demográfico sexa xa resolto co peche das aldeas da serra?
- Que solución pretende dar o goberno galego ao estudantado que non pode acudir ás aulas polo lamentable trazado alternativo que propuxo a Xunta?
- Cre a Xunta que dar a opción de non acudir ás aulas ao estudantado da serra do Courel é responsable e pedagóxico?
- Como actuaría a Xunta ante unha emerxencia que deba ser atendida cunha ambulancia, tendo en conta que sería practicamente imposible acceder a través do trazado alternativo ofrecido pola Xunta?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**
Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 23/05/2024 11:35:27

Paulo Ríos Santomé na data 23/05/2024 11:37:20

Luis Bará Torres na data 23/05/2024 11:37:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación na que se atopan os campus periféricos galegos e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como puidemos ver en diversas ocasións apareceu sobre o Campus Terra de Lugo (USC) a ameaza de recorte de titulacións. Concretamente, Paisaxe (creado en 2018/2019) e Enxeñaría Civil na Escola Politécnica Superior (EPS), Enxeñaría e Procesos Químicos Industriais na Facultade de Ciencias, así como a combinación cos campus de Ourense e Pontevedra das enxeñarías Agrícolas e Forestais, respectivamente.

Sobra dicir que sabemos que materializar estas mudanzas suporía un durísimo golpe para un campus periféricos, como o de Lugo, especializado na formación e xeración de coñecemento arredor das ciencias da terra.

Malia que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) dixo con posterioridade que adiaba a decisión a dentro dun ano, o certo é que a nova ameaza de redución de titulacións no campus de Lugo causou unha enorme preocupación social non só no ámbito universitario senón no tecido social da cidade.

Lugo é un campus denominado periférico ao que a normativa da Xunta de Galiza, concretamente o Decreto 222/2011 impón unha serie de esixencias que veñen dificultado o seu mantemento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De maneira significativa, a obriga de contar con 45 estudantes de novo ingreso cada ano para manter o mapa de titulacións actual.

Tendo en conta a realidade demográfica do interior de Galiza e tamén a falta de infraestruturas –ferroviarias e por estrada– que lastran, desde hai décadas, o desenvolvemento social e económico da provincia de Lugo; o Campus Terra debera ser obxecto de medidas de discriminación positiva por parte do Goberno galego e non, como acontece, de esixencias cada vez máis duras para poder manter o seu funcionamento.

Neste senso, cómpre sinalar que no Plan de Financiamento do SUG, a Xunta de Galiza acordou coas universidades “optimizar” a súa oferta de titulacións para poder acceder a parte dos recursos económicos sendo que, a maior parte das veces, esa pretensa optimización resulta na redución de títulos ou na súa combinación con outros.

Para o Bloque Nacionalista Galego tanto o Campus Terra como os demais campus periféricos non poden ser obxecto de novos recortes máis aínda en áreas de coñecemento que representan un valor fundamental presente, mais sobre todo futuro, para o País.

Cómpre sinalar que o campus de Lugo representa un espazo de investigación e innovación de enorme valor para o tecido produtivo da provincia e desenvolve un labor fundamental en áreas de coñecemento referidas ao cambio climático e o seu impacto no sector primario. Razón pola que todos os esforzos, universitarios e políticos, deben centrarse na súa promoción e na garantía do seu funcionamento.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación actual do Campus Terra?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai revisar o Goberno galego a esixencia de contar con 45 estudantes de novo ingreso nas titulacións dos campus periféricos como obriga para o mantemento da oferta formativa?

- Por que esa cifra de 45 e non outra, cales son os criterios ou razóns obxectivas que motivan ese número?

- Non cre a Xunta de Galiza que os campus denominados periféricos deberían ser obxecto de medidas de discriminación positiva?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/05/2024 12:02:43

Montserrat Valcárcel Armesto na data 23/05/2024 12:05:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións debe realizar a Xunta para a posta en valor da obra de Benito Vicetto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 21 de maio de 1824 nacía en Ferrol Benito Vicetto, e co gallo do segundo centenario do seu nacemento a Sociedade Cultural Medulio e a Asociación Ferrolterra Antiga desenvolveron durante este pasado mes de marzo unha xeira de mesas redondas e actividades co obxecto de reivindicar a súa figura e a súa obra.

Benito Vicetto Pérez foi un autor prolífico cultivando a novela, a poesía, o teatro e o ensaio mais o aspecto máis salientable na vida e obra deste ferrolán e a súa faceta como historiador e o seu afán por escribir a historia máis completa e acabada de Galiza. Este proxecto vital conclúe cunha voluminosa publicación en sete tomos “Historia de Galicia”, editada na Imprenta Taxonera de Ferrol entre os anos 1865 e 1874, unha das obras cumes do século XIX.

Benito Vicetto inicia a súa obra estudando a prehistoria galega e remátaa co reinado de Isabel II. Trátase dun traballo importante e único polos moitos datos subministrados e os abundantes documentos antigos que incorpora, que moitas veces transcribe fielmente, feito que practicamente ninguén tiña feito con anterioridade.

A figura de Vicetto, inxustamente tratada pola historiografía posterior, resulta fundamental para comprender o esforzo das primeiras xeracións de nacionalistas por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dotar a Galiza dun relato histórico propio. E en realidade, toda a súa obra -tamén a literaria e a xornalística- está impregnada desa idea, nun proxecto intelectual de amplísimo espectro.

Vicetto é o primeiro en reivindicar a necesidade de estudar unha historia da Galiza como entidade política independente, e non subsumida na historia de España. Aínda hoxe esa é unha idea rupturista. Agora que desde numerosas institucións se está a traballar na recuperación da historia do Reino Medieval da Galiza, é bo lembrar que Vicetto foi o primeiro en destacar a súa importancia no decorrer da historia europea.

Co seu traballo, Vicetto quixo reivindicar, sobre todo, o dereito da Galiza a construír o seu propio relato histórico, sen servidumes a outros intereses alleos.

Constantemente atacado polos medios eclesiásticos máis conservadores polas súas ideas republicanas e anticlericais Vicetto atopou enormes dificultades para rematar de publicar a súa *Historia de Galicia*, até o punto de ser prohibida até que a revolución de setembro de 1868, coa súa defensa do libre pensamento, anulou a prohibición, permitindo así a aparición dos sete tomos que a compoñen e que viron a luz entre os anos 1865 e 1873 e nos que daba a coñecer a importancia histórica e política de Galiza.

Tendo en conta a efeméride que supón a conmemoración dos douscentos anos do seu nacemento a Xunta da Galiza debería comprometerse coa rehabilitación da figura e obra dun dos autores máis determinantes do século XIX no noso país.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Estaría disposta a Xunta da Galiza a catalogar e dixitalizar toda a obra escrita de Benito Vicetto para celebrar o 2º centenario do seu nacemento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 23/05/2024 12:57:52

José Manuel Golpe Acuña na data 23/05/2024 12:58:36

Mercedes Queixas Zas na data 23/05/2024 12:58:53



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Consello de Contas de Galicia publicou o 6 de maio de 2024 os seguintes informes:

- Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade autónoma, exercicio 2022.
- Informe de Fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas.
- Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022.
- Informe Económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022.
- Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

Nos devanditos informes, o órgano fiscalizador pon de manifesto importantes irregularidades apunta a un deficiente orzamento da Xunta de Galicia en 2022 ao existir un uso recorrente das ampliacións de crédito, que van á alza, do mesmo xeito que o uso do fondo de continxencia para partidas previsibles.

No seu informe sobre a Conta Xeral de 2022, o Consello de Contas incide en diferentes deficiencias realizadas á Xunta de Galicia nos últimos anos, os cales pasan por un uso indebido do fondo de continxencia, imputar gastos a exercicios que non se corresponden e ampliacións de crédito reiteradas sobre partidas que se poden determinar anualmente de forma máis precisa nos orzamentos iniciais.





A baixa recadación efectiva do ano 2020, a consecuencia do impacto de crise, deu como resultado unha liquidación negativa dos recursos do sistema de 392,2 millóns de euros (fronte ao saldo positivo do exercicio anterior de 376 millóns de euros) que foi compensada polo Estado cunha transferencia extraordinaria polo mesmo importe.

As modificacións orzamentarias incrementaron o orzamento inicial nun 7,8 %, por baixo do nivel do exercicio anterior, pero cun importante incremento das ampliacións de créditos (43 %) e, de forma moi significativa, das incorporacións de crédito (77,8 %). No Sergas, as modificacións supoñen unha subida do 10,2 %, fronte ao 7 % do exercicio anterior.

Tamén é salientable o incremento do fondo de continxencia, que supuxo neste exercicio un total de 359 millóns de euros e segue empregándose para a cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dun deficiente orzamento.

Do mesmo xeito, o órgano fiscalizador afirma que o orzamento da Xunta computa gastos anteriores a 2022 por 69 millóns e non rexistra 79 millóns correspondentes a ese ano, o que arroxa un resultado orzamentario sobrevalorado en 10 millóns. Observase que o saldo orzamentario está sobrevalorado en 33,5 millóns polos erros nos axustes practicados nestas desviacións. Así mesmo, o remanente de tesouraría está sobrevalorado deán 79,2 millóns por non imputar gastos ao exercicio correspondente.

Respecto ós avais financeiros concedidos polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), cuxo risco é asumido pola Administración autonómica, presentan un risco vivo a finais de 2022 de 13 millóns. Os pagos por avais errados realizado pola Xunta entre 2010 e 2022 ascenden a 85,4 millóns. Sinalase no informe do Consello de Contas sobre as entidade do sector público autonómico, que a política de apoio a través de préstamos iniciada polo Igape en 2007 ofrece un balance cun importante grao de morosidade e cunha parte



significativa de debedores que non devolveron os préstamos vencidos (máis da metade dos vencementos)", resume Contas.

En 2022, a crise da covid-19 deu lugar a moratorias os préstamos e novos programas de financiamento. A finais de 2022, 43 millóns de euros permanecían como dereitos pendentes de cobro por préstamos que terían que estar devoltos.

A Xunta de Galicia tamén participa en Sodiga, sociedade de capital risco, e en entidades de investimento colectivo. O capital achegado a estes instrumentos ata 2022 eran 360 millóns, cunhas perdas acumuladas de 136 millóns, un 38 % dos fondos achegados.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego asumir neste 2024 todas e cada unha das recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai sobre a situación económica financeira das entidades instrumentais?
2. Comprométese o Goberno galego a elaborar un plan de riscos financeiros, respecto ó incremento dos errados constatados nos avais e préstamos do Igape e da sociedade SODIGA?
3. O Goberno galego desenvolverá no 2024 un sistema de supervisión das entidades dependentes da Xunta de Galicia para comprobar os seus motivos de subsistencia e sustentabilidade financeira, onde se inclúa a formulación expresa de propostas de mantemento, transformación ou extinción destes entes?
4. Comprométese o Goberno galego para que todas as entidades do sector público autonómico que non renderon contas o fagan?

Santiago de Compostela, 23 de maio do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 13:15:53
Nº Rexistro: 4731
Data envío: 23/05/2024 13:15:53.837

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 23/05/2024 13:08:53

Paloma Castro Rey na data 23/05/2024 13:09:11

Elena Espinosa Mangana na data 23/05/2024 13:09:18

CSV: BGRISJTRBQ3y8B0RQ6Sk-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13289

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Consello de Contas de Galicia publicou o 6 de maio de 2024 os seguintes informes:

- Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade autónoma, exercicio 2022.
- Informe de Fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas.
- Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022.
- Informe Económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022.
- Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

Nos devanditos informes, o órgano fiscalizador pon de manifesto importantes irregularidades apunta a un deficiente orzamento da Xunta de Galicia no 2022 ao existir un uso recorrente das ampliacións de crédito, que van á alza, do mesmo xeito que o uso do fondo de continxencia para partidas previsibles.

No seu informe sobre a Conta Xeral do Sergas de 2022, o Consello de Contas incide en diferentes reproches realizados á Xunta de Galicia nos últimos anos, os cales pasan por un uso indebido do fondo de continxencia, imputar gastos a exercicios que non se corresponden e ampliacións de crédito reiteradas sobre





partidas que se poden determinar anualmente de forma máis precisa nos orzamentos iniciais.

As modificacións orzamentarias incrementaron o orzamento inicial nun 7,8 %, por baixo do nivel do exercicio anterior, pero cun importante incremento das ampliacións de créditos (43 %) e, de forma moi significativa, das incorporacións de crédito (77,8 %). No Sergas, as modificacións supoñen unha subida do 10,2 %, fronte ao 7 % do exercicio anterior.

Tamén é salientable o incremento do fondo de continxencia, que supuxo neste exercicio un total de 359 millóns de euros e segue empregándose para a cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dun deficiente presuposto.

Respecto ó Sergas, a asignación que o Goberno galego destina ao gasto sanitario no marco do sistema de financiamento é moi superior á que establece a través dos seus orzamentos iniciais. No exercicio 2022, a financiación adicional respecto do orzamento inicial acadou os 489 millóns de euros o que amosa, por un lado, unha técnica orzamentaria allea á realidade e, por outro, a necesidade da implantación dun sistema estable de financiamento que posibilitaría a formulación de orzamentos realistas acompañados de medidas rigorosas para o seu cumprimento.

De xeito recorrente, o Sergas non recoñece a totalidade do gasto no que incorre o organismo autónomo, xerando o denominado gasto desprazado, é dicir, obrigas non recoñecidas. No exercicio 2022, rexístranse gastos de exercicios anteriores por importe de 67,9 millóns de euros, mentres que deixaron de rexistrarse gastos correspondentes ao devandito exercicio por importe de 70,8 millóns de euros, polo que o resultado orzamentario está sobrevalorado en 2,9 millóns de euros.

No exercicio 2022, as modificacións orzamentarias acadan un importe neto de 458 millóns de euros, o que supón un incremento do orzamento inicial do 10 %, fixando o orzamento definitivo en 4.953 millóns de euros. Este incremento é





maior que o incremento que non foron incluídas no orzamento de 2022 nin na Conta Xeral de 2022 as seguintes fundacións creadas para dar apoio aos labores de formación e investigación e que reúnen os requisitos para ser consideradas como entidades do sector público autonómico:

- Fundación Profesor Novoa Santos
- Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS)
- Fundación Biomédica Galicia-Sur 49. Agás Galaria, todas as entidades teñen vixente no exercicio 2022 un novo contrato de xestión. No caso da sociedade mercantil este novo contrato de xestión asinouse o 30 de decembro de 2022, polo que a súa vixencia comeza no exercicio 2023, o 7 % do exercicio precedente.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a asumir neste 2024 todas e cada unha das recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no informe sobre a Conta Xeral do Sergas publicado o 6 de maio de 2024?
2. Comprométese o Sergas a implantar un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (ou o Plan Xeral de Contabilidade de 2010, en tanto non se aprobe un novo plan autonómico), co fin de dispor de información adicional á liquidación orzamentaria, e presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do referido plan?
3. O Goberno galego desenvolverá no 2024 un sistema de supervisión das entidades dependentes do Sergas para comprobar os seus motivos de subsistencia e sustentabilidade financeira, onde se inclúa a formulación expresa de propostas de mantemento, transformación ou extinción destes entes?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 4753
Data envío: 23/05/2024 16:15:32.101

4. Vai o Goberno galego neste 2024 a aprobar un plan para como depurar saldos de dereitos pendentes de cobro?

Santiago de Compostela, 23 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 23/05/2024 16:05:59

Paloma Castro Rey na data 23/05/2024 16:06:08

Elena Espinosa Mangana na data 23/05/2024 16:06:14

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13293

@PSdeG



CSV: BGPISIRB2y93mV08Nk65
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O Consello de Contas de Galicia publicou o 6 de maio de 2024 os seguintes informes:

- Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade autónoma, exercicio 2022.
- Informe de Fiscalización sobre as contas anuais das sociedades mercantís autonómicas.
- Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2022.
- Informe Económico-financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2022.
- Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

Nos devanditos informes, o órgano fiscalizador pon de manifesto importantes irregularidades apunta a un deficiente orzamento da Xunta de Galicia en 2022 ao existir un uso recorrente das ampliacións de crédito, que van á alza, do mesmo xeito que o uso do fondo de continxencia para partidas previsibles.

No seu informe sobre a Conta Xeral de 2022, Contas incide en diferentes reproches realizados á Xunta de Galicia nos últimos anos, os cales pasan por un uso indebido do fondo de continxencia, imputar gastos a exercicios que non se corresponden e ampliacións de crédito reiteradas sobre partidas que se poden determinar anualmente de forma máis precisa nos orzamentos iniciais.





Un exercicio que se viu marcado pola xestión dos fondos europeos de recuperación fronte á pandemia, no que a xestión do Goberno galego amosase claramente como ineficiente e cunha porcentaxe de execución por debaixo do cincuenta por cento. Nun ano aínda marcado pola incidencia da covid, obsérvase que os recursos do sistema de financiamento autonómico caeron un 2,2 %.

A baixa recadación efectiva do ano 2020, a consecuencia do impacto de crise, deu como resultado unha liquidación negativa dos recursos do sistema de 392,2 millóns de euros (fronte ao saldo positivo do exercicio anterior de 376 millóns de euros) que foi compensada polo Estado cunha transferencia extraordinaria polo mesmo importe.

As modificacións orzamentarias incrementaron o orzamento inicial nun 7,8 %, por baixo do nivel do exercicio anterior, pero cun importante incremento das ampliacións de créditos (43%) e, forma moi significativa, das incorporacións de crédito (77,8 %). No Sergas, as modificacións supoñen unha subida do 10,2 %, fronte ao 7 % do exercicio anterior.

Tamén é salientable o incremento do fondo de continxencia, que supuxo neste exercicio un total de 359 millóns de euros e segue empregándose para a cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dun deficiente presuposto.

Do mesmo xeito, o órgano fiscalizador afea que o orzamento da Xunta de Galicia computa gastos anteriores a 2022 por 69 millóns e non rexistra 79 millóns correspondentes a ese ano, o que arroxa un resultado orzamentario sobrevalorado en 10 millóns. Obsérvase que o saldo orzamentario está sobrevalorado en 33,5 millóns polos erros nos axustes practicados nestas desviacións. Así mesmo, o remanente de tesouraría está sobrevalorado dean 79,2 millóns por non imputar gastos ao exercicio correspondente.





No conxunto do sector público consolidado existen gastos pendentes de imputar a 2022 por importe duns 181 millóns. Así mesmo, persiste o uso inadecuado do programa orzamentario de imprevistos e funcións non clasificadas que xa veñen reiterando en informes anteriores, onde se elude os límites fixados por norma para transferencias.

Entre outros reproches, o órgano fiscalizador o Consello de Contas di que non existe información sobre a antigüidade dos debedores pendentes de cobro, o que limita o cálculo dos dereitos de dubidoso cobro. Mentres, o balance de inmovilizado material non concorda co inventario.

O informe apunta a varias incorreccións, tales como que a memoria non se axusta á estrutura da contabilidade de Galicia, ademais de que a información dos contidos incluídos non é completa". Tamén se reproba que se anote como activos financeiros 114,2 millóns destinados a cubrir déficits de explotación da CRTVG que deberían rexistrarse como gasto non financeiro e, por tanto, diminuír o resultado de operacións non financeiras nese importe.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a asumir neste 2024 todas e cada unha das recomendacións que o Consello de Contas de Galicia fai no informe sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma publicado o 6 de maio de 2024?
2. O Goberno galego desenvolverá no 2024 un sistema de supervisión das entidades dependentes da Xunta para comprobar os seus motivos de subsistencia e sustentabilidade financeira, onde se inclúa a formulación expresa de propostas de mantemento, transformación ou extinción destes entes?
3. Comprométese o Goberno galego para que todas as entidades do sector público autonómico que non renderon contas o fagan?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 4761
Data envío: 23/05/2024 16:17:37.691

4. Vai a Xunta de Galicia a remitir ao Consello de Contas anualmente un informe sobre o seguimento dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados do control financeiro?
5. Vai o Goberno galego neste 2024 a aprobar un plan para como depurar saldos de dereitos pendentes de cobro?

Santiago de Compostela, 23 de maio do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 23/05/2024 16:11:48

Paloma Castro Rey na data 23/05/2024 16:11:58

Elena Espinosa Mangana na data 23/05/2024 16:12:06

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13297

@PSdeG



CSV: B0PISJTB0Xy5pW00B0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á acumulación de area na praia de Laxe.

A comezos dos anos 90 do século pasado, as obras que se acometeron polo Goberno galego no dique do porto de Laxe mudaron de xeito radical a morfoloxía urbana da vila, nomeadamente, a zona do paso marítimo e da praia.

A remodelación do dique modificou as correntes, o que, á súa vez, provocou o arrastre de grandes cantidades de area cara a parte occidental do areal. E froito deses “efecto dominó”, ese arrastre de area formou un novo campo dunar (polo tanto artificial) na parte occidental, que a día de hoxe impide ver o mar desde os establecementos de hostalaría, restauración, e comercio local. Até o punto de exceder a area o muro que separa o paseo da praia.

A intensidade dese fenómeno artificial é tal que se acumulan grandes cantidades de area na parte terrestre, chegando ao paseo marítimo e afectando ao saneamento e ás pluviais. O movemento desas masas de area depositadas na praia afecta de xeito grave á rede de saneamento, provoca atascos a froito destes, asolagamentos tanto no paseo como nas rúas principais de acceso á vila de Laxe.

Unha situación que non resolveu o traslado de area desa zona do porto cara o outro extremo, que cada certo tempo, se realiza.





É coñecedor o Goberno galego de que esa acumulación artificial de area afecta á rede de saneamento das rúas da fachada marítima?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É coñecedor o Goberno galego que esa acumulación provoca atascos nos sumidoiros e, froito destes, asolagamentos tanto no paseo como nas rúas principais de acceso á vila de Laxe?

Considera o Goberno galego que esa acumulación artificial na parte occidental do areal está a afectar negativamente á actividade comercial, a restauración e a hostalaría asentada na zona do paseo marítimo de Laxe?

Que medidas adoptou até o de agora o Goberno galego para resolver esta problemática?

Que medidas vai adoptar para buscalrle solución ao problema de acumulación de
 áridos na zona na parte baixa do paseo?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

Asdo.: Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 23/05/2024 16:34:55

Rosana Pérez Fernández na data 23/05/2024 16:36:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a falta de persoal no PAC de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados do mes de maio veciñas e veciños do Concello de Lugo denunciaron as longas esperas que padeceron no Punto de Atención Continuada situado, actualmente, no barrio da Residencia.

Segundo relata o persoal sanitario e recollen os medios de comunicación local houbo doentes que agardaron até catro horas para ser atendidos ou que decidiron acudir ás urxencias do hospital para recibir asistencia médica.

Esta situación debeuse á falta de persoal médico no PAC cando os dous médicos que facían garda acudiron a senllos traslados domiciliarios.

Desde o persoal do PAC dirixíronse á xerencia da área sanitaria de Lugo para demandar a dotación do centro con catro equipas completas que garantan a debida atención cando se producen picos de demanda. Neste senso, lembra o persoal, que desde o traslado do PAC ao barrio da residencia –anteriormente situábase no barrio de Fingoi-- o número de pacientes que atenden é maior.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora a Xunta de Galiza a dotación de persoal do PAC de Lugo?
- Considera que é suficiente para atender de maneira acaída a poboación?
- Cre o Goberno galego que situacións como as relatadas anteriormente poderían evitarse con máis persoal?
- Vai atender a Xunta de Galiza as peticións do persoal?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Valcárcel Armesto
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/05/2024 16:56:25

Montserrat Valcárcel Armesto na data 23/05/2024 16:57:43

María Montserrat Prado Cores na data 23/05/2024 16:58:46





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Grupo Parlamentario Socialista quere facerse eco da situación do Hospital Materno Infantil de Ourense: área de paritorio, quirófano, urxencias xineco-obstétricas e planta de obstetricia.

Desta situación os traballadores e traballadoras deron conta, por escrito, á dirección do Complexo Hospitalario de Ourense que reproducimos na súa maior parte:

“Mediante este documento escrito queremos deixar constancia do noso profundo malestar e desacordo polas condicións nas que desenvolvemos o noso traballo día a día no Hospital Materno Infantil.

Estas lamentables condicións repercuten negativamente no ánimo do persoal traballador e, o que é máis importante, na calidade da asistencia que se lles proporciona ás mulleres de Ourense, supondo un agravio comparativo con outros pacientes dentro do noso propio hospital e con outras áreas de saúde da comunidade.

As infraestruturas fóronse deteriorando progresivamente ao longo dos anos sen ter un axeitado mantemento, polo que as condicións son nefastas desde hai tempo, pero as obras dos últimos meses viñeron a agravar considerablemente a situación. O 30 de decembro de 2023, en quenda de mañá, nunha zona de traballo do paritorio onde había pacientes, o teito sufriu un derrube. Por sorte,





non houbo que lamentar danos persoais, que facilmente podían suceder, xa que o incidente ocorreu nun corredor de paso frecuente de persoal e pacientes.

Os danos do teito, a existencia de gretas visibles e abombamentos foran notificados previamente por parte do persoal de partos ao servizo de mantemento, sen que ninguén tomase ningunha decisión ou medida respecto diso.

Tras o incidente, continuouse traballando na devandita área até mediados de febreiro, momento no que se nos comunicou que todo o teito da área de paritorio tiña graves danos e existía risco de novos desprendementos, polo que debía ser reparado integramente. As obras realizaríanse en dúas fases para manter a actividade no resto da área de partos mentres tanto. Isto, provocou a clausura do acceso principal ao paritorio e de parte das instalacións, para unhas obras que debían durar un mes na súa totalidade e que non están finalizadas nin a primeira fase a día de hoxe.

Somos plenamente conscientes de que as obras son imprescindibles, con intención de mellora e que sempre é unha situación incómoda e provisional, pero aínda así consideramos que non é unha solución suficiente, ademais de que non se están levando a cabo coa celeridade que corresponde e que veñen deteriorar aínda máis a grave situación que xa viñamos padecendo desde hai anos.

Por todo iso, expomos que:

As condicións actuais de grave deterioración do Hospital Materno Infantil, que se detallan a continuación, son inaceptables. Non reúne as condicións mínimas para unha atención digna, de calidade, que protexa a intimidade e que achegue seguridade ás pacientes e profesionais.





Corredor de acceso a urxencias e partos:

O acceso realízase por un corredor de sucio, que se utiliza tamén para o transporte das comidas, do lixo e da roupa. As condicións deste corredor son lamentables, con paredes sucias e danos múltiples, con lixo, colectores, sacos de roupa sucia, padiolas e cadeiras de rodas acumulados á vista, que favorecen unhas condicións totalmente insalubres, mesmo coa aparición de ratas e cascudas.

...

Este mesmo corredor serve de “sala de espera” para pacientes (e acompañantes) que acoden ás urxencias, para pacientes en espera de cama para ingreso, para familiares de mulleres que están no paritorio e para familiares de pacientes cirúrxicos da área.

...

Máis grave aínda é que mulleres que sufriron unha agresión sexual (a maioría das veces acompañadas por axentes da autoridade uniformados) teñan que compartir espazo con pacientes en tránsito e da urxencia. Tamén é moi habitual a demora na xestión das camas de hospitalización, polo que pacientes pendentes de ingreso tras un aborto ou unha morte fetal vense obrigadas a esperar na mesma sala que as xestantes, o que lles xera unha situación de tensión e incomfortable aínda maior.

Sala de urxencias:

Dentro da urxencia, a sala de exploración non reúne as condicións mínimas para unha atención digna nunha contorna que respecte a intimidade, tendo en conta as particularidades das pacientes obstétricas e xinecológicas.

A triaxe, para coñecer o motivo de consulta e a súa prioridade, se se esta atendendo a outra paciente no interior da consulta, debe de ser realizado pola





auxiliar nese corredor compartido, o que atenta directamente á privacidade do paciente.

...

Paritorio:

O inicio das actuais obras supuxo o peche de dúas salas de dilatación, unha delas a chamada sala de “parto natural” que é a única que dispón de baño propio, bañeira, xanela e berce de asistencia neonatal. Tamén se clausurou a sala de monitorización ambulatoria para as xestantes que acoden a consulta, os vestiarios do persoal, dous almacéns, a lencería, a sala de estar de enfermaría, a sala de monitorización central das matronas (desde onde ven os rexistros de todas as dilatacións), o despacho de anestesia e o acceso principal ao paritorio.

Isto supuxo unha necesaria recolocación dalgunhas das dependencias imprescindibles e a unificación do corredor de acceso para todos os pacientes, acompañantes e profesionais.

A falta de espazos físicos compromete seriamente a seguridade e a privacidade das pacientes que están a ser atendidas.

A sala de monitorización central das matronas situouse nun paritorio e utilízase o mesmo espazo como sala de estar, comedor durante a garda, almacén de medicación e sala de PH fetal. Isto supuxo a perda dun paritorio e xera un evidente malestar á hora de desenvolver o traballo.

Por carecer de almacéns e lencería, o material e a roupa acumúlase en andeis situados no corredor, á vista de todo o mundo, obviamente sen cumprir ningunha medida de asepsia nin de seguridade: roupa cirúrxica, ecógrafos, padiolas, cadeiras de rodas, etc.





...

As salas de dilatación son claramente insuficientes, habéndose dado a situación de ter que atender a dúas mulleres xuntas na mesma sala. Ademais, isto obriga a redistribuír o traballo, e demorar o inicio de inducións ou cesáreas programadas por non dispor de espazo, co risco fetal e obstétrico que leva.

...

O paritorio dispón dun único baño con ducha a compartir entre todas as mulleres que están de parto, puérperas e interrupcións da xestación.

Non se dispón dunha sala para a atención aos abortos espontáneos que ingresan para pór medicación e control do sangrado. Estas mulleres ocupan unha dilatación en paritorio e posteriormente ingresan na planta cirúrxica, compartindo espazo con pacientes postquirúrxicas e negándolle a atención específica por enfermaría especializada (matronas), o cal é unha grave deterioración da calidade da asistencia a estas mulleres, compromete a súa seguridade, o seu benestar e empeora a tensión dunha vivencia que xa de seu é desagradable.

...

O paritorio e o quirófano non dispoñen dunha sala para información de familiares, tendo que informalos no mesmo corredor de paso e comprometendo claramente a súa privacidade.

Ademais dun claro prexuízo para as pacientes, os cambios anteriormente sinalados tamén repercuten nas condicións de traballo do persoal da área, coa falta de áreas de traballo apropiadas e salas compartidas que serven para múltiples funcións, sen dispor de despachos axeitados, nin de baños, nin de vestiarios.





Planta:

A planta de obstetricia sofre a mesma falta de mantemento que o resto do materno con paredes desconchadas, sucias e xanelas deterioradas que filtran frío ou calor. Ao que se suma que as habitacións teñen un tamaño claramente insuficiente para convivir 6 persoas (dous recentemente nados cos seus pais e posibles visitas). Isto sumado á súa mala climatización e ventilación fai a estancia nelas ademais de incómoda, perigosa, pois esta situación pode predispoñer, entre outros efectos adversos, a febres e aumento da patoloxía respiratoria no recentemente nado e na nai e por suposto non contribúe á lactación materna. A falta de privacidade e as altas temperaturas poden afectar negativamente á instauración da lactación, con todos os beneficios sobradamente demostrados para nai e neno que supón.

...

Por todo o exposto, solicitamos:

Que finalicen as obras canto antes.

Que se realicen as melloras que se precisen para traballar nun lugar limpo que reúna as condicións de hixiene e seguridade necesarias.

Que se habiliten os espazos suficientes para proporcionar unha atención de calidade e protexer a privacidade das mulleres.

...

Polo exposto, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cando vai o Goberno galego finalizar as obras de mellora do Hospital Materno Infantil de Ourense?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 17:28:14
Nº Rexistro: 4784
Data envío: 23/05/2024 17:28:14.915

2. Mentres non se acometan estas obras, que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia que garantan a atención axeitada ás pacientes?

Parlamento de Galicia, 23 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/05/2024 17:22:50

Elena Espinosa Mangana na data 23/05/2024 17:23:01

Silvia Longueira Castro na data 23/05/2024 17:23:10

CSV: BGRISIRBQ-14BZ6OC8ki-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13309

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A pesar de que a EPA do primeiro trimestre de 2024 amosa unha clara remisión dos efectos da pandemia, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 53,18 %, fronte ó 58,63 % do resto do Estado.

Interanualmente, o paro baixou en 3.400 persoas, o que supón o 2,5 %. E, en relación ao trimestre anterior, o paro aumentou, un 14,5 %, en 16.700 persoas. Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 131.600 persoas desempregadas, no 10,45 %. No caso dos homes esta taxa é do 10 % e do 10,92 % no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 28,02 %.

Con respecto ao trimestre anterior, a ocupación sube na agricultura, un 0,5 % (500 persoas ocupadas máis); e na construción, un 4,3 % (3.300 persoas máis). Pola contra, baixa un 0,1 % na industria (200 ocupados menos); e un 1,4 % no sector servizos (11.600 ocupados menos).

Hai en Galicia un total de 919.200 asalariados, baixando con respecto ao trimestre anterior en 1.100 (0,1 %), e ao ano soben en 25.700 (2,9 %).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que se sitúa no 15,3 %. Dáse un aumento, en relación co mesmo trimestre do ano anterior, da poboación asalariada con contrato indefinido, do 4,4 %. En relación





co trimestre anterior, os asalariados con contrato indefinido subiron en 9.900 e baixaron os temporais en 11.000, o que supón unha diminución do 7,8 %.

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 13,67 %, sendo o 45,5 % dela de carácter involuntario.

Temos que facer mención á difícil situación para moitos fogares e 43.100 persoas paradas de longa duración.

Outro dos nuboeiros da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Hai en Galicia un total de 49.900 fogares con, polo menos, unha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. E 24.100 fogares que non perciben ingresos.

Das 131.600 persoas que están no desemprego, 43.100 levan máis dun ano nesta situación.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que medidas vai adoptar o Goberno galego en relación coa menor taxa de actividade da nosa Comunidade Autónoma en relación co Estado?
2. E ante a alta taxa de parcialidade involuntaria?
3. Que medidas pensa adoptar en relación cos parados de longa duración para o seu reingreso no mercado laboral?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 17:11:35
Nº Rexistro: 4779
Data envío: 23/05/2024 17:11:35.228

4. Cantos parados de longa duración participaron en programas de busca de emprego, de adquisición de experiencia ou formativos desenvolvidos pola Xunta de Galicia nos anos 2021, 2022 e 2023?

5. Que grao de inserción alcanzaron?

6. Cantos parados de longa duración non perciben prestación por desemprego?

7. Que seguimento realiza o Goberno galego dos itinerarios formativos para os parados e paradas galegos de longa duración?

Parlamento de Galicia, 23 de maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/05/2024 11:44:37

Elena Espinosa Mangana na data 23/05/2024 11:44:47

Silvia Longueira Castro na data 23/05/2024 11:44:57

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13312

@PSdeG



CSV: B6PIS7R8G7M9A9C0D88I-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No mes de febreiro de 2021 a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda anunciou a intención de captar desde a súa consellaría 122 millóns de euros dos fondos europeos destinados a facilitar la recuperación económica, (Next Generation) coa remisión ao Ministerio de Transición Ecolóxica de 10 proxectos que encaixarían no compoñente 4 deste programa, reservado a actuacións para a conservación e restauración dos ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade.

No último informe de execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia en Galicia neste compoñente 4 aparece unicamente resolta unha liña destinada a actuacións en Parques Nacionais e nas reservas da Biosfera de Galicia por un valor de 5,1 millóns de € dun importe de 6.6 millóns de €.

Por outra banda, o día 17 de maio 2024 publícase na *web* do MITECO un mapa dos proxectos financiados ata agora con fondos next, e en relación a ese compoñente 4 aparecen unicamente 3:

- Actuación Illa de Sálvora (80.000 €)
- Consolidación da rede de Varamentos en Nigrán (400.000€)
- Senda peonil en Camariñas (2 millóns de €)

Año tras ano, o Consello de Contas vén alertando de que a execución real dos Fondos Next transferidos o Goberno galego están por debaixo do 50 %. Ante esta advertencia e a escasa información, desde o Grupo Parlamentario





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 18:15:24
Nº Rexistro: 4795
Data envío: 23/05/2024 18:15:24.949

Socialista entendemos que é necesario que desde o goberno da Xunta se dea conta dos proxectos dese compoñente 4 que foron aprobados polo MITECO, o seu valor e cales destes, a día de hoxe, se están realmente a executar.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Dos 10 proxectos do compoñente 4, reservado a actuacións para a conservación e restauración dos ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade enviados pola Consellería de Medio Ambiente ao Goberno de España para o financiamento con fondos next Generation, cales foron estimados e por que valor?
2. Cales se están a executar neste momento?
3. Cal é a porcentaxe de execución e pago dos fondos Next do compoñente 4?

Santiago de Compostela, 23 de mayo de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/05/2024 18:08:37

Elena Espinosa Mangana na data 23/05/2024 18:08:45

Patricia Iglesias Rey na data 23/05/2024 18:08:54





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A atención sanitaria no Salnés vén sendo especialmente abandonada pola actual Consellería de Sanidade, que está prexudicando especialmente a esta comarca, sen coberturas de profesionais e con parálise na necesidade de construción de novos centros de saúde necesarios.

Estes erros repercuten de maneira global en todos os concellos, pois a atención abandonada nun deles repercute na saturación dos centros de saúde máis próximos, e especialmente nos PAC.

Esta política de desatención nótase de feito especial no concello de Meis. A atención sanitaria de Meis ofrécese en puntos dispersos no territorio do concello, que distribúen o servizo e a asistencia de maneira repartida.

Trala presión veciñal e a insistencia por parte da alcaldesa de Meis, a Consellería de Sanidade finalmente asinou un acordo de compromiso de moita relevancia para este municipio, que resolvería un problema enquistado desde hai tempo sobre a construción do novo centro de saúde.

Tras un longo período de negociacións cedéronse uns terreos para tal fin e o anterior conselleiro de sanidade afirmou que o proxecto básico e de execución da construción deste centro estaría licitado a finais do ano 2023.





Superadas estas datas sen que isto acontecese e en plena campaña electoral o que nese momento era conselleiro de Sanidade achegouse ata o concello a examinar os terreos, facer campaña electoral e comprometerse novamente a que entre o mes de marzo e abril do 2024 estaría este proxecto licitado.

Xa estamos a finais do mes de maio e non temos coñecemento de que isto se levase a cabo polo que temos medo que fose unha promesa electoral e que este proxecto quede nun caixón por non telo o goberno do Partido Popular como prioritario.

Desde o Grupo Socialista cremos que é un proxecto necesario para un concello cuxa asistencia sanitaria e moi deficiente, que se trata dun compromiso deste goberno coa veciñanza de Meis e que, polo tanto, ten que darlle a maior das prioridades porque xa vai tarde.

Ante esta situación as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

1. Por que o Goberno galego non licitou o proxecto básico e de execución para a construción do Centro de Saúde de Meis?
2. Cando ten previsto licitar o proxecto básico e de execución para a construción do Centro de Saúde de Meis?

Santiago de Compostela, 23 de Maio de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/05/2024 18:12:40





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2024 18:16:58
Nº Rexistro: 4799
Data envío: 23/05/2024 18:16:58.118

Elena Espinosa Mangana na data 23/05/2024 18:12:50

Silvia Longueira Castro na data 23/05/2024 18:13:00

CSV: B6PIS7B9GF-Q48WICUR48-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

13317

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Noa Presas Bergantiños, Daniel Castro García e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza estamos dotados de 8 puntos de encontro familiar (PEF) espallados polo territorio do país, tendo como principais sedes as grandes cidades galegas e un situado en Ribeira.

Nestas instalacións trátase, a través de persoal especializado no eido social e cun carácter neutral, de garantir o réxime de visitas establecido pola autoridade competente nesa materia, favorecendo o vínculo familiar dos menores e buscando, polo tanto, o seu benestar, a súa seguridade e o cumprimento da norma.

Deste xeito, nos puntos de encontro familiar, teñen lugar varios tipos de actuacións, entre as que están:

- visitas tuteladas
- visitas supervisadas
- recollidas de menores e entregas
- orientación e apoio familiar
- documentación e rexistro das actividades
- intervencións para reducir o impacto das novas situacións familiares





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- desenvolvemento de programas socioeducativos

Os menores e as súas familias son os protagonistas nos puntos de encontro familiar en situacións de separación, divorcio, nulidade ou interrupción da convivencia familiar, tratando de levar a cabo unha atención e asesoramento por ambas partes, tentando que a situación afecte o menos posible aos nenos e nenas que a sofren para evitar que atravesen situacións conflitivas derivadas dos casos anteriores na medida do posible.

Cunha cifra anual de nulidades matrimoniais, separacións e divorcios que supera no noso país os 5000 casos no 2023, dos cales máis de 2000 non se levaron a cabo de xeito consensuado, debemos ser conscientes da cantidade de casos que poden chegar a precisar do servizo dos PEF cando entran en escena as posibles crianzas destas familias. Unha cifra significativa foi a do punto de encontro familiar de Pontevedra, que rexistrou en 2023 algo máis de 1300 citas, cun aumento dun 11% no seu servizo, algo que se estende no resto do país, con datos semellantes.

A existencia de PEFs ao longo do territorio é necesaria para garantir polo tanto unhas medidas mínimas que beneficien aos menores no tocante ás súas relacións familiares. Que os profesionais que neles traballan teñan unhas condicións laborais dignas é o mínimo que se pode esixir, máis tamén é importante pensar a quen dan servizo estas instalacións e ser conscientes de que é preciso aumentar o seu número, para así facilitar o seu uso.

Que familias de zonas menos próximas ao seu PEF de referencia teñan que percorrer ata cen quilómetros para realizar as visitas pertinentes, as entregas ou recollidas dos menores coarta enormemente a súa capacidade para normalizar as relacións familiares e para levar a cabo as súas funcións de xeito adecuado de maneira que é preciso aumentar o número de PEFs dos que dispoñemos. A través da Consellería de Política Social, o goberno da Xunta anunciou que se crearían novos puntos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

encontro en Cervo, Verín e Lalín, máis, a pesares da pulsión e a demanda social sobre este tema e a necesidade destes novos establecementos o certo é que ningún deles está en funcionamento aínda, acumulando máis dun ano de atraso, nalgún caso, a súa posta en funcionamento.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Estarán en funcionamento os PEF de Verín, Lalín e Cervo antes de rematar o 2024?

. En que punto está a xestión destes tres PEF e que partida orzamentaria de 2024 se destina á súa posta en funcionamento?

. Teremos máis puntos de encontro familiar repartidos polo país, ata acadar un por comarca para favorecer o servizo ás familias?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Castro García

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 23/05/2024 18:16:19

Noa Presas Bergantiños na data 23/05/2024 18:17:43

Daniel Castro García na data 23/05/2024 18:18:22

Olalla Rodil Fernández na data 23/05/2024 18:18:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a supresión de criterios discriminatorios nas liñas de axudas non competitivas da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, cada vez é máis frecuente comprobar como nas convocatorias de axudas da Xunta de Galiza dirixida tanto a concellos como particulares, se conceden estas atendendo exclusivamente á orde cronolóxica de entrada das solicitudes, e ata o límite do orzamento dispoñible nesas mesmas convocatorias.

As bases reguladoras para a concesión desas subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, teñen en común dous criterios, que as solicitudes deben facerse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galiza, e que se conceden atendendo exclusivamente ao seu orde de entrada.

A Xunta de Galiza, para a utilización deste criterio ampárase na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza, en concreto no artigo 19.2, que permite excepcionar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento até o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da mencionada lei. Ademais tramitaas a través do procedemento abreviado regulado no artigo 22 da Lei 9/2007, no que unicamente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deberase comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non interven en ningún caso un órgano evaluador.

O certo é que cada vez con máis frecuencia, están a utilizar este sistema en convocatorias de axudas de múltiples e diversas materias, tanto dirixidas a concellos como a persoas. Desde a Axencia de turismo ate a Axencia Galega das Industrias Culturais, Augas de Galiza, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, Consellería de Cultura, Consellería de Educación, Instituto de Estudos do Territorio, Consellería do medio rural, Axencia Instituto Enerxético de Galicia, e moitos outros organismos e Consellerías e en todo tipo de bonos dende os culturais ata os deportivos ou os de turismo.

O certo é que este método de concesión vulnera os principios de igualdade e non discriminación recollidas no artigo 5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza, e que deberan terse en conta na xestión das axudas. Igualmente vulnera os mesmos principios, establecidos no artigo 4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galiza, que obriga ao sector público autonómico a axustar a súa actuación, entre outros, ao seguinte principio xeral:

“ b) Facer efectivo o principio de igualdade e non-discriminación, co obxectivo de que o uso de medios electrónicos non poida implicar en ningún caso a existencia de discriminacións para os cidadáns e as cidadás, tanto respecto do acceso á prestación de servizos públicos coma respecto de calquera actuación ou procedemento, así como por razón de discapacidade ou dificultades especiais. Así mesmo, garantir a accesibilidade dos sistemas, das aplicacións, dos sitios web e das aplicacións para dispositivos móbiles”

Esta discriminación prodúcese en base a diferentes motivos:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por unha banda, no que respecta ás persoas, non todos os galegos e galegas teñen acceso a medios electrónicos, e tampouco os mesmos coñecementos dixitais para competir en igualdade de condicións ante unha convocatoria que se rixe polo acceso inmediato e a rapidez da solicitude.

Por outra banda, no que respecta tanto a persoas como aos organismos institucionais, non toda a cidadanía conta con dispositivos de comunicación que teñen a mesma capacidade e velocidade, ou cobertura nas conexións, como ocorre na maioría dos concellos do medio rural, onde queda moito por facer para suturar a brecha tecnolóxica que arrastramos en Galiza.

E en relación ás axudas destinadas ás entidades locais, resulta sorprendente que en determinadas convocatorias que esixen a presentación dun proxecto, non sendo estas as ordinarias que se convocan anualmente e tramitándose estas por procedemento non competitivo, haxa concellos que cumprimenten a solicitude satisfactoriamente en tempo. Ante estes feitos, só existe unha explicación racional, que non é outra, que igual só coñecen de antemán a futura convocatoria uns poucos e agraciados concellos, que cumprirán en tempo e forma os requisitos antes de que se esgote o crédito orzamentario.

Neste sentido, cabe salientar, que moitas veces vense tamén vulnerados os dereitos dos empregados públicos, recollidos no artigo 71 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galiza, en concreto, os referentes á adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida personal, familiar e laboral, dado que moitos deles vense abocados a traballar pola noite para presentar as solicitudes de axudas no momento en que abre o prazo, moi habitualmente a partir das 12 da noite, co obxectivo de lograr rexistrar a solicitude antes de que se esgoten os fondos orzamentarios.

Esta mala praxis nas convocatorias de axudas e subvencións debe eliminarse na administración da Xunta de Galiza, se queremos respectar a igualdade de trato entre os galegos e galegas e non discriminalos por non ter os medios oportunos ou por non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acceder a eles por vivir en lugares do rural onde a cobertura de internet é escasa ou nula, sen que teñan culpa ningunha. Esta non é nin a ferramenta nin a metodoloxía máis axeitada para lograr o asentamento de nova poboación nese aclamado rural despoboado se non existe un acceso a programas e servizos en igualdade de condicións en todo o territorio galego, tal e como se recollen en textos lexislativos aprobados recentemente nesta cámara, como a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, que con este proceder queda en papel mollado.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cal é a razón pola que a Xunta de Galiza segue utilizando nas convocatorias de axudas e subvencións en réxime de concorrencia non competitiva o criterio que atende exclusivamente á orde cronolóxica de entrada das solicitudes para a súa concesión, cando se teñan que facer obrigatoriamente por medios electrónicos?

- Son conscientes de que estes procedementos discriminan aos cidadáns galegos que ou ben non teñen os medios tecnolóxicos ou non teñen os coñecementos suficientes para usalos en igualdade de condicións que outros?

-É consciente a Xunta de Galiza que as telecomunicacións non teñen a mesma capacidade, velocidade ou cobertura en todos os lugares do noso país?

-Cre o goberno galego que os empregados públicos deben traballar ás 12 da noite para rexistrar as solicitudes de axudas e subvencións que convocan? Por que utilizan criterios que fomentan a vulneración dos dereitos laborais dos empregados públicos?

- Vai o goberno galego a eliminar este tipo de prácticas nas convocatorias de axudas e subvencións que aprobe?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 23/05/2024 17:45:33

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/05/2024 17:47:44



En relación coa pregunta con resposta escrita **número 821**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a formalización do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense referido ao programa Xantar na Casa, así como respecto da integración neste programa dos anteriores beneficiarios do servizo municipal coñecido como Comedor sobre Rodas"**, (publicada no BOPG número 11, do 15 de abril de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Concello de Ourense leva desde o pasado mes de xaneiro sen responder á proposta de adhesión ao programa Xantar na Casa. Mentres o Concello ourensán non dea luz verde á devandita proposta remitida pola Xunta non se poderá avanzar na implantación do servizo.

Xantar na Casa é un programa autonómico e de características distintas ao Comedor sobre Rodas municipal e nin se trata nin se pode substituír de maneira automática un servizo polo outro, tal e como pretende o concello pese non ter aprobado o convenio de incorporación. Neste sentido, desde o Consorcio se lle transmitiu ao Concello que aínda que este ratifique a súa adhesión ao Xantar na Casa nas vindeiras semanas, que é un requisito previo imprescindible, a incorporación dos usuarios faise sempre de maneira progresiva.

A día de hoxe segue sen ter constancia da aprobación do convenio de adhesión ao Xantar na Casa por parte do concello, polo que se os usuarios do servizo municipal deixan de recibilo en ningún caso é por culpa do Executivo autonómico.

Neste momento hai 200 municipios adheridos ao programa Xantar na Casa da Xunta de Galicia, dos cales 57 son da provincia de Ourense. Conta na actualidade con máis de 2.000 persoas usuarias que reciben nos seus fogares a comida para os sete días da semana. A Administración autonómico financia o 50% do custe do menú e o resto o achegan os concellos e os usuarios a partes iguais."



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/05/2024 12:58:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 12:58:59
Nº Rexistro: 4417
Data envío: 21/05/2024 12:58:59.377

CSV: B6P5T8D3J6JWQCPN1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número 1588**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación que está xerando no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes I de Vigo a acollida de usuarios con patoloxías psiquiátricas ou drogodependentes, así como respecto das previsións que ten a Xunta de Galicia para a resolución do problema"**, (publicada no BOPG número 14, do 19 de abril de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A conselleira de Política Social e Igualdade respondeu, na sesión plenaria do día 15/05/2024, a unha pregunta oral con número de rexistro 1587 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Pódese acceder á súa resposta na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWEyZjl2NjQtZTJmMi00OGMwLWlyOTgtNzA2Yjk4MmY0OOWMw&start=12500."](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWEyZjl2NjQtZTJmMi00OGMwLWlyOTgtNzA2Yjk4MmY0OOWMw&start=12500.)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/05/2024 12:58:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2024 12:58:52
Nº Rexistro: 4416
Data envío: 21/05/2024 12:58:52.690

CSV: B6PISJTB93YQ2B1W0A0A0K-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-y49WOGbkt-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

